

## Orde do Día

- 1.- Proposta de publicación das actas da comisión.
- 2.- Informes de seguimento das titulacións do Centro, correspondentes ao curso 2015-2016.

## Relación de Asistentes

- |                                 |                                |                     |
|---------------------------------|--------------------------------|---------------------|
| •Casabiell Pintos Jesús Antonio | •Herrero Latorre Carlos        | •Rivera Gómez Jorge |
| •Díaz Rubio Olga                | •Jover Ramos, Aida             |                     |
| •Fernández Carrasco Eugenio     | •Martínez Ageitos, José Manuel |                     |
| •Gay González, María Concepción | •Pereira Gonçalves Gerardo     |                     |

Ás 13:00 horas do 26 de xaneiro de 2017 reúnense os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día arriba indicados.

O Decano e Presidente desculpa a asistencia do membro da comisión Andrés Vilaboa Díaz. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

### 1.- Proposta de publicación das actas da Comisión.

O Decano informa que seguindo as suxerencias da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC e de acordo co SIGIC Marco da Universidade deberían publicarse as actas da comisión de calidade. Despois dos comentarios dos presentes acórdase por asentimento publicar na páxina web da Facultade de Ciencias as actas desta comisión que se celebren a partir desta data, unha vez sexan aprobadas, incluíndo a da reunión de hoxe.

### 2.- Informes de seguimento das titulacións do Centro, correspondentes ao curso 2015-2016.

Neste punto da orde do día os presentes, despois de ser informados polo Decano respecto aos informes aprobados polas comisións de título e análises dos mesmos, discuten e realizan as modificacións que consideran oportunas, sobre todo no referente as accións de mellora que atañen dun xeito mais directo á Facultade.

Unha vez discutidos todos estes aspectos, a Comisión acorda aprobar por asentimento os informes anuais de seguimento das titulacións que se imparten no centro que se como anexos a este acta.

Non habendo mais intervencións nin mais asuntos que tratar o Decano da por rematada a reunión.

Vº e Prace

O DECANO

A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

Asdo.: Aida Jover Ramos.

## Orde do Día

- 1.- Aprobación se procede das actas das sesións anteriores.
- 2.- Aprobación se procede da Memoria de Calidade da Facultade correspondente ao curso 2015-2016.
- 3.- Aprobación se procede da modificación do manual simplificado do SGIC.
- 4.- Información sobre a elaboración do Plan Estratéxico e Programación Plurianual da Facultade.
- 5.- Rogos e preguntas.

## Relación de Asistentes

- |                                 |                                |
|---------------------------------|--------------------------------|
| •Casabiell Pintos Jesús Antonio | •Jover Ramos, Aida             |
| •Díaz Rubio Olga                | •Martínez Ageitos, José Manuel |
| •Gay González, María Concepción | •Pereira Gonçalves Gerardo     |

Ás 13:00 horas do 20 de marzo de 2017 reúnense os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

O Decano e Presidente desculpa a asistencia dos membro da comisión Andrés Vilaboa Díaz, Eugenio Fernández Carrasco, Jesús Fernández Cruces, Juan Mariñas Liste, Laura Regueiro Folgueira, Eva Carolina Vázquez Barreiro, José Manuel Blanco Méndez. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

### 1.- Aprobación se procede das actas das sesións anteriores.

O Decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu un arquivo pdf no que se recollen todas as actas que estaban pendentes de aprobación de datas 26/04/2016, 09/06/2016, 19/01/2017 y 26/01/2017 co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisalas detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningunha alegación nin intervención por parte dos asistentes son aprobadas por asentimento.

### 2.- Aprobación se procede da Memoria de Calidade da Facultade correspondente ao curso 2015-2016.

Neste punto da orde do día o Decano informa que á Memoria de Calidade da Facultade 2015-2016 foi remitida á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC para que fose revisada. Desde este Servizo emitíuse unha valoración moi positiva polo que se trae agora a esta Comisión para cumprir coa súa tramitación antes de sometela a aprobación da Xunta de Centro. Os membros da Comisión aproban a memoria por asentimento e acordan a súa publicación, xunto ás memorias de anos anteriores, na web da Facultade, no enlace correspondente a "Calidade na Facultade de Ciencias":

<http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/calidade.html>

Os asistentes tamén aproveitaron este punto da orde do día para facer unha revisión de tódalas accións de mellora, tanto de títulos como de centro, e activar as tarefas necesarias para completar aquelas accións que teñen previsto rematar no presente curso académico.

**3.- Aprobación se procede da modificación do Manual simplificado do SGIC.**

O Decano fai un resumo das modificacións realizadas no Manual Simplificado do SGIC que afectan aos apartados sinalados na última páxina do mesmo e mais concretamente aos seguintes aspectos:

- Eliminación das referencias ao Máster en Enxeñaría Industrial.
- Actualización e modificación de aspectos derivados da reforma dos Estatutos da USC.
- Corrección do nome Xestor/a de centro polo de Responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos do Centro.
- Eliminación do listado de indicadores para referenciarlo ao documento F01-PM-01 (táboa de indicadores e informes do SGIC Marco da USC).
- Modificacións feitas pola Área de Calidade na táboa de evidencias do sistema de calidade.

Estas modificacións foron informadas favorablemente pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC polo que se traen agora a esta Comisión para cumprir coa súa tramitación antes de sometela a aprobación da Xunta de Centro. Os membros da Comisión aproban a nova versión do SGIC por asentimento e acordan a súa publicación, xunto as versións anteriores, na web da Facultade no enlace correspondente a “Calidade na Facultade de Ciencias”:

<http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/calidade.html>

Unha vez aprobado pola Xunta de Facultade, a versión v02 do Manual simplificado do SGIC quedará publicado neste enlace mentres está pendente de aprobación polo consello de Goberno da USC e poda poñerse a data definitiva de aprobación por parte da USC.

**4.- Información sobre a elaboración do Plan Estratéxico e Programación Plurianual da Facultade.**

A Responsable de Calidade do Centro relatou os avances na elaboración do Plan Estratéxico e Programación Plurianual da Facultade, indicando que estase a piques de rematar a análise DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades). Nesta análise participou practicamente a totalidade dos membros correspondentes a tódolos grupos de interese da Facultade. Aínda así, faltaría completar a información aportada tanto polos alumnos coma polos egresados. A RCC indica que se intentará finalizar esta análise no vindeiro mes de abril.

**5.- Rogos e preguntas.**

Neste punto da orde do día non se produciron intervencións por parte de ningún membro da comisión.

Non habendo mais asuntos que tratar o Decano da por rematada a reunión.

Vº e Prace

O DECANO

A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

Asdo.: Aida Jover Ramos.

## Orde do Día

- 1.- Informe sobre as actuacións a desenvolver no presente curso 2017/2018.
- 2.- Informe sobre o proceso de elaboración do Plan Estratéxico do Centro.
- 3.- Informe sobre os acordos tomados pola Comisión Docente do Campus Terra e as posibles actuacións a levar a cabo no Centro.

## Relación de Asistentes

- |                                 |                                 |                            |
|---------------------------------|---------------------------------|----------------------------|
| •Casabiell Pintos Jesús Antonio | •Gay González, María Concepción | •Pereira Gonçalves Gerardo |
| •Díaz Rubio Olga                | •Herrero Latorre, Carlos        | •Perejón García, María     |
| •González Carrasco, Eugenio     | •Jover Ramos, Aida              | •Rivera Gómez, Jorge       |
|                                 | •Martínez Ageitos, José Manuel  |                            |

Ás 13:00 horas do 26 de setembro de 2017 reúnense os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

O Decano e Presidente desculpa a asistencia dos membros da comisión Andrés Vilaboa Díaz, Laura Regueiro Folgueira, Juan Mariñas Liste, Eva Carolina Vázquez Barreiro y José Manuel Blanco Méndez. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

### 1.- Informe sobre as actuacións a desenvolver no presente curso 2017/2018.

Neste punto da orde do día o Decano informa dos puntos que se enumeran a continuación:

- Calendario de actividades da Comisión de Calidade.
- Titulacións afectadas polo seguimento externo durante o presente curso académico.
- Modificacións previstas no Manual do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) derivadas do proceso de Certificación de Implantación do SGC e dos últimos cambios no centro, así como da adaptación do SGC ao novo Regulamento das Titulacións Oficiais de Grao e Mestrado na Universidade de Santiago de Compostela.

### 2.- Informe sobre o proceso de elaboración do Plan Estratéxico do Centro.

O Decano informa da reunión de Comisión de Redacción do Plan Estratéxico reunida o día 29 de setembro de 2017 e dos avances dos últimos meses en canto á recollida de datos que plasman a situación da Facultade de Ciencias e as liñas estratéxicas a seguir para os próximos anos.

### 3.- Informe sobre os acordos tomados pola Comisión Docente do Campus Terra e as posibles actuacións a levar a cabo no Centro.

O Decano fai un resumo dos temas tratados na Comisión Docente do Campus Terra reunida o 27 de xullo de 2017 que se enumeran a continuación: Plan Estratéxico do Campus Terra, Proxecto de Granxa Experimental, Programa Encontros do Campus Terra, viaxes para promocionar a universidade (en Indonesia

entre marzo y abril), Visitas aos centros de secundaria, campaña das probas ABAU, cursos de verán 2017, axudas a titulacións de máster 17/18, Xuvenciencia, en outubro xornadas sobre docencia universitaria en inglés e o British Council.

Tamén sinala o Decano que, na reunión da Comisión Docente do Campus Terra, o Vicerreitor tamén informou do estado de matrícula de tódalas titulacións do Campus e da situación do Plan de actuación Campus Terra na anualidade 2017.

Continúa o decano informando que, en canto as actuacións en materia de oferta docente, o vicerreitor de Coordinación do Campus de Lugo informou da negociación que está levando a cabo coa Xunta de Galicia e coas outras dúas universidades galegas sobre o futuro mapa de titulacións do SUG. Neste sentido o vicerreitor informou sobre as propostas que vai a facer a USC e que afectan ao Campus Terra. No caso da Facultade de Ciencias, e de acordo coas necesidades transmitidas polo centro ao equipo de goberno da USC en repetidas ocasións, vaise a propoñer a implantación dun grao en Bioquímica ademais do máster en Enxeñaría de procesado de alimentos que xa fora proposto na declaración de intencións de xaneiro de 2017.

Informa o decano que esta negociación relacionada co mapa de titulacións vai a condicionar as futuras actuacións económicas e de desenvolvemento que figuren no Plan de actuación do Campus Terra para o ano 2018.

Despois de diversas intervencións realizadas por tódolos asistentes e das oportunas aclaracións por parte do Decano en relación aos asuntos que acaba de informar, e non habendo mais asuntos que tratar o Decano da por rematada a reunión.

Vº e Prace

O DECANO

A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

Asdo.: Aida Jover Ramos.

## Orde do Día

- 1.- Aprobación se procede das actas das sesións anteriores
- 2.- Plan Piloto de Seguimento Institucional
- 3.- Plan de captación de estudantes
- 4.- Plan de Titorización, Orientación e formación
- 5.- Rogos e preguntas

## Relación de Asistentes

- |                                 |                                |                            |
|---------------------------------|--------------------------------|----------------------------|
| •Blanco Méndez José             | •Herrero Latorre, Carlos       | •Pereira Gonçalves Gerardo |
| •Casabiell Pintos Jesús Antonio | •Jover Ramos, Aida             | •Vázquez Vázquez Manuel    |
| •Díaz Rubio Olga                | •Martínez Ageitos, José Manuel |                            |
| •González Carrasco, Eugenio     | •Mariñas Liste Juan            |                            |

Ás 13:00 horas do 9 de xaneiro de 2018 reúnense os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

O Decano e Presidente desculpa a asistencia dos membros da comisión Andrés Vilaboa Díaz, Jorge Rivera Gómez y Eva Carolina Vázquez Barreiro. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

### 1.- Aprobación se procede das actas das sesións anteriores.

O Decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu un arquivo pdf no que se recollen todas as actas que estaban pendentes de aprobación de datas 20/03/2017 e 26/09/2017 co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisalas detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningunha alegación nin intervención por parte dos asistentes son aprobadas por asentimento.

### 2.- Plan Piloto de Seguimento Institucional

O Decano informa que ata o de agora na Facultade se viña facendo o seguimento das titulacións que se imparten no centro de xeito individual de acordo co Sistema de Garantía de Calidade e os calendarios establecidos pola ACSUG.

Derivado da Certificación de implantación do SGIC, o seguimento dos títulos correspondente ao curso 2017-18, farase obrigatoriamente da maneira que se denomina *Seguimento Institucional*. E dicir, será un Seguimento conxunto tanto da Facultade como de tódolos seus títulos e seguindo un formato mais parecido ao da Memoria Anual de Calidade que se facía ata agora pero incluíndo nela a análise dos resultados de tódalas titulacións así coma as accións de mellora correspondentes.

Por outra banda no seguimento do curso 2016-17 a titulación do MPRLeSM debe pasar unha avaliación externa.

Esta situación fixo que a área de Calidade e Mellora dos Procedementos nos trasladase unha proposta por parte da ACSUG: que formásemos parte do Proxecto Piloto de Seguimento Institucional para o curso 2016-17.

Despois das oportunas deliberacións tódolos asistentes acordaron por asentimento que a Facultade se someta ao Programa Piloto de Seguimento Institucional.

### 3.- Plan de captación de estudantes

Comeza o Decano lembrando que, durante o procedemento de Certificación de implantación do SGC do centro, a Comisión Externa de Avaliación indicounos a falta dalgunhas evidencias que xa se estaban realizando na Facultade pero que non se atopaban reflectidas como documentación. Entre esas evidencias figuraban: un Plan de Captación de alumnado e un Plan de Acción Titorial (tutorización, orientación, formación). A elaboración destas evidencias será contemplada como accións de mellora que se recollerán no Plan de Melloras do centro para o curso 2017-18.

Continúa o Decano informando que, debido a isto, en setembro de 2017, comezouse a traballar nun borrador do Plan de captación que resumía todas as accións que a Facultade xa realiza dende fai anos para a captación de estudantes en tódolos títulos de grao e mestrado que se ofertan na Facultade. O Plan de Captación de Estudantes 2017-2018, que se achegou como anexo a convocatoria da Comisión, ten como obxectivo a captación de alumnado mediante unha nova campaña de promoción e divulgación dos graos e mestrados que se imparten na Facultade de Ciencias acordes co perfil definido e a oferta de prazas de cada titulación.

Unha vez analizado o documento e despois de facer algunha corrección, os membros acordan por unanimidade a aprobación do Plan de Captación de Estudantes, que se achega como **Anexo 1** a presente acta.

### 4.- Plan de Tutorización, Orientación e Formación

Continuando coa argumentación feita no punto anterior e para proceder a execución da acción de mellora, o Decano presenta o Plan de Tutorización, Orientación e Formación 2017-2018 da Facultade de Ciencias, que tamén se remitiu como arquivo adxunto á convocatoria.

Neste plan establécense as actividades que se van a levar a cabo para acoller, orientar e tutelar ao alumnado dende a súa incorporación á Facultade e durante todo o período de estudos coa finalidade de favorecer a aprendizaxe o desenvolvemento do estudante e a orientación laboral.

O Plan divídese en tres partes:

- I. Programa de Alumnos Tutores
- II. Apoio Titorial Extraordinario
- III. Actividades de Orientación e Formación

Despois de describir con detalle cada un dos puntos nos que se agrupan as accións e facer algunhas correccións no documento, sométese a a aprobación dos asistentes o Plan de Titorización orientación e formación (**Anexo 2**) resultando aprobado por asentimento.

#### **5.- Rogos e preguntas**

Non habendo rogos e preguntas por parte de ningún dos asistentes e non habendo mais asuntos que tratar o Decano da por rematada a reunión.

Vº e Prace

O DECANO

A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

Asdo.: Aida Jover Ramos.

## Orde do Día

- 1.-Aprobación se procede da Memoria de Calidade da Facultade- Plan Piloto de Seguimento Institucional correspondente ao curso 2016-2017.
- 2.-Aprobación se procede do novo Manual do SGC da Facultade e do Manual de Procesos de centro.
- 3.-Informe de incidencias do curso académico 2016-17.

## Relación de Asistentes

- |                                  |                                 |                             |
|----------------------------------|---------------------------------|-----------------------------|
| • Casabiell Pintos Jesús Antonio | • Herrero Latorre, Carlos       | • Gómez Carballo, Laura     |
| • Díaz Rubio Olga                | • Jover Ramos, Aida             | • Pereira Gonçalves Gerardo |
| • Gay González Conceción         | • Martínez Ageitos, José Manuel | • Vázquez Vázquez Manuel    |
| • González Carrasco, Eugenio     | • Monzon Santana Aitor          |                             |

Ás 10:00 horas do 22 de marzo de 2018 reúnense os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

O Decano e Presidente desculpa a asistencia dos membros da comisión Vázquez Vázquez Manuel, Andrés Vilaboa Díaz, Mariñas Liste Juan e Eva Carolina Vázquez Barreiro. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

### **1.- Aprobación se procede da Memoria de Calidade da Facultade- Plan Piloto de Seguimento Institucional correspondente ao curso 2016-2017.**

O Decano indica que tal e como fora informado en Xunta de Facultade o pasado 26 de xaneiro, a Comisión de Calidade, de acordo coa proposta recibida ACSUG, decidiu formar parte do Plan Piloto de Seguimento Institucional, e elaborar a Memoria de Calidade do centro co novo formato que incorpora no mesmo documento, o seguimento dos títulos.

Unha vez realizadas as análises dos resultados dos títulos nas correspondentes comisións académicas e avaliadas as súas accións de mellora, a Comisión de Calidade elaborou a Memoria de Calidade que, despois das oportunas deliberacións, discusións e correccións sobre os aspectos reflectidos en cada unha das directrices FIDES-AUDIT e sobre as propostas que figuran no Plan de Melloras do centro, sometese agora a aprobación.

Tras unha revisión profunda da mesma os membros aproban por asentimento a Memoria de Calidade da Facultade que será remitida, de acordo co SGC, á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos para que emita o correspondente informe, antes de someterse a aprobación da Xunta de Facultade, e quedando publicada, xunto coas memorias de calidade dos anos anteriores na web da Facultade, no enlace correspondente a "Calidade":

<http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/calidade.html>

## **2.- Aprobación se procede do novo Manual do SGC da Facultade e do Manual de Procesos de centro.**

Neste punto da orde do día o Decano informa do procedemento levado a cabo na revisión do Manual do Sistema de Garantía de Calidade o Centro e indica que tal como foi aprobado pola Xunta de centro, o pasado curso académico a Facultade presentouse voluntariamente ao proceso de certificación de implantación do noso SGC xunto con outros tres centros da USC (EPS, Bioloxía e Psicoloxía). Os catro centros foron avaliados positivamente pero con algunhas correccións e aspectos que debían mellorarse e corrixirse. Case todos estes aspectos estaban relacionados co Manual Completo do SGC da USC ao cal tódolos centros estaban adaptados. Debido a isto tiveronse varias reunións coa Área de Calidade e Mellora dos Procedementos para revisar e adaptar o manual tanto polos requirimentos comúns de tódolos centros da USC como polos particulares da nosa Facultade. O resultado final é un Manual simplificado que recolle a estrutura de funcionamento e os aspectos mais destacables da Facultade respecto ao Sistema de Garantía de Calidade. Xunto con este documento tamén se adaptaron tódolos procedementos que se levan a cabo no centro e que se recollen no denominado Manual de Procesos do Centro. O SGC e o Manual de Procesos foron presentados polo Decano e revisados en profundidade polos membros da comisión. Unha vez feitas as correccións pertinentes aprobáronse por asentimento e deberán ser sometidos a aprobación da Xunta de Facultade, quedando publicados na web da Facultade, no enlace correspondente a “Calidade”, pendentes de aprobación polo consello de Goberno da USC:

<http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/calidade.html>

Unha vez aprobados pola xunta de centro, serán revisados pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do consello de Goberno, antes de que sexan remitidos á ACSUG para poder continuar co procedemento de certificación de implantación do SGC.

## **3.- Informe de incidencias do curso académico 2016-17.**

O Decano lembra que, derivado da Certificación de implantación do SGC do centro, a Comisión Externa de Avaliación indicou a falta dun Informe de incidencias do centro onde se recolleran todas as suxestións e/ou reclamacións relacionadas coa Facultade de Ciencias e que sería de carácter anual.

Adxunto a esta acta, como **Anexo 1**, preséntase o Informe de Incidencias da Facultade de Ciencias para o Curso 2016-17. O informe agrupa todas as suxestións e/ou reclamacións relacionadas coa Facultade de Ciencias que constan na memoria anual elaborada pola Oficina de Análise e Reclamacións (2016-17) así como as recibidas na propia Facultade, indicando a súa tipoloxía e o seu resultado.

Non habendo mais asuntos que tratar o Decano da por rematada a reunión.

Vº e Prace

O DECANO

A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

Asdo.: Aida Jover Ramos.

## Orde do Día

- 1.- Análise DAFO correspondente ao plan estratéxico do Centro.
- 2.- Substitución dun membro na Comisión Redactora para a elaboración do Plan Estratéxico da Facultade de Ciencias.

## Relación de Asistentes

- |                              |                                 |                             |
|------------------------------|---------------------------------|-----------------------------|
| • Blanco Méndez José         | • Herrero Latorre, Carlos       | • Pereira Gonçalves Gerardo |
| • Díaz Rubio Olga            | • Jover Ramos, Aida             | • Vázquez Vázquez Manuel    |
| • Gay González Conceción     | • Martínez Ageitos, José Manuel |                             |
| • González Carrasco, Eugenio | • Monzon Santana Aitor          |                             |

Ás 11:00 horas do 9 de maio de 2018 reúnenos os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

O Decano e Presidente desculpa a asistencia dos membros da comisión Andrés Vilaboa Díaz, Mariñas Liste Juan e Casabiell Pintos Jesús. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

### 1.- Análise DAFO correspondente ao plan estratéxico do Centro.

O Decano informa que para que a Comisión Redactora do Plan Estratéxico do Centro continúe coa súa labor é necesario facer á análise definitiva das Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades.

Despois de discutir a proposta, os asistentes acordan por unanimidade a análise dos aspectos antes mencionados (DAFO) e que se recollen no **Anexo 1** da acta desta reunión.

### 2.- Substitución dun membro na Comisión Redactora para a elaboración do Plan Estratéxico da Facultade de Ciencias.

Neste punto da orde do día o Decano informa que, debido a que o alumno e membro da Comisión de traballo para a redacción do Plan Estratéxico da Facultade de Ciencias Jesús Fernández Cruces está realizando o Prácticum do grado que está a cursar e non pode asistir as reunións, debe ser substituído por outro representante. Unha vez consultados os representantes de alumnos do centro, propónse que sexa substituído por Marina Perejón García.

A proposta resulta aprobada por asentimento de todos os membros da comisión presentes.

Non habendo mais asuntos que tratar o Decano da por rematada a reunión.

Vº e Prace

O DECANO

A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

Asdo.: Aida Jover Ramos.

## Orde do Día

1.- Aportacións ao “Memorandum M#5 : Participación e formulacións dos cuestionarios de calidade dos diferentes grupos de interese”.

## Relación de Asistentes

- |                              |                                 |                          |
|------------------------------|---------------------------------|--------------------------|
| • Blanco Mendez Jose         | • Gomez Carballo Laura          | • Monzon Santana Aitor   |
| • Casabiell Pintos Jesús A.  | • Herrero Latorre Carlos        | • Vazquez Vazquez Manuel |
| • Fernández Carrasco Eugenio | • Jover Ramos Aida              |                          |
| • Gay González Concepción    | • Martínez Ageitos, José Manuel |                          |

Ás 12:00 horas do 28 de novembro de 2018 reúnen os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

O Decano e Presidente desculpa a asistencia dos membros da comisión Andrés Vilaboa Díaz, Díaz Rubio Olga, Vázquez Barreiro Eva Carolina e Romero Rodríguez María Ángeles. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

## 1.- Aportacións ao “Memorandum M#5 : Participación e formulacións dos cuestionarios de calidade dos diferentes grupos de interese”.

Co obxectivo de formalizar achegas aos apartados 3 e 4 do “Memorandum M#5: *Participación e Formulacións dos Cuestionarios de Calidade dos Diferentes Grupos de Interese*”, remitiuse o documento a tódolos grupos de interese da Facultade de Ciencias e abriuse un prazo para recibir as suxestións ao mesmo. Unha vez recibidas tódalas suxestións, estas foron remitidas aos membros da Comisión de Calidade do centro para a súa análise e discusión na reunión celebrada o 28 de novembro de 2018.

Despois de debater sobre o documento, as achegas recibidas e outras propostas relacionadas co tema acordadas polas comisións de título en anteriores reunións, a Comisión de Calidade acordou realizar as seguintes consideracións relativas aos apartados 3 e 4 do documento (algunhas das cales xa figuraban no Memorandum M#5 e outras, ademais, xa estaban sendo levadas a cabo no centro):

### Punto 3. Accións Potenciais Para Fomentar a Participación.

#### *Alumnado*

- Por periodos fixados no calendario (en período de docencia para asegurar asistencia) os coordinadores de curso acompañarán ao alumnado á aula de informática para realizar as enquisas cada semestre. Nun futuro, no caso de dispor dunha aplicación para móbil/Web que facilite reencher as enquisas substituindo no proceso ás aulas de informática, facelo de igual xeito os coordinadores de curso na clase, preto do remate de cada semestre. Isto aseguraría a participación e tamén que fora cuberta polo alumnado que normalmente asiste as clases, o que sería máis representativo.
- Transparencia nos resultados da avaliación docente.

- Establecer un reforzo positivo para o alumnado que cubra as enquisas. Por exemplo:

Podería ser o sorteo dalgún artigo interesante para os mesmos (portátil, smartphone, tablet, ...) ou tamén obter créditos en función do número de enquisas de materias cubertas ao longo da titulación.

- Utilizar ferramentas que permitan nas enquisas detectar respostas falsas, como poden ser aquelas que se contradín en diferentes cuestións da enquisa, e tratar de eliminalas do resultado final co obxecto de non distorsionar a información obtida, é dicir, habería que buscar fórmulas para detectar respostas falsas e poder anulalas, co fin de que non alterasen o resultado final.

Tamén sería bo facer unha validación estatística das enquisas xa que moitas veces son sesgadas, e vese claramente que a opinión dun alumno contradí a dos seus compañeiros, negando feitos totalmente certos por exemplo nos ítems 1 e 2 (comprobables facilmente) aos que o resto responden de forma afirmativa.

Relacionado con todo isto, tamén debería terse en conta a posibilidade de normalizar os resultados das enquisas eliminando as puntuacións extremas.

Finalmente, tamén é importante sinalar que nas materias nas que participa máis dun profesor e non imparte a todo o alumnado da materia senón só a algún grupo, non é axeitado que o avalie todo o alumnado xa que algún non tivo ningún contacto co mesmo.

#### *Egresados*

- As rondas de enquisas aos egresados que se indican no Memorandum deberían facerse aos 2 e 5 anos desde o remate da titulación para que os datos foran significativos.

#### *Profesorado*

- Levar a cabo unha campaña informativa e formativa ao PDI de forma que coñezan en profundidade a necesidade de cubrir as avaliacións e incentivar e facer entender ao alumnado a importancia da súa implicación na mellora continua da universidade.
- Establecer como obrigatoria a realización das enquisas para o PDI.
- Nos cuestionarios que o profesorado recibe para a avaliación do alumnado, cando o número de alumnos é elevado, haberá alumnado que participa activamente e outro que non, polo que sería axeitado incluír porcentaxes para cada unha das respostas neste tipo de preguntas, para que a información obtida fora máis representativa.

#### Punto 4. Posibles Implicacións dos Resultados das Enquisas.

- Facer unha análise diferenciada das enquisas correspondentes ao alumnado que asiste asiduamente ás clases.
- Se o profesorado obtén menos de 2,0 sobre 5,0 nos resultados en tres anos consecutivos, non poderá impartir a materia na que obtivo estes resultados durante dous anos e debería ter obrigatoriedade de realizar cursos de formación de metodoloxía docente.

- Cabe indicar que trasladar este profesorado a outra materia tan só suporía trasladar tamén o problema a outro alumnado distinto na USC o cal non é correcto. Haberá que buscar outras solucións para tratar de reforzar a modificación deste comportamento como pode ser, por exemplo, emitir o informe desfavorable por parte do centro ou departamento ante a solicitude de quinquenios.
- Este apartado ademais, poñería fin a crenza entre o alumnado de que as enquisas non teñen consecuencias para o profesorado, que ás veces tamén parece ser un motivo que disuade ao estudantado para cubrilas.
- Nos actos de graduación facer un recoñecemento ao profesorado mellor valorado en cada titulación.

Non habendo mais asuntos que tratar o Decano da por rematada a reunión.

Vº e Prace

O DECANO

A SECRETARIA

Asdo.: José Manuel Martínez Ageitos

Asdo.: Aida Jover Ramos.

## Orde do Día

- 1.- Aprobación se procede das actas das sesións anteriores
- 2.- Declaración de intencións do Grao en Bioquímica
- 3.- Plan de Captación de Estudantes
- 4.- Plan de Acción Tutorial
- 5.- Rogos e preguntas

## Relación de Asistentes

- |                              |                                 |                                    |
|------------------------------|---------------------------------|------------------------------------|
| • Blanco Mendez, Jose        | • Jover Ramos, Aida             | • Pereira Gonçalves, Gerardo       |
| • Casabiell Pintos, Jesús A. | • Fraga López, Francisco        | • Romero Rodríguez, 'María Ángeles |
| • Gay González, Concepción   | • Martínez Ageitos, José Manuel | • Vazquez Vazquez Manuel           |
| • Gomez Carballo, Laura      | • Monzon Santana, Aitor         |                                    |

Ás 13:00 horas do 13 de febreiro de 2019 reúnense os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

O decano e Presidente desculpa a asistencia dos membros da comisión Andrés Vilaboa Díaz, Díaz Rubio Olga, Fernández Carrasco Eugenio, Vázquez Barreiro Eva Carolina, Herrero Latorre Carlos e Álvarez Álvarez Ana. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

### 1.- Aprobación se procede das actas das sesións anteriores

Sométense a aprobación da xunta as actas coas correccións sinaladas, resultando aprobadas por asentimento.

### 2.- Declaración de intencións do Grao en Bioquímica

O decano fai un breve resumen do documento de Declaración de Intencións (**Anexo 1**) que foi elaborado pola comisión de Traballo para a Elaboración da Memoria do Grao en Bioquímica e que se presentará na Comisión de Titulacións e Organización Docente a finais de febreiro. O decano aclarou as preguntas plantexadas por os membros da comisión e o documento foi aprobado por asentimento.

### 3.- Plan de Captación de Estudantes

Continúa o decano informando que adxunto á convocatoria estaba o Plan de Captación de Estudantes 2018-2019 (**Anexo 2**) no que se poden atopar todas as accións que se propoñen realizar para a captación de estudantes en tódolos títulos de grao e mestrado que se ofertan na Facultade. Neste Plan inclúense novas accións derivadas da análise de resultados e propostas de mellora reflectidas no informe do Plan de Captación do curso 2017-18 (**Anexo 3**) que se achegou xunto coa convocatoria da Comisión. O obxectivo final deste plan é a captación de alumnado mediante campañas de promoción e divulgación dos graos e mestrados que se

imparten na Facultade de Ciencias acordes co perfil definido e a oferta de prazas de cada titulación.

Unha vez analizados o documentos e despois de facer algunha corrección, os membros acordan por unanimidade a aprobación do Plan de Captación de Estudantes 2018-2019 e o Informe do o Plan de Captación de Estudantes 2017-2018.

#### **4.- Plan de Acción Titorial**

Neste punto o decano presenta para o seu debate e discusión os documentos que se achegaron xunto a convocatoria da comisión:

- Informe do Plan de Acción Titorial 2017-18 (**Anexo 4**).
- Plan de Acción Titorial 2018-19 (**Anexo 5**)

No Informe de resultados correspondente ao Plan de Acción Titorial 2017-18 inclúense tanto unha análise dos resultados e as propostas de mellora para o vindeiro curso

No Plan de Acción Titorial establécense as actividades que se propoñen levar a cabo para acoller, orientar e tutelar ao alumnado dende a súa incorporación á Facultade e durante todo o período de estudos coa finalidade de favorecer a aprendizaxe o desenvolvemento do estudante e a orientación laboral. Este Plan consta de tres programas fundamentais:

- I. Programa de Alumnos Tutores
- II. Apoio Titorial Extraordinario
- III. Actividades de Orientación e Formación

Despois de debatir sobre os contidos e as acción dos documentos presentados e facer algunhas correccións aos mesmos, sométense a a aprobación, resultando ámbolos dous aprobados por asentimento.

Non habendo mais asuntos que tratar o decano da por rematada a reunión.

Vº e Prace

O DECANO

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco Fraga López

Asdo.: Aida Jover Ramos.

## Orde do Día

- 1.- Informe de incidencias.
- 2.- Información sobre o estado de elaboración do Plan Estratéxico da Facultade.
- 3.- Aprobación se procede da Memoria de Calidade da Facultade correspondente ao curso 2017-2018.

## Relación de Asistentes

- |                               |                           |                                    |
|-------------------------------|---------------------------|------------------------------------|
| • Casabiell Pintos, Jesús A.  | • Herrero Latorre, Carlos | • Pereira Gonçalves, Gerardo       |
| • Díaz Rubio , Olga           | • Jover Ramos, Aida       | • Romero Rodríguez, 'María Ángeles |
| • Fernández Carrasco, Eugenio | • Fraga López, Francisco  | • Vazquez Vazquez Manuel           |
| • Gay González, Concepción    | • Monzon Santana, Aitor   |                                    |

Ás 12:00 horas do 12 de marzo de 2019 reúnense os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

O decano e Presidente desculpa a asistencia do membro da comisión Andrés Vilaboa Díaz. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

### 1.- Informe de incidencias.

O decano informa de que ao igual que no curso anterior elaborouse o Informe de Incidencias do curso 2017-18 que recolle un resumo das suxestións e/ou reclamacións relacionadas coa Facultade de Ciencias que constan na memoria anual elaborada pola Oficina de Análise e Reclamacións, así como as recibidas na propia Facultade, indicando a súa tipoloxía e o seu resultado. O informe foi aprobado por asentimento polos asistentes e acompáñase como **Anexo 1** á presente acta.

### 2.- Información sobre o estado de elaboración do Plan Estratéxico da Facultade.

A continuación o decano indica que no curso 2017-2018, dentro da acción de mellora AMF1718-1 relacionada coa realización do Plan Estratéxico do Centro, levouse a cabo a análise DAFO a cal foi aprobada na reunión da Comisión de Calidade do 9 de maio de 2018. Neste momento, atópase moi avanzada a análise CAME e a proposta das liñas estratéxicas a seguir. Para o vindeiro curso 2018-2019 propónse una nova acción de mellora para rematar o Plan Estratéxico do Centro descrita na Memoria de Calidade do Centro que se presenta no seguinte punto e cuxa finalización está prevista para decembro de 2019.

**3.- Aprobación se procede da Memoria de Calidade da Facultade correspondente ao curso 2017-2018**

O decano informa de que, tal e como se veu facendo nos últimos anos cos títulos impartidos no Centro, realizouse o seguimento para o curso 2017-18. Unha vez acadada a acreditación institucional da Facultade, este seguimento lévase a cabo de xeito conxunto para todos os títulos impartidos na mesma a través da Memoria de Calidade do Centro.

O decano informou do estado das accións de mellora do curso 2017-18 relacionadas co título que foron formuladas como accións de mellora de Centro e das que se dá conta minuciosamente do seu contido e estado na Memoria de Calidade do Centro para o curso 2017-18 no seu apartado 3, das que se fai un breve resumo a continuación:

- AMF1718-1 Elaboración e aprobación do plan estratéxico da Facultade de Ciencias. Esta acción non se finalizou no curso 2017-18 polo que se propón de novo para o vindeiro curso con data de finalización 30/12/2019.
- AMF1718-2 Fomentar a realización de novos convenios con universidades estranxeiras. Foi executada durante o curso 2017-18 coa sinatura de novos convenios.
- AMF1718-3 Recompilación de información sobre necesidades formativas (de egresados e empregadores) e preferencias (estudantes), mediante enquisas, reunións, etc. As enquisas leváronse a cabo no curso 2017-18 e os resultados foron analizados polas distintas comisións de título, polo que se considera finalizada esta acción.
- AMF1718-4 e 5 Elaboración do Plan de Captación e de Acción Titorial respectivamente. Foron elaborados e aprobados polo que esta acción considerase finalizada.
- AMF1718-6 e 7 Necesidade de substitución de equipamentos docentes, concretamente a renovación de proxectores de vídeo para a docencia nas aulas e instalación de novas infraestruturas, material e equipamento docente respectivamente. Tamén foi executada no curso 2017-18.
- AMF1718-8 Reflexión sobre as posibles modificacións do plan de estudos do GNHD. En Comisións de Título pasadas tratouse en profundidade este asunto e estíbese á espera de recibir os resultados das enquisas que foron realizadas no curso 2017-18. Tras a súa análise obsérvase que a formación do Grao se complementa con xornadas e cursos que xa son ofrecidos ó longo destes anos no Centro polo que non se estima oportuno levar a cabo unha modificación do plan de estudos. Deste xeito esta acción de mellora queda finalizada.

O decano expón que tendo en conta as propostas de mellora xurdidas na revisión e propostas polas comisións dos diferentes programas impartidos no centro, a Comisión de Calidade do Centro (CCC) elaborou o plan de melloras anual que recolle os obxectivos de calidade, as accións de mellora, responsables, prazos, recursos e, en xeral, toda a información necesaria para a correcta planificación que son as que son as seguintes:

- AMF1819-1: Elaboración e aprobación do plan estratéxico da Facultade de Ciencias.
- AMF1819-2: Fomentar a realización de novos convenios de intercambio con outras universidades estranxeiras para todas as titulacións do centro.
- AMF1819-3: Intensificar as accións desenvolvidas no Plan de Captación do centro para aumentar a matrícula naquelas titulacións que máis o necesitan.
- AMF1819-4: Instalación de novas infraestruturas, así como da adquisición de material e equipamento docente como consecuencia da súa ampliación, renovación ou substitución.
- AMF1819-5: Instalación dun cartel grande na fachada da Facultade e cambiar a rotulación do monolito exterior que inclúa o nome da Facultade de Ciencias e os nomes dos graos que se imparten no centro.
- AMF1819-6: Mellorar a información da páxina Web da Facultade de Ciencias e das súas titulacións.

Todas elas se ven reflectidas na Memoria de Calidade que se presenta para a súa aprobación. Despois de debater sobre os contidos dos documentos presentados e facer algunhas correccións aos mesmos, sométense a a aprobación, resultando aprobada a Memoria de Calidade do Centro para o curso 2017-18 por asentimento a cal se atopará dispoñible no enlace: <http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/calidade.html>, unha vez aprobada na Xunta de Facultade co informe previo favorable da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC.

Non habendo mais asuntos que tratar o decano da por rematada a reunión.

Vº e Prace

O DECANO

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco Fraga López

Asdo.: Aida Jover Ramos.

## Orde do Día

1.- Criterios para elaboración dos horarios da titulación de Máster en Enxeñaría do Procesado de Alimentos.

### Relación de Asistentes

- Casabiell Pintos, Jesús A.
- Jover Ramos, Aida
- Vazquez Vazquez Manuel
- Díaz Rubio , Olga
- Fraga López, Francisco
- Gay González, Concepción
- Monzon Santana, Aitor
- Herrero Latorre, Carlos
- Pereira Gonçalves, Gerardo

Ás 10:30 horas do 9 de abril de 2019 reúnen os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

O decano e Presidente desculpa a asistencia do membro da comisión Andrés Vilaboa Díaz, Eugenio Fernández Carrasco, María Ángeles Romero Rodríguez e Eva Carolina Vázquez Barreiro. A continuación comeza co punto da orde do día.

### 1.- Criterios para elaboración dos horarios da titulación de Máster en Enxeñaría do Procesado de Alimentos.

O decano indica que lle encargou ao profesor Carlos Herrero a elaboración dos horarios do Máster en Enxeñaría de Procesado de Alimentos (MEPA) e, como de momento aínda non foi nomeada a Comisión do Título, é preciso fixar algúns criterios para confeccionar a proposta de horarios para o vindeiro curso 2019-20, por ese motivo foi convocada esta Comisión.

O profesor Carlos Herrero indicou que tras aceptar o encargo do decano, estivo analizando o PDA do MEPA para tratar de organizar do mellor xeito os horarios, pero que precisa das achegas da Comisión para establecer uns criterios de partida.

A continuación indica que no 1º semestre hai 5 materias de 6 créditos e no segundo 13, das que 12 son de 3 créditos e 1 de 6. Coas do 1º semestre non hai problemas xa que caben perfectamente no semestre de luns a xoves e coas titorías cara o final do semestre. O 2º semestre é máis difícil de conxugar, xa que se podería organizar en 1 ou en 2 aulas, pero cree que a mellor opción é non superpoñer as optativas. Entón haberá que tratar de que se imparta só nun aula para evitalo. Para iso hai que ocupar de luns a venres a franxa entre as 9 e 14 horas, case todos os días. Tamén indica que sería mellor non xuntar máis de dúas horas de clase seguidas da mesma materia e tratar de combinar nese caso unha de expositiva con outra de seminario ou titoría. A materia de 6 créditos distribúese ao longo do semestre, e as de 3 ao longo de medio semestre, colocando primeiro unha e cando esta remata colócase a continuación outra, tratando de establecer franxas horarias na medida do posible. Respecto as dúas materias compartidas co Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias, comprometeuse a manter conversas con seu

coordinador para tratar de encaixar os horarios das dúas titulacións que deberán ser comúns.

Tras un pequeno debate sobre este asunto, os asistentes acordaron por unanimidade aprobar os criterios propostos polo profesor Carlos Herrero para a confección dos horarios do Máster en Enxeñaría de Procesado de Alimentos para o vindeiro curso 2019-20.

O decano indicou que con estes criterios se elaborarán nos vindeiros días os horarios e se poñerán á disposición do posible profesorado ou departamento correspondente para que fagan as súas achegas ou propoñan modificacións, para finalmente ser aprobados na Xunta de Facultade que se convoque para a súa aprobación.

Non habendo mais asuntos que tratar o decano da por rematada a reunión.

Vº e Prace

O DECANO

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco Fraga López

Asdo.: Aida Jover Ramos.

## Orde do Día

1.- Alegacións o informe provisional de verificación do título de Máster Universitario en Enxeñaría do Procesado de Alimentos.

### Relación de Asistentes

- |                              |                              |                              |
|------------------------------|------------------------------|------------------------------|
| • Blanco Méndez José         | • Fernández Carrasco Eugenio | • Touceda Rivas Enrique      |
| • Casabiell Pintos, Jesús A. | • Herrero Latorre, Carlos    | • Pereira Gonçalves, Gerardo |
| • Díaz Rubio , Olga          | • Jover Ramos, Aida          |                              |
| • Gay González, Concepción   | • Fraga López, Francisco     |                              |

Ás 11:30 horas do 23 de abril de 2019 reúnense os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

O Decano e Presidente desculpa a asistencia dos membros da Monzón Santana Aitor, Vázquez Vázquez Manuel e Vilaboa Díaz Andrés. A continuación comeza co punto da orde do día.

### **1.- Alegacións o informe provisional de verificación do título de Máster Universitario en Enxeñaría do Procesado de Alimentos.**

O Decano comeza facendo unha revisión do documento de Alegacións ó Informe Provisional de Verificación do MEPA, con todas as modificacións incorporadas tras a reunión da Comisión de Redacción do MEPA que tivo lugar con carácter previo. Despois dunha revisión detallada de todas as alegacións e das modificacións propostas, o decano somete a aprobación o documento de Alegacións o cal foi aprobado por asentimento.

Tamén comenta o decano que ese documento someterase á aprobación da Xunta de Facultade para, unha vez aprobado, enviarse ó Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica que o revisará e o remitirá á Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia. Por este motivo, tanto o Informe Provisional, como as Alegacións ao mesmo e a Memoria de Verificación final incorporaranse como anexo á acta da Xunta de Facultade que teña lugar para estes efectos.

Non habendo mais asuntos que tratar o Decano da por rematada a reunión.

Vº e Prace

O DECANO

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco José Fraga López

Asdo.: Aida Jover Ramos.

## Orde do Día

- 1.- Alegacións presentadas ao anteproxecto de memoria do Grao en Bioquímica e resposta da Comisión Redactora.
- 2.- Aprobación se procede do proxecto de Memoria do Grao en Bioquímica.
- 3.- Aprobación se procede da modificación da proposta inicial de adscrición de materias a áreas do Grao en Bioquímica.
- 4.- Aprobación se procede da supresión do requisito de acreditación do coñecemento dunha lingua estranxeira para a obtención do título de Graduado/a nas diferentes titulacións do Centro.

## Relación de Asistentes

- |                              |                           |                             |
|------------------------------|---------------------------|-----------------------------|
| • Blanco Méndez Jose         | • Gay González Concepción | • Fraga López Francisco     |
| • Díaz Rubio Olga            | • Herrero Latorre Carlos  | • Pereira Gonçalves Gerardo |
| • Fernández Carrasco Eugenio | • Jover Ramos Aida        |                             |

As 13:30 horas do 11 de xuño de 2019 reúnense os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

O decano e Presidente desculpa a asistencia do membro da comisión Casabiell Pintos Jesús A, Monzón Santana Aitor, Quintas Fernández José Carlos, Romero Rodríguez María Angeles, Touceda Rivas Enrique, Vázquez Vázquez Manuel e Andrés Vilaboa Díaz. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

### **1.- Alegacións presentadas ao anteproxecto de memoria do Grao en Bioquímica e resposta da Comisión Redactora.**

O decano presenta con detalle o documento que contén as alegacións presentadas ó Anteproxecto de Memoria de Verificación do Grao en Bioquímica e as respostas elaboradas pola Comisión de Redacción. Despois un intercambio de impresións entre os asistentes, leváronse a cabo algunhas modificacións sobre o documento inicial e corrección dalgún erro. Finalmente, os asistentes acordan por unanimidade aprobar as alegacións ao anteproxecto de memoria do Grao en Bioquímica as cales deberán ser sometidas á aprobación da Xunta de Centro na que se incorporarán como anexo á acta.

### **2.- Aprobación se procede do proxecto de Memoria do Grao en Bioquímica.**

A continuación o decano presenta o proxecto de Memoria do Grao en Bioquímica e revisa os diferentes capítulos que a compoñen, algún dos cales foron modificados como consecuencia das alegacións aprobadas. Finalmente, os asistentes acordan por unanimidade aprobar o proxecto de Memoria do Grao en Bioquímica que deberá ser sometido á aprobación da Xunta de Centro na que se incorporarán como anexo á acta.

**3.- Aprobación se procede da modificación da proposta inicial de adscrición de materias a áreas do Grao en Bioquímica.**

O decano indica que como consecuencia das alegacións presentadas e modificacións realizadas na Memoria do Grao, é preciso tamén modificar a proposta inicial de adscrición de materias a áreas do Grao en Bioquímica que foi aprobada en Xunta de Centro o pasado 15 de maio. Esta modificación consiste na eliminación da materia optativa Biorreactores da área de Enxeñaría Química e incorporación da materia optativa Tecnoloxía de Biomateriais da área de Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica.

Os asistentes aproban por unanimidade a modificación da proposta inicial de adscrición de materias a áreas do Grao en Bioquímica que deberá ser sometida á aprobación da Xunta de Centro na que se incorporarán como anexo á acta.

**4.- Aprobación se procede da supresión do requisito de acreditación do coñecemento dunha lingua estranxeira para a obtención do título de Graduado/a nas diferentes titulacións do Centro.**

O decano informa que a Vicerreitora de Titulacións enviou un correo á Facultade de Ciencias no que informaba que o Claustro Universitario, en reunión do 10 de maio de 2019, acordou suprimir o requisito da acreditación do coñecemento dunha lingua estranxeira para a obtención do título de graduado/a na USC.

Así mesmo, acordou instar ao Consello de Goberno a modificar o acordo que regulou o citado requisito, así como aos centros responsables de memorias de grao na que conste este requisito para que aproben a súa supresión.

En virtude desta recomendación, o Consello de Goberno, na súa reunión do 28 de maio de 2019, aprobou un Acordo que establece: “Os plans de estudo de grao que recollen expresamente como requisito a acreditación do nivel B1 de coñecemento dunha lingua estranxeira para a obtención do título de grao deberán ser modificados no prazo máximo de dous meses desde a aprobación deste acordo, sen prexuízo de que a Universidade poda expedir os títulos a partir da data de entrada en vigor do mesmo”.

En consecuencia aqueles centros responsables de titulacións de grao en cuxas memorias figure expresamente o requisito deberán aprobar a súa supresión nos órganos de goberno competentes e enviar copia deste acordo a esta vicerreitoría antes do 20 de xuño. Por outra banda, a supresión deste requisito deberá incluírse nos informes de seguimento dos títulos e incorporarse na primeira modificación ordinaria que se tramite.

Os graos que se imparten na Facultade vense afectados, polo que é preciso determinar acerca da supresión do requisito de acreditación do nivel B1 de coñecemento dunha lingua estranxeira nos mesmos.

A continuación producíronse distintas intervencións a favor e en contra da supresión deste requisito.

Finalmente, os asistentes acordaron por asentimento a supresión do requisito de acreditación do coñecemento dunha lingua estranxeira para a obtención do título de Graduado/a nas diferentes titulacións do Centro, o cal tamén afectará ao novo Grao en Bioquímica que se implantará no curso 2020-21.

Non habendo mais asuntos que tratar o decano da por rematada a reunión.

Vº e Prace

O DECANO

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco Fraga López

Asdo.: Aida Jover Ramos.

## Orde do Día

- 1.- Informes.
- 2.- Estado actual das propostas de mellora.
- 3.- Informe do plan de captación de estudantes do curso 2018/2019.
- 4.- Plan de captación de estudantes para o curso 2019/2020.
- 5.- Informe do plan de acción tutorial do curso 2018/2019.
- 6.- Plan de acción tutorial para o curso 2019/2020.

## Relación de Asistentes

- |                              |                             |                                  |
|------------------------------|-----------------------------|----------------------------------|
| • Díaz Rubio Olga            | • Herrero Latorre Carlos    | • Romero Rodríguez María Ángeles |
| • Fernández Carrasco Eugenio | • Jover Ramos Aida          | • Touceda Rivas Enrique          |
| • Gay González Concepción    | • Fraga López Francisco     |                                  |
| • Gómez Carballo Laura       | • Pereira Gonçalves Gerardo |                                  |

Ás 10:00 horas do 6 de novembro de 2019 reúnense os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

O decano e Presidente desculpa a asistencia do membro da comisión de Aitor Monzón Santana, Blanco Méndez Joé, Casabiell Pintos Jesús Antonio, Quintas.Fernández Carlos, Vázquez Barreiro Eva Carolina, Vázquez Vázquez Manuel e Vilaboa Díaz Andrés. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

### 1.- Informes.

Neste punto o decano comenta que no novo Plan de Captación, na parte referente ó programa “Ciencia para novos investigadores” se lles dará preferencia ós centros que non viñeran á Facultade para asistir a estas xornadas. Na segunda fase se avisará os centros que queiran vir e que xa estiveran outros anos.

Tamén indica que hai unha nova coordinadora na Facultade para o programa A Ponte, a profesora Mercedes Novo Rodríguez. Os coordinadores deste programa reuniranse cos decanos dos centros do Campus de Lugo para expoñer as novas accións que teñen pensado desenvolver para facilitar que todos os alumnos pasen por todos os centros. Tamén comentaron que se espera captar máis alumnos e ter máis monitores especializados.

O decano cede a palabra á responsable de Calidade que informa que houbo unha reunión de coordinación de Calidade o 20-09-2019 na que se trataron os seguintes temas:

- Informe do estado de execución das accións de mellora propostas para o curso 2018-19.
- Estudio e proposta de accións de mellora para o curso 2019-20
- Información e Coordinación sobre os Plans de Captación e Titorización desenvolvidos no curso 2018-19.
- Novo modelo de Memoria de calidade e novos listaxes de indicadores e informes

## **2.- Estado actual das propostas de mellora.**

O decano cede a palabra á responsable de Calidade que fixo unha análise do estado de execución e evidencias das accións de mellora propostas na Memoria de Calidade 2017-2018 para realizar no curso 2018-2019. Todas as accións están finalizadas e as evidencias das mesmas recompiladas.

Os asistentes deron ideas para as futuras accións de mellora para o curso 2019-2020 que se incluírán na Memoria de Calidade do curso 2018-2019, entre elas está a instalación dun cartel na fachada traseira da Facultade que inclúa os nomes de todos os graos e másteres que se imparten no centro e reforzar tamén aquelas que melloren a información pública sobre todo en canto á información das titulacións do centro para captación de novo alumnado. Continuar a aumentar os convenios Erasmus e Sicue con novas universidades e se considera necesario incluír algunha acción dirixida á optimización de espazos e horarios de cara a probable implantación do novo grao en Bioquímica para o curso 2020-21. Pedíuse ós asistentes que nas próximas reunións da Comisión de Calidades presenten novas ideas para esas accións.

## **3.- Informe do plan de captación de estudantes do curso 2018/2019.**

A continuación o decano presenta con detalle o Informe do plan de captación de estudantes do curso 2018/2019. O profesor Carlos Herrero comenta que sería bo incluír tamén no informe, así como para o Plan de Captación para próximo curso, das accións realizadas debido á colaboración no Bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía STEMBACH impartido no Instituto de Ensino Secundario Lucus Augusti.

O decano somete o Informe do plan de captación de estudantes do curso 2018/2019 a aprobación da Comisión de Calidade no que se incorporan as modificacións suxeridas sendo aprobado por asentimento. O informe final achégase á acta como **Anexo 1**.

## **4.- Plan de captación de estudantes para o curso 2019/2020.**

O decano presenta o Plan de captación de estudantes para o curso 2019/2020 á comisión. Despois de diversos comentarios por parte dos asistentes somete a aprobación o Plan de captación de estudantes para o curso 2019/2020 tendo en conta as modificacións suxeridas polo profesor Carlos Herrero no punto anterior sendo aprobado por asentimento. O Plan de captación final achégase á acta como **Anexo 2**.

## **5.- Informe do plan de acción tutorial do curso 2018/2019.**

O decano presenta tamén o Informe do plan de acción tutorial do curso 2018/2019 e a profesora Ángeles Romero suxire que se podería incluír a participación dos alumnos do último curso no Congreso Escolar Aliméntate ben 2018 celebrado no Palacio de Congresos de Santiago, entre o 3 e o 5 de maio de 2018.

Sométese a aprobación o Informe do plan de acción tutorial do curso 2018/2019, coas incorporacións das suxerencias da profesora Ángeles Romero sendo aprobado por asentimento. O informe final achégase á acta como **Anexo 3**.

**6.- Plan de acción tutorial para o curso 2019/2020.**

Por último o decano expón o Plan de acción tutorial para o curso 2019/2020 e non habendo correccións nen mais suxerencias sométeo a aprobación dos asistentes sendo aprobado por asentimento. O Plan de acción tutorial achégase á acta como **Anexo 4**.

Non habendo mais asuntos que tratar o decano da por rematada a reunión.

Vº e Prace

O DECANO

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco Fraga López

Asdo.: Aida Jover Ramos.

## Orde do Día

1. Modificación da memoria e respostas ao informe previo de envío a verificación da Secretaría Xeral de Universidades para o Grao en Bioquímica.
2. Modificación da adscrición inicial de materias a áreas de coñecemento do Grao en Bioquímica.

## Relación de Asistentes

- |                              |                         |                             |
|------------------------------|-------------------------|-----------------------------|
| • Fernández Carrasco Eugenio | • Fraga López Francisco | • Pereira Gonçalves Gerardo |
| • Gay González Concepción    | • Jover Ramos Aida      | • Vázquez Vázquez Manuel    |
| • Herrero Latorre Carlos     | • Touceda Rivas Enrique |                             |

Ás 12:00 horas do 5 de decembro de 2019 reúnense os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

O decano e Presidente informa de que asisten como invitados a vicedecana Asteria Luzardo Álvarez e o coordinador de calidade José Manuel Martínez Ageitos e desculpa a asistencia dos membros da comisión, Casabiell Pintos Jesús Antonio, Díaz Rubio Olga, Romero Rodríguez María Ángeles e Vilaboa Díaz Andrés. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

### **1. Modificación da memoria e respostas ao informe previo de envío a verificación da Secretaría Xeral de Universidades para o Grao en Bioquímica.**

Neste punto da orde do día o decano describe os cambios indicados polo avaliador no informe favorable condicionado de envío a verificación do Grao en Bioquímica para o curso 2020-2021 e que foron efectuados na Memoria do Grao en Bioquímica. Fíxéronse cambios en materias, incorporación de novas materias e petición de novo profesorado entre outros. Comenta que este é o proceso necesario despois de recibir o informe da Secretaría Xeral de Universidades, e que é tamén o proceso previo para que a Xunta de Galicia permita incorporar os datos ó programa Verifica. Se todo vai ben o día 16 irá a Comisión de Titulacións do Claustro e, si se aproba, o día 20 irá ao Consello de Goberno da Universidade. Posteriormente enviarase á Xunta de Galicia e se espera que na semana do 26-28 aproben este informe previo e permitan a incorporación ó programa Verifica. Despois, na semana do 3-4 de xaneiro se incorporarán os datos e comezará o proceso de envío ós avaliadores externos e ter de volta as alegacións para os meses de marzo-abril, e poder elaborar as respostas. No mes de xuño-xullo intentarase ter todo listo para empezar no mes de setembro o Grao en Bioquímica. A continuación, trata en profundidade cada un dos cambios efectuados na memoria e tras ten en conta varios comentarios dos asistentes, o decano somete a aprobación dos asistentes a Modificación da memoria do Grao en Bioquímica sendo aprobada por asentimento.

Seguidamente o decano pasa a ler as alegacións e respostas ao informe previo a verificación remitido pola secretaria xeral de universidades e sométense a aprobación dos asistentes, sendo aprobadas tamén por asentimento.

A versión final da memoria como como do informe previo de envío a verificación da Secretaría Xeral de Universidades para o Grao en Bioquímica serán achegados como anexos á acta da próxima Xunta de Facultade.

**2. Modificación da adscrición inicial de materias a áreas de coñecemento do Grao en Bioquímica.**

O decano indica que a materia de Economía da Empresa e Bioética se adscribe ás áreas de coñecemento Organización de Empresas e Toxicoloxía. O resto das materias manteñen a adscrición ás áreas previamente sinaladas, e a materia de Prácticas Externas será adscrita a todas as áreas de coñecemento implicadas na docencia do Grao en Bioquímica (**Anexo 1**).

O decano somete a aprobación a modificación da adscrición inicial de materias a áreas de coñecemento do Grao en Bioquímica sendo aprobado por asentimento.

Non habendo mais asuntos que tratar o decano da por rematada a reunión.

Vº e Prace

O DECANO

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco Fraga López

Asdo.: Aida Jover Ramos.

## Orde do Día

- 1.- Aprobación se procede das actas das sesións anteriores.
- 2.- Ratificación da memoria do programa de grao aberto 5USC Enxeñaría.
- 3.- Aprobación se procede da Memoria de Calidade da Facultade correspondente ao curso 2018-2019.
- 4.- Aprobación se procede das modificacións do Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade.
- 5.- Aprobación se procede do Informe de incidencias da Facultade correspondente ao curso 2018-2019.
- 6.- Información sobre o estado das Accións de Mellora do curso 2019-2020.
- 7.- Rogos e preguntas.

## Relación de Asistentes

- |                                  |                                |                                  |
|----------------------------------|--------------------------------|----------------------------------|
| • Casabiell Pintos Jesús Antonio | • Fraga López Francisco        | • Romero Rodríguez María Ángeles |
| • Fernández Carrasco Eugenio     | • Luzardo Álvarez Asteria      | • Touceda Rivas Enrique Germán   |
| • Gay González Concepción        | • Martínez Ageitos José Manuel | • Vázquez Vázquez Manuel         |
| • Herrero Latorre Carlos         | • Nogueiras Liste Dafne        |                                  |
| • Jover Ramos Aida               | • Pereira Gonçalves Gerardo    |                                  |

Ás 9:30 horas do 4 de maio de 2020 reúnense por medios electrónicos os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

O decano e presidente da comisión desculpa a asistencia do membro da comisión Andrés Vilaboa Díaz. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

### 1.- Aprobación se procede das actas das sesións anteriores.

Sométense a aprobación da xunta as actas da comisión de calidade con datas, 13/12/2019, 12/03/2019, 09/04/2019, 23/04/2019, 11/06/2019, 06/11/2019 e 05/11/2019 resultando aprobadas por asentimento.

### 2.- Ratificación da memoria do programa de grao aberto 5USC Enxeñaría.

Neste punto da orde do día o decano informa que a memoria grao aberto 5USC Enxeñaría foi achegada xunto á convocatoria da comisión (**Anexo 1**). Comenta que o grao aberto xa foi aprobado na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (EPSE), e que abrangue 5 títulos de enxeñaría, e dicir todos os presentes no campus excepto o grao de Paisaxe. A declaración de intencións, todos os presentes no campus excepto o grao de Paisaxe. A declaración de intencións xa foi aprobada en Xunta de Facultade, este grao aberto permitirá a matrícula de 10 alumnos, cada un deles terá asignado un titor personalizado que o debe orientar na elección de materias para, ó remate do mesmo, poder vincularse a un dos cinco graos ofertados oficialmente.

Comenta que se modificou a orde de aprobación deste grado aberto nos diferentes órganos de goberno da USC, sendo aprobado en primeiro lugar polo Consello de Goberno condicionado a súa posterior ratificación pola EPSE e pola Facultade de Ciencias. A EPSE xa o ratificou e hoxe presentárase para a súa ratificación nesta Xunta de Facultade.

Se intentará que aquelas materias que non poidan ser convalidadas no grao final escollido, aparezcan nun *“Diploma de Intensificación nas Enxeñarías”*.

O decano agradece o traballo do profesor Gerardo Pereira Gonçalves, coordinador do grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais, que xunto co director da EPS foron os que levaron todo o traballo do grao aberto 5USC Enxeñarías.

Os asistentes aproban por asentimento a ratificación da memoria do programa de grao aberto 5USC Enxeñarías.

### **3.- Aprobación se procede da Memoria de Calidade da Facultade correspondente ao curso 2018-2019.**

O decano informa de que, tal e como se veu facendo nos últimos anos cos títulos impartidos no Centro, realizouse o proceso de seguimento para o curso 2018-19. Unha vez acadada a acreditación institucional da Facultade, este seguimento lévase a cabo de xeito conxunto para todos os títulos impartidos na mesma a través da Memoria de Calidade do Centro. Para o seguimento levouse a cabo unha reunión de coordinación da cal se achega o informe no **Anexo 2**.

O decano informou do estado das accións de mellora do curso 2018-19 relacionadas co título que foron formuladas como accións de mellora de Centro e das que se dá conta minuciosamente do seu contido e estado na Memoria de Calidade do Centro para o curso 2018-19 no seu apartado 3. A continuación faise un breve resumo destas accións:

- AMF1819-1: Elaboración e aprobación do plan estratéxico da Facultade de Ciencias.
- AMF1819-2: Fomentar a realización de novos convenios de intercambio con outras universidades estranxeiras para todas as titulacións do centro.
- AMF1819-3: Intensificar as accións desenvolvidas no Plan de Captación do centro para aumentar a matrícula naquelas titulacións que máis o necesitan.
- AMF1819-4: Instalación de novas infraestruturas, así como da adquisición de material e equipamento docente como consecuencia da súa ampliación, renovación ou substitución.
- AMF1819-5: Instalación dun cartel grande na fachada da Facultade e cambiar a rotulación do monolito exterior que inclúa o nome da Facultade de Ciencias e os nomes dos graos que se imparten no centro.
- AMF1819-6: Mellorar a información da páxina Web da Facultade de Ciencias e das súas titulacións.

O decano expón que tendo en conta as propostas de mellora xurdidas na revisión e propostas polas comisións dos diferentes programas impartidos no centro, a Comisión de Calidade do Centro (CCC) elaborou o plan de melloras anual que recolle os obxectivos de calidade, as accións de mellora, responsables, prazos, recursos e, en xeral, toda a información necesaria para a correcta planificación. . O plan de melloras anual tratarase no punto número 6 da orde do día. Todas elas se ven reflectidas na Memoria de Calidade que se presenta para a súa aprobación.

Despois de debater sobre os contidos dos documentos presentados e facer algunhas correccións aos mesmos, sométense a aprobación dos asistentes, resultando aprobada por asentimento a Memoria de Calidade do Centro para o curso 2018-19 por asentimento. Esta memoria estará dispoñible no seguinte enlace:

<http://www.usc.es/gl/centros/ciencias/calidade.html>

xunto co informe previo favorable da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da USC.

#### **4.- Aprobación se procede das modificacións do Manual do Sistema de Garantía de Calidade (MSGC) da Facultade.**

O decano cede a palabra ó coordinador de calidade que resume brevemente as modificacións realizadas no MSGC da Facultade de Ciencias (**Anexo 3**):

- A inclusión da figura de coordinador de calidade dentro do sistema da facultade e da comisión de calidade.
- A inclusión da nova comisión de título para do Máster en Enxeñaría de Procesado de Alimentos.
- A desaparición da comisión de título de MPRLeSM.
- A inclusión no organigrama da Facultade da Comisión de Igualdade de Xénero.

Os mencionados cambios afectan aos apartados da memoria que de seguido se detallan e que figuran no historial de revisións do manual:

- 1.1 Presentación
- 1.2 Organigrama
- 1.3 Órganos de Goberno. Comisións. Departamentos implicados na docencia
- 3.2 Comisión de Calidade do Centro (CCC)
- 3.4 Comisións de Título

A modificación do MSGC apróbase por asentimento.

#### **5.- Aprobación se procede do Informe de incidencias da Facultade correspondente ao curso 2018-2019.**

O decano informa de que ao igual que no curso anterior elaborouse o Informe de Incidencias do curso 2018-19 que recolle un resumo das suxestións e/ou reclamacións relacionadas coa Facultade de Ciencias. Neste informe aparecen as que constan na memoria anual elaborada pola Oficina de Análise e Reclamacións, así como as recibidas na propia Facultade, indicando a súa tipoloxía e o seu resultado. O informe foi aprobado por asentimento polos asistentes e acompáñase como **Anexo 4** á presente acta.

#### **6.- Información sobre o estado das Accións de Mellora do curso 2019-2020.**

O decano cede a palabra á responsable de calidade da Facultade que fai un breve resumen de todas as accións propostas para o curso académico 2019-2020 dentro da memoria de calidade da Facultade:

- AMF1920-1: Elaboración e aprobación do plan estratéxico da Facultade de Ciencias. Acción procedente da axenda anterior con código AMF1819-1.
- AMF1920-2: Modificación das normativas de Traballo Fin de Grao e de Traballo Fin de Máster para todas as titulacións que se imparten no centro

## SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 4 DE MAIO DE 2020

- AMF1920-3: Revisión das rúbricas de avaliación do Traballo Fin de Grao e do Traballo Fin de Máster para todas as titulacións que se imparten no centro.
- AMF1920-4: Fomentar a realización de novos convenios de intercambio con outras universidades estranxeiras e nacionais para todas as titulacións do centro. Charlas informativas ó estudantado da Facultade sobre mobilidade nacional e internacional.
- AMF1920-5: Intensificar as accións desenvolvidas no Plan de Captación do centro para aumentar a matrícula naquelas titulacións que máis o necesitan.
- AMF1920-6: Instalación de novas infraestruturas e adquisición de material e equipamento docente.
- AMF1920-7: Modificación da valla publicitaria situada no ingreso da Facultade e instalación dun cartel grande na fachada da Facultade que inclúa ademais do nome da Facultade de Ciencias tamén os nomes dos graos e mestrados que se imparten na mesma.

Practicamente todas as accións están xa finalizadas, agás a referente ó plan estratéxico, xa que na comisión de calidade do 6/11/2019 decidiuse adiar a súa finalización ata que a USC publique o seu novo plan estratéxico.

O decano aproveita para expoñer que estivo reunido co novo xefe de infraestruturas para a licitación da obra das catro aulas necesarias para Bioquímica. O decano expón que as obras poden comezar en xuño. Toda a obra civil e parte do equipamento das aulas corre a cargo do servizo de infraestruturas da USC. A outra parte como os proxectores, pantallas e ordenadores irán a cargo da facultade. Está previsto finalizar estas obras cerca de Nadal, e por isto é moi probable que o grao en Bioquímica se imparta no horario de tarde no primeiro ano.

**7.- Rogos e preguntas.**

Dentro deste punto o decano di que Mercedes Novo lle comentou que Celso quere facer outra rolda de videoconferencias preto ás probas ABAU. De momento é o único mecanismo para poder contactar cos alumnos.

Non habendo máis intervencións nin mais asuntos que tratar o decano da por rematada a reunión.

Vº e Prace

O DECANO

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco Fraga López

Asdo.: Aida Jover Ramos.

## Orde do Día

1.- Proposta de Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Ciencias.

## Relación de Asistentes

- |                              |                                |                                  |
|------------------------------|--------------------------------|----------------------------------|
| • Casabiell Pintos Jesús     | • Jover Ramos Aida             | • Romero Rodríguez María Ángeles |
| • Fernández Carrasco Eugenio | • Fraga López Francisco        | • Touceda Rivas Enrique          |
| • Gay González Concepción    | • Martínez Ageitos José Manuel | • Vázquez Vázquez Manuel         |
| • Gómez Carballo Laura       | • Nogueiras Liste Dafne        |                                  |
| • Herrero Latorre Carlos     | • Pereira Gonçalves Gerardo    |                                  |

Ás 9:00 horas do 25 de novembro de 2020 reúnense por medios electrónicos os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

O decano e presidente desculpa a asistencia do membro da comisión Olga Díaz Rubio. De seguido o decano pasa a tratar os puntos da Orde do Día.

### 1.- Proposta de Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Ciencias.

O decano comenta que Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Ciencias (**Anexo 1**) achegouse na convocatoria da comisión. Tamén indica que a revisión e adaptación ós novos cambios da USC do regulamento anterior da Facultade foi un dos compromisos que asumiu o equipo decanal co reitor. Tamén indica que a parte das comisións se trata dunha forma xeral para evitar que as posibles novas comisións se poidan incluír sen facer cambios neste documento. Como novidade se pode encontrar nos seus contidos a parte de virtualización da Facultade. Tamén indica que as comisións de grado aparecen dentro do epígrafes Comisións para o seguimento do Sistema de Garantía de Calidade (SGC), o cal permitira non ten que modificar este regulamento ante a incorporación de novos títulos a Facultade. Tamén aparece a posibilidade de facer de forma virtual a xunta de Facultade e todas as comisións derivadas do regulamento. O Decano pregunta se algún dos membros da comisión quere facer algunha alegación ou modificación ó regulamento proposto. Non habendo intervencións, o decano somete a aprobación a Proposta de Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Ciencias, quedando aprobada por asentimento.

Non habendo mais asuntos que tratar o decano da por rematada a reunión.

Vº e Prace

O DECANO

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco Fraga López

Asdo.: Aida Jover Ramos.

## Orde do Día

- 1.-Aprobación se procede da acta da sesión anterior.
- 2.-Informes.
- 3.-Aprobación se procede do Plan Estratéxico Ponte e Plan de Mellora Anual.
- 4.-Información sobre o estado das Accións de Mellora do curso 2019-2020 e das novas accións a desenvolver no curso 2020-2021.
- 5.-Rogos e preguntas.

## Relación de Asistentes

- |                              |                                |                             |
|------------------------------|--------------------------------|-----------------------------|
| • Casabiell Pintos Jesús     | • Jover Ramos Aida             | • Nogueiras Liste Dafne     |
| • Fernández Carrasco Eugenio | • Fraga López Francisco        | • Pereira Gonçalves Gerardo |
| • Gay González Concepción    | • Luzardo Álvarez Asteria      | • Vázquez Vázquez Manuel    |
| • Herrero Latorre Carlos     | • Martínez Ageitos José Manuel |                             |

Ás 12:30 horas do 16 de decembro de 2020 reúnense por medios electrónicos os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

O decano e presidente desculpa a asistencia do membro da comisión Blanco Méndez José, Díaz Rubio Olga, Romero Rodríguez María Ángeles, Touceda Rivas Enrique e Vázquez Vázquez Manuel. De seguido o decano pasa a tratar os puntos da Orde do Día.

### 1.-Aprobación se procede da acta da sesión anterior.

Sométese a aprobación da xunta a actas da comisión de calidade con data 25/06/2020 resultando aprobada por asentimento.

### 2.-Informes.

O decano informa dos seguintes puntos:

- O plan estratéxico que foi enviado para aprobar no seguinte punto da orde do día terá unha vixencia de dous anos á espera de que a universidade publique o seu Plan Estratéxico.
- A Facultade non terá que someterse ó proceso de seguimento da acreditación institucional xa que é un dos poucos centros que ten a acreditación institucional e o sistema de calidade está moi avanzado. Por iso, o centro pasará directamente a renovación da acreditación institucional no ano 2024.

### 3.-Aprobación se procede do Plan Estratéxico Ponte e Plan de Mellora Anual.

O decano presenta o documento de Plan Estratéxico Ponte que é o documento onde quedan reflexados os obxectivos de calidade dos centros aliñados coa política de

calidade e os obxectivos xerais da USC. A resolución reitoral de 7 de outubro de 2020 respecto aos instrumentos de planificación estratéxica da USC, á vista do remate da vixencia do Plan Estratéxico 2011-2020 e a demora na aprobación dun novo plan, contempla elaboración e aprobación dos Plans Estratéxicos Ponte establecidos na citada resolución. En congruencia coa Planificación Plurianual da USC o Plan estratéxico terá, como máximo, a mesma duración que a Planificación Plurianual que neste caso é o ano 2022. O seguimento anual do Plan Estratéxico Ponte estará integrado nas memorias de calidade da Facultade.

O decano cede a palabra á Responsable de Calidade do Centro (RCC) para que presente o Plan Estratéxico Ponte e Plan de Mellora Anual. A RCC fixo un resumo das partes das que consta o plan estratéxico e enumerou as seis Accións de Mellora propostas en cada un dos Plans de Mellora Anuais dos anos 2020-2021 e 2021-2022.

Unha vez aprobado en comisión de calidade, o centro remitirá o documento á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, para que emita un informe. De ser favorable será a Xunta de Facultade a que aprobe o Plan Estratéxico e logo enviarase a través da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos á Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno para que informe sobre o plan. No caso de ser favorable este último informe, suporá a aprobación do Plan Estratéxico que a Facultade deberá facer público.

Tras un amplo debate entre os membros da comisión, o decano somete a aprobación o Plan Estratéxico Ponte e Plan de Mellora Anual da Facultade de Ciencias resultado aprobados por asentimento.

#### **4.-Información sobre o estado das Accións de Mellora do curso 2019-2020 e das novas accións a desenvolver no curso 2020-2021.**

Neste punto da orde do día o decano da a palabra á RCC da Facultade que comenta as accións de mellora propostas na Memoria de Calidade 2018-2019 para o curso 2019-2020:

- **AMF1920-1:** Elaboración e aprobación do plan estratéxico da Facultade de Ciencias. Acción procedente da axenda anterior con código AMF1819-1. O Plan Estratéxico aprobouse nesta comisión e falta a súa aprobación polas comisións e Xunta de Facultade citados no punto 3 da orde do día.
- **AMF1920-2:** Modificación das normativas de Traballo Fin de Grao e de Traballo Fin de Máster para todas as titulacións que se imparten no centro. Estado: executada.
- **AMF1920-3:** Revisión das rúbricas de avaliación do Traballo Fin de Grao e do Traballo Fin de Máster para todas as titulacións que se imparten no centro. Estado: executada.
- **AMF1920-4:** Fomentar a realización de novos convenios de intercambio con outras universidades estranxeiras e nacionais para todas as titulacións do centro. Charlas informativas ó estudantado da Facultade sobre mobilidade nacional e internacional. Estado: executada.
- **AMF1920-5:** Intensificar as accións desenvolvidas no Plan de Captación do centro para aumentar a matrícula naquelas titulacións que máis o necesitan. Para finalizar a súa execución queda aprobar o informe

- **AMF1920-6:** Instalación de novas infraestruturas e adquisición de material e equipamento docente. Finalízase o 31 de decembro.
- **AMF1920-7:** Modificación da valla publicitaria situada no ingreso da Facultade e instalación dun cartel grande na fachada da Facultade que inclúa ademais do nome da Facultade de Ciencias tamén os nomes dos graos e mestrados que se imparten na mesma. Estado: executada.

Tamén resume as novas accións incluídas no Plan de Mellora Anual para o curso 2020-2021 das que se fará o seguimento dentro da Memoria de Calidade dese curso:

- **AMF2021-1:** Potenciar o plan de acción tutorial.
- **AMF2021-2:** Solicitar a ampliación da oferta de cursos do PFID en Lugo para mellorar a docencia en liña.
- **AMF2021-3:** Xestión centralizada dos recursos empregados na docencia
- **AMF2021-4:** Solicitar recursos para a mellora das instalacións da Facultade na docencia en liña.
- **AMF2021-5:** Potenciar o plan de captación do alumnado
- **AMF2021-6:** Incrementar o número de convenios de mobilidade nacionais e internacionais

#### 5.-Rogos e preguntas.

Non habendo rogos e preguntas nin mais asuntos que tratar o decano da por rematada a reunión.

Vº e Prace

O DECANO

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco Fraga López

Asdo.: Aida Jover Ramos.

## Orde do Día

- 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior.
- 2.- Informes.
- 3.- Aprobación se procede da modificación do Manual do Sistema de Garantía de Calidade do Centro.
- 4.- Proposta de modificación e declaración de intencións do Grao en Bioquímica.
- 5.- Proposta de modificación e declaración de intencións do Máster en Enxeñaría de Procesado de Alimentos.
- 6.- Modificación da composición e dos membros da Comisión de Calidade do Centro.
- 7.- Rogos e preguntas

## Relación de Asistentes

- |                              |                                |                                  |
|------------------------------|--------------------------------|----------------------------------|
| • Casabiell Pintos Jesús     | • Herrero Latorre Carlos       | • Romero Rodríguez María Ángeles |
| • Díaz Rubio Olga            | • Jover Ramos Aida             | • Touceda Rivas Enrique          |
| • Fernández Carrasco Eugenio | • Fraga López Francisco        | • Vázquez Vázquez Manuel         |
| • Gay González Concepción    | • Martínez Ageitos José Manuel |                                  |
| • Blanco Méndez José         | • Pereira Gonçalves Gerardo    |                                  |

Ás 12:00 horas do 25 de xaneiro de 2021 reúnense por medios electrónicos os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

O decano e presidente desculpa a asistencia do membro da comisión Nogueiras Liste Dafne e Quintas Fernández Carlos, tamén comenta que a vicedecana Luzardo Álvarez Asteria asiste como invitada. De seguido o decano pasa a tratar os puntos da Orde do Día.

### 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior.

Sométense a aprobación da xunta a acta da última comisión de calidade con data 16/12/2020 resultando aprobada por asentimento.

### 2.- Informes.

O decano comenta brevemente os puntos da orde do día dos que informará de seguido.

### 3.- Aprobación se procede da modificación do Manual do Sistema de Garantía de Calidade do Centro.

O decano fai unha presentación de todas as modificacións levadas a cabo no Manual do Sistema de Garantía de Calidade do Centro (MSGC) durante o ano 2020, e que están englobadas nos seguintes apartados do MSGC (**Anexo 1**):

- Historial de revisións: incluíronse todas as modificacións entre o 30/09/2020 e a data desta comisión.
- 1.1 Presentación: o grao en Bioquímica está xa implantado.
- 1.2 Organigrama: incorporouse o Grao en Bioquímica.
- 1.3 Órganos de Goberno. Comisións. Departamentos implicados na docencia: introducíronse os departamentos implicados no Grao en Bioquímica que non formaban parte desta lista anteriormente.
- 3.2 Comisión de Calidade do Centro (CCC): aumentáronse os membros correspondentes ó grao en Bioquímica.

- 3.4 Comisións de Título: Comisión do Grao en Bioquímica.

O decano somete a aprobación dos asistentes o Manual do Sistema de Garantía de Calidade do Centro, achegado xunto coa convocatoria como **Anexo 1**, sendo aprobado por asentimento. O MSGC terá que ser aprobado na próxima Xunta de Facultade, e por último irá á Comisión de Calidade e Planificación do Consello de Goberno para a súa aprobación final.

#### **4.- Proposta de modificación e declaración de intencións do Grao en Bioquímica.**

O decano comenta que a proposta de modificación para o grao en Bioquímica (**Anexo 2**) é substituír a optativa G1061454 Cribado Farmacolóxico Experimental da Mención en Bioquímica Aplicada pola nova optativa proposta para esta mesma mención denominada Epidemioloxía e Saúde Pública co mesmo número de créditos (6 ECTS) e organización temporal dentro do plan de estudos.

Cabe indicar que no proceso de Adscrición Funcional das Materias das Titulacións de Grao e Máster ás Áreas de Coñecemento para o curso 2021/22 o Departamento de Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica rexeitou a adscrición da materia G1061454 Cribado Farmacolóxico Experimental e a Xunta de Facultade reunida o 16 de novembro de 2020 adquiriu o compromiso da súa substitución por outra máis axeitada ao perfil da mención. Axúntase xunto coa declaración de intencións o compromiso para a súa impartición do Departamento de Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e Medicina.

O decano somete a aprobación dos asistentes a Proposta de modificación e declaración de intencións do Grao en Bioquímica quedando aprobada por asentimento.

#### **5.- Proposta de modificación e declaración de intencións do Máster en Enxeñaría de Procesado de Alimentos.**

O decano comenta que xa hai varios cursos nos que non se completa o número de prazas de novo ingreso do Máster Universitario en Enxeñaría de Procesado de Alimentos (MEPA), o que levou a propoñer a modificación da súa memoria co obxecto de engadir como titulación de acceso o título de Grao en Nutrición Humana e Dietética (GNHD) que se imparte na Facultade. Esta modificación está considerada como un cambio substancial que obriga a pasar outra vez polo proceso de verificación do MEPA. A Comisión Académica do Título, na reunión celebrada o día 19/01/2021, acordou por unanimidade aprobar a presente declaración de intencións (**Anexo 3**) na que se se modifica o perfil de acceso da memoria to título. O coordinador do MEPA, Carlos Herrero Latorre, expón os motivos desta modificación:

- O Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias (MINSTA) permite o acceso aos egresados do Grao en Nutrición Humana e Dietética (GNHD) e do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais (GEPQI), entre outros, mentres que o MEPA, non permite o acceso aos egresados do GNHD. Atendendo ao perfil de egreso deste alumnado, non existen razóns académicas que o impidan, polo tanto propónse a modificación antes indicada co fin de facilitar o acceso ós dous máster do centro aos egresados de ámbolos dous títulos de grao.
- Detéctase unha clara demanda potencial por parte do alumnado do GNHD para poder cursar o MEPA como máster de especialización relacionado cos seus estudos.

- Considérase tamén que este grao ten unha axeitada formación académica que permite a súa incorporación aos estudos do MEPA sen formación adicional.

Despois dun intercambio de impresións sobre este asunto, os asistentes acordaron por unanimidade aprobar a proposta de modificación e declaración de intencións do MEPA (**Anexo 3**).

#### **6.- Modificación da composición e dos membros da Comisión de Calidade do Centro.**

A modo informativo o decano comenta as modificacións dos membros da Comisión de Calidade da Facultade de Ciencias que serán propostas na próxima Xunta de Facultade:

- Inclusión do coordinador do grao en Bioquímica, o profesor Ramiro Barcia Viéitez.
- Incorporación dun profesor do grao en Bioquímica, foi enviado un correo electrónico a todo o profesorado para que aqueles profesores deste grao que queiran postularse, o fagan.
- Incorporación dun alumno do grao en Bioquímica.
- Incorporación dun egresado do grao en Bioquímica.
- Incorporación dun membro externo do grao en Bioquímica.
- Modificación do representante do Colexio Oficial de Dietistas Nutricionistas de Galicia (CODINUGAL) por cambio de directiva.
- Coordinador de Calidade que aínda estaba sen incorporar. O coordinador elixido (Prof. José Manuel Martínez Ageitos) foi nomeado polo decano con efectos do 15/03/2019 e engadido o 02/07/2020 no Manual do Sistema de Garantía de Calidade(MSGC).

#### **7.- Rogos e preguntas**

O decano abre unha rolda de preguntas e intervencións:

- A profesora Ágeles Romero García pregunta si se sabe algo de un máster en biotecnoloxía de alimentos. O decano responde que non sabe nada.
- O profesor Jose Manuel Martínez Ageitos lembra que calquera proposta de master debe xustificar as diferenzas co resto de másters similares impartidos no SUG. Ademais debe ser sometido a información pública e as alegacións pertinentes. No período correspondente de alegacións a Facultade deberá pronunciarse no caso de que interfira cos títulos impartidos no noso centro.

Non habendo mais preguntas nin asuntos que tratar o decano da por rematada a reunión.

Vº e Prace

O DECANO

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco Fraga López

Asdo.: Aida Jover Ramos.

## Orde do Día

- 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior.
- 2.- Informes.
- 3.- Proposta de modificación da Memoria do Máster en Enxeñaría de Procesado de Alimentos.
- 4.- Rogos e preguntas

## Relación de Asistentes

- |                           |                         |                                |
|---------------------------|-------------------------|--------------------------------|
| • Barcia Vieitez Ramiro   | • Blanco Méndez José    | • Martínez Ageitos José Manuel |
| • Díaz Rubio Olga         | • Jover Ramos Aida      | • Ramos Martínez Juan Ignacio  |
| • Gay González Concepción | • Fraga López Francisco | • Vázquez Vázquez Manuel       |

Ás 12:00 horas do 17 de marzo de 2021 reúnense por medios electrónicos os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

O decano e presidente desculpa a asistencia dos membros da comisión Herrero Latorre Carlos, Casabiell Pintos Jesús Antonio, Fernández Carrasco Eugenio, Pereira Gonçalves Gerardo, Pérez Fandiño Marta, Quintas Fernández Carlos, Touceda Rivas Enrique e Vázquez Barreiro Eva Carolina. De seguido o decano pasa a tratar os puntos da Orde do Día.

### 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior.

Sométense a aprobación da xunta a acta da última comisión de calidade con data 25/01/2021 que foi remitida nun arquivo pdf xunto coa convocatoria desta comisión, resultando aprobada por asentimento.

### 2.- Informes.

O decano comenta os seguintes puntos:

- O profesor Gerardo Pereira Gonçalves solicitou a renuncia ao seu posto de coordinador do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais. Estase a traballar para cubrir novamente este posto.
- A incorporación dunha nova técnico de laboratorio á Facultade compartida no seu horario laboral coa Facultade de Veterinaria.
- Reunión coa Secretaría Xeral para a elaboración do calendario académico para o curso 2021-22 provisional que permitirá iniciar a elaboración dos horarios do vindeiro curso en tanto non se aproba o calendario definitivo.

### 3.- Proposta de modificación da Memoria do Máster en Enxeñaría de Procesado de Alimentos (MEPA).

O decano indica que, na Xunta de Facultade do 27/01/2021 foi aprobada a Proposta de modificación e declaración de intencións do Máster en Enxeñaría de Procesado de Alimentos para modificar o perfil de acceso do MEPA e permitir a incorporación do alumnado do Grao en Nutrición Humana e Dietética. Esta modificación está considerada como un cambio substancial que obriga a pasar outra vez polo proceso de verificación do título. Seguidamente, o decano resume os cambios realizados na Memoria do Máster en Enxeñaría de Procesado de Alimentos, que foi achegada nun enlace xunto coa convocatoria:

1. Elimináronse as alegacións ao informe provisional de avaliación da solicitude de modificación de plan de estudos (situadas ao final do apartado 2. Xustificación) por atoparse xa incorporadas na memoria actual do Título.
2. No apartado 2. Xustificación, incorporouse o subapartado 2.4. Xustificación das modificacións realizadas na Memoria do Título, así como o subapartado 2.5. Relación das modificacións realizadas na Memoria do Título.
3. No apartado 4.2 Requisitos de Acceso e Criterios de Admisión modificouse o subapartado Requisitos de acceso e Perfil de ingreso, onde indica que serán admitidos os titulados en graos, licenciaturas ou enxeñerías cuxa formación académica se corresponda coas seguintes titulacións, incorporando Nutrición Humana e Dietética. Ademais, tamén se incluíu información sobre a acreditación do nivel de coñecemento de lingua española ou galega requirido para acceder aos estudos.
4. No apartado 4.3 Apoio a Estudantes substituíuse ao final do mesmo entre os servizos con que conta a USC para os estudantes matriculados, o punto 6) UNIEMPRENDE pola área de Valorización, Transferencia e Emprendemento.

O decano somete a aprobación dos asistentes a proposta de modificación da Memoria do Máster en Enxeñaría de Procesado de Alimentos, sendo aprobada por asentimento. Esta memoria someteranse á aprobación da Xunta de Centro que vai ter lugar o 18 de Marzo de 2021, e anexarase á mesma unha vez aprobada. O proceso no que atinxe á Facultade continuará co seu envío á vicerreitoría previo ó inicio do prazo de exposición pública, e rematará co reenvío á vicerreitoría da memoria modificada no caso de producirse alegacións.

#### **4.- Rogos e preguntas**

Non habendo preguntas nin asuntos que tratar o decano da por rematada a reunión.

Vº e Prace

O DECANO

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco Fraga López

Asdo.: Aida Jover Ramos.

## Orde do Día

- 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior
- 2.- Informes
- 3.- Informe do Plan de Acción Titorial curso 2019-20 e aprobación, se procede, do Plan de Acción Titorial curso 2020-21
- 4.- Informe do Plan de Captación curso 2019-20 e aprobación, se procede, do Plan de Captación curso 2020-21
- 5.- Informe de Incidencias da Facultade de Ciencias curso 2019-20
- 6.- Aprobación se procede da Memoria de Calidade da Facultade de Ciencias do curso 2019-20
- 7.- Revisión do estado das Accións de Mellora correspondentes ao Plan de melloras 2020-21
- 8.- Rogos e preguntas

## Relación de Asistentes

- |                                  |                                |                                  |
|----------------------------------|--------------------------------|----------------------------------|
| • Barcia Vieitez Ramiro          | • Gay González Concepción      | • Ramos Martínez Juan Ignacio    |
| • Blanco Méndez Jose             | • Herrero Latorre Carlos       | • Romero Rodríguez María Ángeles |
| • Casabiell Pintos Jesús Antonio | • Jover Ramos Aida             | • Vázquez Vázquez Manuel         |
| • Díaz Rubio Olga                | • Luzardo Álvarez Asteria M.   | • Vázquez Vila Maria José        |
| • Fernandez Carrasco Eugenio     | • Marta Pérez Fandiño          |                                  |
| • Fraga López Francisco José     | • Martínez Ageitos José Manuel |                                  |

Ás 13:00 horas do 12 de maio de 2021 reúnense por medios electrónicos os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

O decano e presidente desculpa a asistencia dos membros da comisión Alonso Ferro Roberto Carlos e Touceda Rivas Enrique. De seguido o decano pasa a tratar os puntos da Orde do Día.

### 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior

Sométense a aprobación da xunta a acta da última comisión de calidade con data 17/03/2021 que foi remitida nun arquivo pdf xunto coa convocatoria desta comisión, resultando aprobada por asentimento.

### 2.- Informes

O decano comenta os seguintes puntos:

- A Universidade de Santiago de Compostela cambiou a súa páxina web corporativa o que implica que a maior parte dos links que contiñan a información da nosa Facultade deixaron de funcionar. A nova web da USC está composta por unha parte pública e unha intranet para cada un dos centros. De todas formas é necesario poñer pública toda a información que se tiña na web da Facultade de Ciencias en un inicio, pero iso levará un tempo.
- O convenio acordado coa Secretaría Xeral de Universidades para o acondicionamento de 2 novos laboratorios para o Grao en Bioquímica atopase pendente de asinar, que ao mesmo tempo se utilizarán para outras titulacións,

permitindo un maior flexibilidade e dispoñibilidade de cara á impartición das prácticas de laboratorio.

- A docencia do vindeiro curso está prevista de xeito presencial e polo momento establecéronse distancias de seguridade menores para outros niveis educativos pero non se indicou nada ao respecto das ensinanzas universitarias.
- Dada a complexidade cada vez maior para a organización dos horarios derivado do incremento do nº de cursos e das necesidades de compatibilizar o horario do profesorado nos distintos centros, vaise dispoñer dunha nova aula de informática, a nº4, de cara ao vindeiro curso, que contará con 19 postos e estará situada detrás da aula de informática nº2.

### **3.- Informe do Plan de Acción Tutorial curso 2019-20 e aprobación, se procede, do Plan de Acción Tutorial curso 2020-21**

O decano presenta o Informe do plan de acción tutorial do curso 2019/2020 e a vicedecana resume as accións realizadas o pasado curso incluídas neste plan tendo en conta que debido á COVID19 moitas delas estaban programadas para despois do mes de marzo e non puideron facerse. Finalizado o resumen sométese a aprobación o Informe do plan de acción tutorial do curso 2019/2020, sendo aprobado por asentimento. O informe final achégase á acta como **Anexo 1**.

Por último a vicedecana expón o novo Plan de acción tutorial para o curso 2020/2021 e non habendo correccións nin mais suxestións, o decano sométeo a aprobación dos asistentes sendo aprobado por asentimento. O Plan de acción tutorial achégase á acta como **Anexo 2**.

### **4.- Informe do Plan de Captación curso 2019-20 e aprobación, se procede, do Plan de Captación curso 2020-21**

A continuación o decano cede a palabra á vicedecana, Asteria Luzardo, que presenta o Informe do plan de captación de estudantes do curso 2019/2020 e resume as accións levadas a cabo pola Facultade no curso pasado que foron limitadas pola COVID19. Fixéronse actuacións online para a difusión das titulacións do centro, pero non se puido continuar coas charlas presenciais nos centros nos que estaban programadas. Terminada a intervención da vicedecana, o decano somete o Informe do plan de captación de estudantes do curso 2019/2020 a aprobación dos asistentes, sendo aprobado por asentimento. O informe final achégase á acta como **Anexo 3**.

A vicedecana presenta tamén o Plan de captación de estudantes para o curso 2020/2021 á comisión. Este plan comprende todas as medidas propostas neste curso para manter o número de alumnado matriculado nos graos e másteres da Facultade, prestando especial atención ás titulacións nas que non se acada o número máximo de matriculados. Despois de diversos comentarios por parte dos asistentes somete a aprobación o Plan de captación de estudantes para o curso 2020/2021 quedando aprobado por asentimento. O Plan de captación final achégase á acta como **Anexo 4**.

### **5.- Informe de Incidencias da Facultade de Ciencias curso 2019-20**

O decano informa de que ao igual que nos cursos anteriores elaborouse o Informe de Incidencias do curso 2019-20 que recolle un resumo das suxestións e/ou reclamacións relacionadas coa Facultade de Ciencias. Neste informe aparecen as que constan na

memoria anual elaborada pola Oficina de Análise e Reclamacións, así como as recibidas na propia Facultade, indicando a súa tipoloxía e o seu resultado. O informe foi aprobado por asentimento polos asistentes e acompáñase como **Anexo 5** á presente acta.

#### **6.- Aprobación se procede da Memoria de Calidade da Facultade de Ciencias do curso 2019-20**

O decano informa de que, tal e como se veu facendo nos últimos anos cos títulos impartidos no Centro, realizouse o proceso de seguimento para o curso 2019-20. Unha vez acadada a acreditación institucional da Facultade, este seguimento lévase a cabo de xeito conxunto para todos os títulos impartidos na mesma a través da Memoria de Calidade do Centro. A Responsable de Calidade do Centro resume brevemente a Memoria de Calidade da Facultade de Ciencias 2019-2020. Comentou tamén o estado das accións de mellora do curso 2019-20 que foron formuladas como no curso 2018-19 e que foron executadas con eficacia na súa totalidade. A continuación faise un breve resumo destas accións:

- AMF1920-1: Elaboración e aprobación do plan estratéxico da Facultade de Ciencias.
- AMF1920-2: Modificación das normativas de Traballo Fin de Grao e de Traballo Fin de Máster para todas as titulacións que se imparten no centro.
- AMF1920-3: Revisión das rúbricas de avaliación do Traballo Fin de Grao e do Traballo Fin de Máster para todas as titulacións que se imparten no centro.
- AMF1920-4: Fomentar a realización de novos convenios de intercambio con outras universidades estranxeiras e nacionais para todas as titulacións do centro. Charlas informativas ó estudantado da Facultade sobre mobilidade nacional e internacional.
- AMF1920-5: Intensificar as accións desenvolvidas no Plan de Captación do centro para aumentar a matrícula naquelas titulacións que máis o necesitan.
- AMF1920-6: Instalación de novas infraestruturas e adquisición de material e equipamento docente.
- AMF1920-7: Modificación da valla publicitaria situada no ingreso da Facultade e instalación dun cartel grande na fachada da Facultade que inclúa ademais do nome da Facultade de Ciencias tamén os nomes dos graos e mestrados que se imparten na mesma.

O decano expón que tendo en conta as propostas de mellora xurdidas na revisión e propostas polas comisións dos diferentes programas impartidos no centro, o Plan Estratéxico Ponte e o Plan de Mellora Anual para o curso 2020-2021, a Comisión de Calidade do Centro (CCC) elaborou as novas accións de mellora que trátaranse no punto número 7 da orde do día. Todas elas se ven reflectidas na Memoria de Calidade que se presenta para a súa aprobación.

Despois de debater sobre os contidos dos documentos presentados e facer algunhas correccións aos mesmos, sométense a aprobación dos asistentes, resultando aprobada a Memoria de Calidade do Centro para o curso 2019-20 por asentimento. Esta memoria estará dispoñible no seguinte enlace:

<https://pro-assets-usc.azureedge.net/cdn/ff/JBmGMFCRuF76TB8aztj1MhpljEt4ZV2AW6EEbMN8Fs/1623844908/>

[public/documents/2021-06/Memoria%20de%20Calidade%20Fac%20Ciencias%202019-20-final\\_0.pdf](public/documents/2021-06/Memoria%20de%20Calidade%20Fac%20Ciencias%202019-20-final_0.pdf)

## 7.- Revisión do estado das Accións de Mellora correspondentes ao Plan de melloras 2020-21

O decano cede a palabra á responsable de Calidade que fixo unha análise do estado de execución e evidencias das accións de mellora propostas na Memoria de Calidade 2019-2020 para realizar no curso 2020-2021. Todas as accións están finalizadas e as evidencias das mesmas recompiladas.

As primeiras 6 accións de mellora proceden do Plan de Mellora Anual derivado do Plan Estratéxico Ponte e as outras derivan dos informes de resultados dos títulos impartidos na Facultade e das necesidades de infraestruturas do centro. Pediuse ós asistentes que nas próximas reunións da Comisión de Calidades presenten novas ideas para esas accións para o próximo curso académico.

- AMF2021-1: Potenciar o Plan de Acción Titorial
- AMF2021-2: Solicitar a ampliación da oferta de cursos do PFID en Lugo para mellorar a docencia en liña.
- AMF2021-3: Xestión centralizada dos recursos empregados na docencia.
- AMF2021-4: Solicitar recursos para a mellora das instalacións da Facultade na docencia en liña.
- AMF2021-5: Potenciar o plan de captación do alumnado.
- AMF2021-6: Incrementar o número de convenios de mobilidade nacionais e internacionais.
- AMF2021-7: Modificación da memoria do MEPA para incluír o Grao en Nutrición Humana e Dietética, no perfil de acceso ao MEPA.
- AMF2021-8: Instalación de novas infraestruturas, así como da adquisición de material e equipamento como consecuencia da súa ampliación, renovación ou substitución.

## 8.- Rogos e preguntas

O profesor Jesús Casabiell Pintos propón que dende a Comisión de Calidade se manifeste á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos que non se pode enviar o de abandono potencial co curso practicamente finalizado. O decano responde que se fará outra vez como xa se fixo o curso pasado.

Non habendo preguntas nin asuntos que tratar o decano da por rematada a reunión.

Vº e Prace

O DECANO

A SECRETARIA

Asdo.: Francisco Fraga López

Asdo.: Aida Jover Ramos.

## Orde do Día

- 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior
- 2.- Informes
- 3.- Seguimento 2020-21: análise e aprobación dos informes de resultados das titulacións do centro e propostas para o plan de mellora.
- 4.- Rogos e preguntas

## Relación de Asistentes

- |                                  |                              |                                |
|----------------------------------|------------------------------|--------------------------------|
| • Alonso López Eva               | • Díaz Rubio Olga            | • Luzardo Álvarez Asteria M.   |
| • Barcia Vieitez Ramiro          | • Fernandez Carrasco Eugenio | • Martínez Ageitos José Manuel |
| • Blanco Méndez Jose             | • Fraga López Francisco José | • Ramos Martínez Juan Ignacio  |
| • Casabiell Pintos Jesús Antonio | • Gay González Concepción    | • Vázquez Vázquez Manuel       |

Ás 10:00 horas do día 18 de marzo de 2022 reúnense no Salón de Graos do centro os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

O decano e presidente da Comisión indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Eva Alonso López, Olga Díaz Rubio e Eugenio Fernández Carrasco, que solicitaron asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. Informa de que desculpan asistencia Carlos Herrero Latorre, Marta Pérez Fandiño, Carlos Quintas Fernández, María Ángeles Romero Rodríguez e Andrés Vilaboa Díaz. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

### 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior

O decano informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 12/05/2021, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento..

### 2.- Informes

O decano, en primeiro lugar, despediuse como presidente da comisión debido á súa próxima incorporación ao novo equipo reitoral da USC como vicerreitor de Organización Académica e Campus de Lugo e pediu aos membros que mantiveran a súa colaboración co equipo decanal que quedará en funcións ata a celebración de eleccións.

A continuación informou de que de cara ao vindeiro curso a USC ten previsto elaborar unha normativa que permita atender ás necesidades de conciliación do persoal docente e investigador na elaboración dos horarios e POD. Non foi posible facelo para este curso, polo que nos vindeiros días remitirase aos centros e departamentos unhas indicacións que se deberán observar no proceso de programación do vindeiro curso.

Finalmente o decano sinalou que o grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais vaise someter a un proceso para acadar o selo europeo de calidade internacional en enxeñaría EUR-ACE, que pode axudar na mellora tanto da titulación como na captación de alumnado; agradecendo á USC a achega económica para a súa obtención.

Tamén é importante para a mellora do centro, unha nova dotación orzamentaria para o grado en Bioquímica, que xestionará o novo equipo decanal.

### 3.- Seguimento 2020-21: análise e aprobación dos informes de resultados das titulacións do centro e propostas para o plan de mellora.

En relación ao proceso de seguimento anual, as distintas comisións de títulos do centro, de acordo co proceso PC-05 Análise de Resultados e Mellora dos Programas do Manual de Procesos do Centro, analizaron os resultados obtidos, co obxecto de determinar se é preciso propoñer algunha acción de mellora, e elaboraron os correspondentes informes anuais de resultados. Estes informes, preséntanse para aprobación na Comisión de Calidade do Centro no marco do proceso PE-02 Revisión e Mellora, no que se realiza a análise global dos resultados do centro, do funcionamento do SGC e a través do que se elabora o plan de melloras incluído na memoria de calidade do centro.

O decano cedeu a palabra en primeiro lugar ao coordinador do **grao en Bioquímica**, o cal informou das cuestións máis relevantes sobre a información proporcionada pola Área de Calidade, analizada e recollida pola comisión do título no Informe Anual de Resultados.

Tras esta intervención, os asistentes acordan por asentimento aprobar o Informe Anual de Resultados do **grao en Bioquímica** para o curso 2020-21 que se acompaña como ANEXO 1 a este acta.

A continuación o decano informou das cuestións máis relevantes sobre a información proporcionada pola Área de Calidade, analizada e recollida pola comisión do título **GEPQI** no Informe Anual de Resultados.

Deseguido os asistentes acordan por asentimento aprobar o Informe Anual de Resultados do **GEPQI** para o curso 2020-21 que se acompaña como ANEXO 2 a este acta e do que se deriva unha acción que se integrará no plan de melloras referente á solicitude para a obtención do selo EUR-ACE de Enxeñaría dentro do Programa de Selos Internacionais de Calidade (SIC) da ANECA.

O decano cedeu a palabra ao coordinador do título **GNHD**, o cal informou das cuestións máis relevantes sobre a información proporcionada pola Área de Calidade, analizada e recollida pola comisión no Informe Anual de Resultados.

A representante do CODINUGAL, Marta Pérez, aínda que desculpou a asistencia á reunión, remitiu un correo electrónico indicando que considera que a satisfacción do alumnado co Grao podería mellorar se o alumnado contase dentro do seu profesorado con graduados en nutrición humana e dietética, e suxire incorporalo como unha acción de mellora. Os asistentes, tras analizar esta proposta, acordaron por asentimento non propoñela como acción de mellora ao considerar que é preciso dispoñer na titulación de profesorado variado procedente de distintos departamentos e áreas de coñecemento, nos cales se irá integrando paulatinamente novo profesorado seguindo a normativa ao respecto. Polo tanto, seguindo a citada normativa cabe esperar a incorporación, entre

outros titulados, de graduados en nutrición humana e dietética como persoal docente e investigador da USC ao longo dos vindeiros anos nas distintas figuras de profesorado.

Finalmente, os asistentes acordan por asentimento aprobar o Informe Anual de Resultados do **GNHD** para o curso 2020-21 que se acompaña como ANEXO 3 a este acta.

O decano cedeu a palabra ao coordinador do título **MINSTA**, o cal informou das cuestións máis relevantes sobre a información proporcionada pola Área de Calidade, analizada e recollida pola comisión no Informe Anual de Resultados.

Deseguido os asistentes acordan por asentimento aprobar o Informe Anual de Resultados do **MINSTA** para o curso 2020-21 que se acompaña como ANEXO 4 a este acta.

O decano informou das cuestións máis relevantes sobre a información proporcionada pola Área de Calidade, analizada e recollida pola comisión do título **MEPA** no Informe Anual de Resultados.

Para rematar, o decano comenta que a comisión xestora do campus Terra considera o **MEPA** como un máster estratéxico para o campus de especialización e que vai intentar con diferentes tipos de campañas mellorar a difusión do máster. Neste sentido, informa que o **MEPA** participou no proceso de difusión para latinoamérica dos mestrados da USC, mediante a preparación dun vídeo no que interviron dúas alumnas egresadas do mesmo, e que deron unha visión moi positiva do máster. Tamén a apertura do período de matrícula anticipada para febreiro pode ser beneficiosa para a captación de alumnado.

Finalmente, os asistentes acordan por asentimento aprobar o Informe Anual de Resultados do **MEPA** para o curso 2020-21 que se acompaña como ANEXO 5 a este acta.

#### 4.- Rogos e preguntas

Toma a palabra o profesor José Manuel Martínez Ageitos para agradecer ao decano o seu labor durante estes anos e o esforzo realizado para a mellora dos títulos que se imparten na facultade, desexándolle sorte no seu novo destino e pedíndolle que siga apoiando a este centro e ao equipo decanal en funcións.

Non habendo preguntas nin asuntos que tratar o decano da por rematada a reunión.

Vº e Prace

O DECANO

O SECRETARIO

Asdo.: Francisco Fraga López

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

## Orde do Día

- 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior
- 2.- Informes
- 3.- Solicitud para a determinación do carácter singular do GEPQI, MEPA e MINSTA.
- 4.- Aprobación da proposta de Modificación da memoria do Programa de Grao Aberto 5USC Enxeñarías.
- 5.- Rogos e preguntas

## Relación de Asistentes

- |                                  |                                |                               |
|----------------------------------|--------------------------------|-------------------------------|
| • Barcia Vieitez Ramiro          | • Gay González Concepción      | • Pérez Fandiño Marta         |
| • Casabiell Pintos Jesús Antonio | • Herrero Latorre Carlos       | • Ramos Martínez Juan Ignacio |
| • Díaz Rubio Olga                | • Luzardo Álvarez Asteria M.   | • Vázquez Vázquez Manuel      |
| • Fernández Carrasco Eugenio     | • Martínez Ageitos José Manuel | • Vázquez Vila María José     |

Ás 13:00 horas do día 4 de abril de 2022 reúnen no Salón de Graos do centro os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

A presidenta da Comisión indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Marta Pérez Fandiño, que solicitou asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén asiste como invitada a alumna Jennifer Cristina Diéguez Fernández, recentemente elixida como membro da Xunta de Centro e que será proposta para o seu nomeamento como representante do alumnado do Grao en Bioquímica nesta comisión. Informa de que desculpan asistencia María Ángeles Romero Rodríguez, Andrés Vilaboa Díaz, Eva Carolina Vázquez Barreiro e Eva Alonso López. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

### 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 18/03/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

### 2.- Informes

A presidenta, informou de que o Comité de Xestión COVID-19 adaptou recentemente o Protocolo de xestión de casos COVID-19 da Universidade de Santiago de Compostela de conformidade co establecido polo protocolo de “Vixilancia e control do SARS-CoV-2 na etapa de transición en Galicia” da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade.

Indica que como principal novidade e con carácter xeral, elimínase a necesidade de illamento e corentena para as persoas que sexan casos sospeitosos ou confirmados de COVID-19, polo que só se deberá comunicar á Oficina de Xestión COVID aquelas situacións nas que a intensidade dos síntomas non permitan realizar a actividade

diaria, de conformidade co previsto no Protocolo de Xestión de Casos COVID-19 da Universidade de Santiago de Compostela. Así mesmo, o persoal que pertenza a un colectivo vulnerable poderá solicitar o traballo a distancia durante o período de 10 días establecido nas recomendacións para casos confirmados e casos sospeitosos de COVID-19.

Tamén informou de que se enviou en días pasados un correo a todo o profesorado para que remitan as súas propostas para a convocatoria para o financiamento de equipamentos e infraestruturas docentes, no marco do convenio de financiamento da Xunta de Galicia, que serán comunicadas á Vicerreitoría de Planificación Científica.

Xa para rematar, indicou que están convocadas as eleccións a decano/a da Facultade, o cal se fixo o antes posible para tratar de dotar ao centro dun equipo de traballo completo e estable. A votación terá lugar na Xunta de Centro que se celebrará o vindeiro 28 de abril.

### **3.- Solicitude para a determinación do carácter singular do GEPQI, MEPA e MINSTA.**

A presidenta informa de que o Decreto 222/2011 polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia establece un número mínimo de alumnado de novo ingreso (20 para másteres; 50 graos Santiago; 45 graos Lugo) para que as titulacións se poidan impartir. O pasado día 21 de marzo publicouse a Resolución do 10 de marzo de 2022, da Secretaría Xeral de Universidades, pola que se fixan os criterios para a determinación do carácter singular de titulacións oficiais de grao e máster no Sistema Universitario de Galicia (SUG), segundo a cal, aquelas titulacións cuxa media de alumnos de novo ingreso durante tres cursos consecutivos sexa inferior ao esixido polo Decreto 222/2011, poderán solicitar a declaración de singularidade. Esta declaración suporá a exención do cumprimento do nº mínimo de alumnado de novo ingreso, por un período temporal de 5 anos. A Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización estima necesario solicitar o carácter de singularidade para o GEPQI, o MEPA e o MINSTA ao non cubrir o nº mínimo de alumnado de novo ingreso, polo que será preciso elaborar unha proposta de singularidade segundo os criterios indicados no apartado terceiro e cuarto da citada Resolución.

A presidenta indicou que o prazo para realizar este proceso foi moi curto polo que as solicitudes de singularidade están en proceso de elaboración.

Tendo en conta todo isto, os asistentes acordan por asentimento solicitar a determinación do carácter singular do GEPQI, do MEPA e do MINSTA e delegar no equipo decanal a elaboración das propostas de singularidade para cursar estas solicitudes.

### **4.- Aprobación da proposta de Modificación da memoria do Programa de Grao Aberto 5USC Enxeñarías.**

A presidenta informa que se trae para a súa consulta e se procede, a aprobación da proposta da modificación do Grao Aberto 5USC Enxeñarías.

A proposta é a seguinte:

1º. Retirar o grao de Robótica do itinerario.

Tal e como está o itinerario agora mesmo, o grao en Robótica condiciona a admisión de estudantes. Ao pechar a admisión do grao de Robótica desde os primeiros chamamentos, a CIUG pecha tamén a admisión no grao Aberto, chegándose a dar o caso mesmo de estudantes que querendo matricularse, non poidan facelo. Isto lóxicamente, impide cubrir todas as prazas.

Por outra banda, Robótica é a única das enxeñarías do itinerario que non é habilitante, polo que xera moitas disfuncións na adaptación das materias.

2º. Redución da carga docente de 90 a 60 ECTS, de tal maneira que o grao Aberto verase reducido a dous semestres. Desta forma os estudantes poden entrar con maior facilidade no 2º curso da titulación que elixan.

Estas modificacións foron aprobadas na Xunta de Centro da EPSE o 23 de marzo e a proposta foi enviada ao SXOPRA.

O SXOPRA propón dúas melloras:

A 1ª o cambio na denominación, que pasará a ser Grao Aberto USC-Enxeñaría.

A 2ª incorporar aos expedientes do alumnado as materias que figuran nos cadros como non recoñecidas mediante o procedemento de transferencia de créditos.

Finalmente, os asistentes acordan por unanimidade aprobar a proposta de modificación da memoria do programa de Grao Aberto 5USC Enxeñarías, incorporando todas as cuestións indicadas, a cal se someterá á aprobación da Xunta de Centro na que se incorporará como anexo á acta.

## 5.- Rogos e preguntas

Non habendo preguntas nin asuntos que tratar a presidenta da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

## Orde do Día

- 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior
- 2.- Informes
- 3.- Informe do Plan de Acción Titorial curso 2020-21 e aprobación, se procede, do Plan de Acción Titorial curso 2021-22
- 4.- Informe do Plan de Captación curso 2020-21 e aprobación, se procede, do Plan de Captación curso 2021-22.
- 5.- Informe de Incidencias da Facultade de Ciencias curso 2020-21
- 6.- Aprobación se procede da Memoria de Calidade da Facultade de Ciencias do curso 2020-21
- 7.- Rogos e preguntas

## Relación de Asistentes

- |                                  |                              |                                |
|----------------------------------|------------------------------|--------------------------------|
| • Alonso López Eva               | • Díaz Rubio Olga            | • Luzardo Álvarez Asteria M.   |
| • Barcia Vieitez Ramiro          | • Fernández Carrasco Eugenio | • Martínez Ageitos José Manuel |
| • Blanco Méndez José             | • Gay González Concepción    | • Vázquez Vila María José      |
| • Casabiell Pintos Jesús Antonio | • Herrero Latorre Carlos     |                                |

Ás 12:00 horas do día 12 de maio de 2022 reúnense no Salón de Graos do centro os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

A presidenta da Comisión indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Eva Alonso López e Olga Díaz Rubio, que solicitaron asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. Informa de que desculpan asistencia Valeria Fernanda Esteban Galvis, Marta Pérez Fandiño, José Carlos Quintas Fernández, Juan Ignacio Ramos Martínez, María Ángeles Romero Rodríguez, Manuel Vázquez Vázquez, e Andrés Vilaboa Díaz. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

### 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 04/04/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

### 2.- Informes

A presidenta, en primeiro lugar quixo pedir desculpas polo atraso na posta a disposición da documentación; debido a que non foi posible recompilar a tempo todos os datos respecto a os informes do plan de acción titorial nin do plan de captación, debido á conxuntura actual.

A presidenta informa que posiblemente o asunto máis importante é a comunicación por parte do xefe de servizo do SXOPRA da non autorización da oferta do Máster de Enxeñaría de Procesado de Alimentos para o curso 2022-23, motivado por non alcanzar unha media de 20 alumnos durante os tres últimos cursos (conforme ao establecido no Decreto 222/2011 da Consellería de Educación). A pesar da solicitude presentada para que se considerase como titulación singular e do apoio da Vicerreitoría de Titulacións, esta solicitude non foi aceptada pola Secretaría Xeral de Universidades.

Por todo iso, a Vicerreitoría procede a configurar a titulación como “en extinción”, así como co trámite de solicitude de revogación a partir do curso 2022-23.

Curiosamente, a ACSUG emitiu con data 8 de maio o Informe Final de Avaliación da Solicitude de Modificación do Plan de Estudos en términos favorables onde se atopaba entre outros aspectos, a modificación do perfil de acceso e perfil de ingreso para a admisión de graduados en Nutrición Humana e Dietética. Todo isto a pesar do bo traballo realizado, en especial polo coordinador do máster, o Profesor Carlos Herrero Latorre. Un máster ben planificado, ben executado e ao que quizais lle faltaron oportunidades.

Para terminar co apartado de informes, a presidenta comenta que a facultade recibiu a visita da Vicerreitora de Cultura, na que estiveron a decana e o secretario; e na que se comunicou a intención do vicerreitorado de preparar unha convocatoria para actividades de tipo cultural, artístico/deportivo. A intención desta convocatoria é a de apoiar calquera tipo de iniciativa deste tipo, e que parta dos centros, coa finalidade de dar máis vida aos campus e recuperar ese sentido de pertenza que tiñan antes ás facultades e polo tanto, á universidade. A idea sobre todo, é que as iniciativas partan do alumnado.

### **3.- Informe do Plan de Acción Titorial curso 2020-21 e aprobación, se procede, do Plan de Acción Titorial curso 2021-22**

A presidenta sinala que o Informe do Plan de Acción Titorial realizouse en base aos informes anteriores, achegando as novidades do curso 2020-21.

As actividades dos alumnos titores son similares ás realizadas en anos anteriores, aínda que nesta ocasión víronse moi dificultadas pola situación de pandemia.

O Plan de Acción Titorial, tamén presenta un formato similar ao de cursos anteriores.

Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes, tanto o Informe do Plan de Acción Titorial do curso 2020-21 como o Plan de acción Titorial do curso 2021-22 son aprobados por asentimento e achéganse á presente acta como **anexos 1 e 2**.

### **4.- Informe do Plan de Captación curso 2020-21 e aprobación, se procede, do Plan de Captación curso 2021-22.**

A presidenta informa que neste caso, a dinámica dos plans de captación foi moi similar á de cursos anteriores, coa particularidade de que mesmo se viron algo máis reducidos, entre outras cousas, porque as restricións sanitarias derivadas da pandemia provocaron que moitas das actividades de captación de alumnado se levasen a cabo

por medios telemáticos ou de forma virtual, como os encontros. No Informe recóllense a celebración das Xornadas de Portas Abertas ou as charlas temáticas que determinados profesores do centro imparten nos centros de ensino secundario.

Con respecto ao Plan de Captación do curso 2021-22, o coordinador de calidade propón eliminar a proposta de eliminación da información sobre o centro en formato papel, realizada no curso 2020-21 debido á situación sanitaria.

A presidenta somete a aprobación o Informe do Plan de Captación do curso 2020-21 e o Plan de Captación do curso 2021-22, que se acompañan como **anexos 3 e 4** á presente acta, tendo en conta a proposta do Profesor Martínez Ageitos, quedando aprobados por asentimento.

### **5.- Informe de Incidencias da Facultade de Ciencias curso 2020-21**

Os recursos, reclamacións e suxestións que se reflicten neste informe figuran na memoria da Oficina de Análise das Reclamacións da USC, e tamén recolle outras reclamacións recibidas na Facultade.

Trátase de recursos relacionados cos procesos de Xestión Académica, certificados, etc., que son os que serven de base á medición dos indicadores de calidade, e que resultan necesarios para o seguimento e renovación do sistema de Xestión de Calidade do que dispón a área académica da USC.

O número de reclamacións, recursos, queixas e suxestións presentados adoita ser pequeno.

O informe foi aprobado por asentimento polos asistentes e acompáñase como **Anexo 5** á presente acta.

### **6.- Aprobación se procede da Memoria de Calidade da Facultade de Ciencias do curso 2020-21**

A presidenta cede a palabra ao responsable de calidade do centro que tras agradecer o traballo do coordinador de calidade e da xestora do centro, pasa a describir as novidades reflectidas na memoria de calidade para cada unha das directrices contempladas. Comentou tamén o estado das accións de mellora do curso 2020-21 que foron executadas con eficacia na súa totalidade, e tamén as propostas para o curso 2021-22.

Tras a exposición do responsable de calidade, a presidenta somete a aprobación a Memoria de Calidade da Facultade de Ciencias do curso 2020-21, que é aprobada por asentimento e que se acompaña como **Anexo 6** á presente acta.

### **7.- Rogos e preguntas**

A presidenta inicia unha rolda de intervencións na que participan os profesores Herrero Latorre e Martínez Ageitos.

Toma a palabra o coordinador do Máster de Enxeñaría do Procesado de Alimentos para lamentar a decisión da Secretaría Xeral de Universidades de revogar o título, sen ter en conta as condicións excepcionais nas que se atopou, debido á falta de difusión no primeiro ano de oferta, e a pandemia no segundo ano. Mesmo con todos estes factores en contra, os titulados do máster teñen unha boa formación e son captados con facilidade polas empresas dos sectores afíns.

O profesor Herrero Latorre quere tamén agradecer a colaboración e dedicación do profesorado implicado no desenvolvemento do máster.

O profesor Martínez Ageitos coincide co profesor Herrero nas súas observacións e sinala que o grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais queda unha vez máis sen un máster de continuación de estudos.

Ademais o coordinador de calidade incide nas dificultades que se están atopando para a elaboración da solicitude de acreditación EUR-ACE, debido á falta de apoio institucional.

A presidenta coincide cos comentarios dos profesores Herrero Latorre e Martínez Ageitos, que son asumidos por unanimidade polos asistentes á reunión, e agradece ao profesor Herrero Latorre toda a súa dedicación e traballo polo máster de Enxeñaría do Procesado de Alimentos.

Non habendo mais preguntas nin asuntos que tratar a presidenta da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

## Orde do Día

- 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior
- 2.- Informes
- 3.- Aprobación se procede da modificación do Manual do Sistema de Garantía de Calidade do Centro.
- 4.- Revisión do estado das Accións de Mellora correspondentes ao Plan de melloras do centro 2021-22.
- 5.- Rogos e preguntas

## Relación de Asistentes

- |                              |                                |                               |
|------------------------------|--------------------------------|-------------------------------|
| • Barcia Vieitez Ramiro      | • Herrero Latorre Carlos       | • Ramos Martínez Juan Ignacio |
| • Fernández Carrasco Eugenio | • Luzardo Álvarez Asteria M.   | • Vázquez Vázquez Manuel      |
| • Gay González Concepción    | • Martínez Ageitos José Manuel | • Vázquez Vila María José     |

Ás 13:30 horas do día 19 de xullo de 2022 reúnense na Sala de Reunións do centro os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

A presidenta da Comisión indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Eugenio Fernández Carrasco, que solicitou asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. Informa de que desculpan asistencia Eva Alonso López, José Blanco Méndez, Jesús Antonio Casabiell Pintos, Olga Díaz Rubio e María Ángeles Romero Rodríguez. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

### 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 12/05/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

### 2.- Informes

A presidenta informou de que no día de onte (18/07/2022), nun acto ao que asistiron os decanos e responsables de calidade de diferentes centros da USC convocados polo Reitor, outorgouse á Facultade de Ciencias o diploma co recoñecemento de *Boas Prácticas* en materia de calidade polo desenvolvemento dunha actividade dentro do Plan de Captación de Alumnado que leva por título “Ciencia para Novos Investigadores”. Este recoñecemento foi concedido tras acudir a Facultade con esta iniciativa á convocatoria para o recoñecemento de boas prácticas de calidade nos centros da USC convocada en outubro de 2021.

A decana quixo agradecer ao profesor José Manuel Martínez Ageitos pola posta en marcha e desenvolvemento desta actividade e a todos os implicados por todo o traballo realizado ao longo destes últimos anos.

### **3.- Aprobación se procede da modificación do Manual do Sistema de Garantía de Calidade do Centro.**

A presidenta cede a palabra ao responsable de calidade do centro que pasa a describir as modificacións realizadas no Manual do Sistema de Garantía de Calidade do Centro que se adxunta á acta como **Anexo 1**.

O responsable de calidade informa que no Manual do Sistema de Garantía de Calidade do Centro realizáronse dous tipos de modificacións, unhas realizadas polo centro e outras realizadas pola propia universidade.

Con respecto ás modificacións do centro, tívose en conta a extinción do Máster en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Ambiental o que queda reflectido no apartado 1.1 Presentación, e nos apartados 1.2 Organigrama, 1.3 Órganos de Goberno. Comisións. Departamentos implicados na docencia, e 3.4 Comisións de título, coa desaparición da comisión de título do máster.

As modificacións realizadas pola USC céntranse nun novo mapa de procesos que se concretan en 12 procesos institucionais que están reflectidos nos apartados 4 e 6 do Manual.

Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a modificación do Manual do Sistema de Garantía de Calidade do Centro foi aprobada por asentimento.

### **4.- Revisión do estado das Accións de Mellora correspondentes ao Plan de melloras do centro 2021-22.**

A presidenta cede a palabra ao responsable de calidade do centro que pasa a describir o estado das Accións de Mellora correspondentes ao Plan de Melloras do centro para o curso 2021-22.

#### **AMF2122-1** Simplificar a documentación e axilizar os procesos de Calidade.

Estado: Executada

Co fin de axilizar os procesos de xestión da facultade, dada a sobrecarga do equipo de dirección, solicitouse á USC a incorporación dun novo vicedecano.

Neste punto, a decana indicou que desde a xerencia da universidade está a traballarse na simplificación dos procesos de documentación.

#### **AMF2122-2** Solicitar á universidade que teña en conta as limitacións de aforo dos laboratorios de prácticas na cuantificación dos grupos de docencia interactiva de laboratorio.

Estado: Executada

A USC contestou que se permite a creación de grupos de centro tras a pertinente solicitude por parte do departamento interesado, pero de momento non dá resposta á

petición de modificación do número de alumnos por grupo de prácticas en función do aforo dos laboratorios.

**AMF2122-3** Desenvolver actividades en colaboración con entidades, empresas, asociacións, colexios profesionais, Concello e Deputación relacionadas coa nutrición.

Estado: Executada

Realizáronse diferentes actividades en colaboración con ADINU, como son as charlas dentro do programa “Abril Charlas Mil” e o IV Congreso IV ReD-N da Federación Española de Dietistas-Nutricionistas Universitarios (FEDNU).

**AMF2122-4** Difusión das liñas de investigación do PDI da Facultade e das posibilidades do seu entorno.

Estado: Executada

Grupos de investigación ligados á facultade participaron en actividades de divulgación da investigación en diferentes foros.

A decana sinalou que a divulgación das liñas de investigación é unha tarefa que se vai a encadrar nunha acción para desenvolver desde o propio campus de especialización campus Terra, máis que desde cada centro en particular.

**AMF2122-5** Aumentar a visibilidade en internet da Facultade, da súa investigación e das súas titulacións.

Estado: Executada

A páxina web da facultade está nun constante proceso de actualización, e nela pódense atopar ligazóns a liñas e grupos de investigación, titulacións e diferentes redes sociais.

**AMF2122-6** Activar a publicidade da Facultade mediante a colaboración con institucións, empresas, colexios e asociacións profesionais.

Estado: Executada

Séguese realizando convenios con diferentes empresas e institucións para que os estudantes poidan realizar prácticas nelas e tamén desta maneira promocionar a facultade.

**AMF2122-7** Solicitud de obtención de selo EurAce.

Estado: Executada

Unha vez presentada a solicitude, estase á espera da visita virtual a realizar polo Tribunal nomeado pola ANECA o día 25/10/2022.

**AMF2122-8** Instalación de novas infraestruturas, así como da adquisición de material e equipamento como consecuencia da súa ampliación, renovación ou substitución.

Estado: Executada

Neste ano como nos anteriores procedeuse á adquisición de material e equipamento para prácticas e tamén se está completando a renovación e a adecuación de infraestruturas e de espazos.

### **5.- Rogos e preguntas**

Non habendo preguntas nin asuntos que tratar a presidenta da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

## Orde do Día

- 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior
- 2.- Informes
- 3.- Declaración de intencións para proposta de modificación do Grao en Bioquímica.
- 4.- Declaración de intencións para proposta de novo título de Máster en Biociencias Moleculares.
- 5.- Rogos e preguntas

## Relación de Asistentes

- |                                  |                               |                           |
|----------------------------------|-------------------------------|---------------------------|
| • Barcia Vieitez Ramiro          | • Esteban Galvis Valeria F.   | • Vázquez Vázquez Manuel  |
| • Blanco Méndez José             | • Gay González Concepción     | • Vázquez Vila María José |
| • Casabiell Pintos Jesús Antonio | • Luzardo Álvarez Asteria M.  |                           |
| • Diéguez Fernández Jennifer C.  | • Ramos Martínez Juan Ignacio |                           |

Ás 9:30 horas do día 25 de novembro de 2022 reúnense no Salón de Grados do centro os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

A presidenta da Comisión informa de que desculpan asistencia Eva Alonso López, Eugenio Fernández Carrasco, Carlos Herrero Latorre, José Manuel Martínez Ageitos, Marta Pérez Fandiño, Carlos Quintas Fernández e María Ángeles Romero Rodríguez. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

### 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior

A presidenta informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 19/07/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

### 2.- Informes

Non se presenta ningún informe.

### 3.-Declaración de intencións para proposta de modificación do Grao en Bioquímica.

Neste punto a decana indica que, no marco do proceso de adaptación das titulacións da USC ao Real Decreto 822/2021 e, en consecuencia, ao novo Regulamento das Titulacións Oficiais de Grao e Mestrado Universitario e do Procedemento de Aseguramento da súa Calidade na Universidade de Santiago de Compostela (RTOUSC) (acordo de Consello de Goberno do 28 de outubro de 2022), ven de publicarse a Convocatoria anual de novas propostas e modificacións de memorias de Graos, Mestrados Universitarios e Programas de Doutoramento que se pretendan implantar no curso 2024-2025 (en adiante, simplemente Convocatoria anual). Achegouse copia tanto do devandito Real Decreto como do Regulamento e da Convocatoria anual, no

enlace remitido coa convocatoria desta Comisión. A decana explica que esta Convocatoria anual inclúe un calendario de tramitación que establece como hora e data límite para a presentación da declaración de intencións, tanto de novas propostas como de modificacións de títulos, as 14.00 horas do día de hoxe 25 de novembro de 2022. Así mesmo, puntualiza que tódalas titulacións en curso deberán ser adaptadas ao Real Decreto 822/2021, mais que existe unha distinción entre títulos que necesariamente deberán ser modificados durante este curso e aqueles que poden selo máis adiante. No caso concreto do noso centro, neste curso académico o proceso afecta ao Grao en Bioquímica, que deberá experimentar modificacións substanciais relativas a: 1) número de créditos necesarios para a obtención dunha das dúas mencións contempladas na súa memoria verificada, e 2) modificacións relativas á adscrición do Grao e das súas materias de formación básica aos ámbitos de coñecemento recollidos no RD 822/2021. A decana recalca que o proceso de adaptación do Grao en Bioquímica será longo e tedioso, dilatándose practicamente un ano, pero que este proceso afectará nun momento ou noutro a tódalas titulacións do centro.

De seguido, a decana comparte en pantalla cos asistentes a declaración de intencións que presentará a Facultade de Ciencias para a modificación da memoria do Grao en Bioquímica e a súa implantación no curso 2024-2025. Desta declaración de intencións provisional achegouse copia no enlace remitido coa convocatoria desta sesión da Comisión de Calidade, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala antes de proceder a súa aprobación. No relativo ao primeiro punto das modificacións a levar a cabo, a decana explica que desaparecen as ramas de coñecemento para dar paso aos ámbitos de coñecemento do anexo I do RD 822/2021. No caso do Grao en Bioquímica o ámbito de adscrición axeitado sería o denominado “Bioquímica y Biotecnología”, e así se incluíu na declaración de intencións. Nesta liña, e tendo en conta o artigo 22 do RTOUSC, como mínimo a metade dos créditos de formación básica deberán estar vinculados ao ámbito de coñecemento do título. No caso dos plans de estudos de 240 créditos, isto tradúcese á metade dun mínimo de 60 créditos de formación básica, organizados en materias dun mínimo de 6. Así mesmo, o mesmo artigo indica que a formación básica debe ser ofertada na primeira metade da titulación. No Grao en Bioquímica o número de créditos e a súa distribución son axeitados, polo que se propón a alternativa de vincular as materias de formación básica aos ámbitos que correspondan. A outra posibilidade que se presenta na declaración de intencións é revisar as materias básicas e obrigatorias, e modificar a súa distribución. No relativo ao segundo punto das modificacións a levar a cabo, a decana indica que as mencións do Grao en Bioquímica deben ser modificadas por non cumprir o número mínimo de créditos que se establece no artigo 20 do RTOUSC. Isto sería como un mínimo do 20% da carga total de créditos da titulación, o que se traduce en 48 créditos necesarios como mínimo para obter unha mención. Preséntanse dúas alternativas, por un lado contéplase a posibilidade de trasladar 36 créditos de formación obrigatoria a optativa, que se sumarían aos 12 que se inclúen actualmente na memoria como necesarios para obter unha mención das dúas que se ofertan. Por outro lado, a alternativa máis económica que se contempla na declaración de intencións, é eliminar as mencións do Grao e manter a distribución de optativas actual, pero reducir a oferta de 13 (78 créditos) a 7 materias (42 créditos).

A continuación, a decana somete a declaración de intencións para proposta de modificación do Grao en Bioquímica a aprobación dos membros da Comisión de Calidade, resultando aprobada por asentimento, a cal se incorpora como **Anexo I** á presente acta.

#### **4.-Declaración de intencións para proposta de novo título de Máster en Biociencias Moleculares.**

Neste punto a decana indica que, no marco da mesma Convocatoria anual do punto anterior, establécese o calendario para o procedemento de proposta de novos títulos, con unha declaración de intencións inicial, seguida dun período de exposición ante os centros e departamentos que poderán presentar alegacións en cuxo caso se celebrará unha Xunta de Centro para tratar as alegacións e aprobar a declaración de intencións definitiva para a continuación seguir co procedemento establecido na citada Convocatoria anual. Neste contexto, a data límite para a presentación da declaración de intencións de novas propostas de títulos son as 14.00 horas do día de hoxe 25 de novembro de 2022. Esta mesma Convocatoria anual indica que as novas propostas de mestrados universitarios que presenten os centros deberán encaixarse na especialización dos campus, manter coherencia cos estudos de grao aos que dan continuidade como estudos de especialización, ou ter vinculación cunha liña de investigación estratéxica de acreditada excelencia. Neste sentido, o obxectivo da proposta de novo título de mestrado que presenta a Facultade de Ciencias é dar continuidade ao Grao en Bioquímica, aportando formación complementaria no ámbito de coñecemento da Bioquímica e a Biotecnoloxía, e con aproveitamento dos recursos humanos e infraestruturas do Campus Terra. Tamén se persigue evita-la duplicidade da nova titulación dentro do Sistema Universitario Galego.

De seguido, a decana comparte en pantalla cos asistentes a declaración de intencións que presentará a Facultade de Ciencias para proposta dun novo título de Máster en Biociencias Moleculares, e a súa implantación no curso 2024-2025. Desta declaración de intencións provisional achegouse copia no enlace remitido coa convocatoria desta Comisión de Calidade, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala antes de proceder a súa aprobación, así como copia da Convocatoria anual de propostas, do Real Decreto 822/2021, e do RTOUSC. En relación á proposta de comisión de redacción, a decana indica que os membros foron seleccionados daquelas áreas de coñecemento de notable peso no mestrado, e todos están de acordo en formar parte da mesma. Pola súa parte, haberá que valorar a dispoñibilidade das áreas implicadas na docencia desta nova titulación, así como dos Departamentos correspondentes.

Seguidamente, a decana somete a proposta de declaración de intencións do novo título de Máster en Biociencias Moleculares a aprobación dos membros da Comisión de Calidade resultando aprobada por asentimento, a cal se incorpora como **Anexo II** á presente acta.

#### **5.- Rogos e preguntas**

Non habendo preguntas nin asuntos que tratar a presidenta da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

## Orde do Día

- 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior
- 2.- Informes
- 3.- Seguimento 2021-22: análise e aprobación dos informes de resultados das titulacións do centro e propostas para o plan de mellora.
- 4.- Rogos e preguntas

## Relación de Asistentes

- |                                  |                              |                                |
|----------------------------------|------------------------------|--------------------------------|
| • Alonso López Eva               | • Díaz Rubio Olga            | • Luzardo Álvarez Asteria M.   |
| • Barcia Vieitez Ramiro          | • Fernandez Carrasco Eugenio | • Martínez Ageitos José Manuel |
| • Blanco Méndez Jose             | • Fraga López Francisco José | • Ramos Martínez Juan Ignacio  |
| • Casabiell Pintos Jesús Antonio | • Gay González Concepción    | • Vázquez Vázquez Manuel       |

Ás 10:00 horas do día 28 de marzo de 2023 reúnense no Salón de Graos do centro os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

A decana e presidenta da Comisión indica que a sesión é mixta, todos os membros asisten de forma presencial excepto Eva Alonso López, que solicitou asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 28/10/2021, aproba a súa asistencia por estes medios. Informa de que desculpan asistencia Jesús Antonio Casabiell Pintos, Olga Díaz Rubio, María Ángeles Romero Rodríguez, Valeria Fernanda Esteban Galvis e Andrés Vilaboa Díaz. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

### 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior

A decana informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 25/11/2022, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

### 2.- Informes

A decana comenta que onte día 27 de marzo, na Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno aprobouse o Manual do Sistema de Garantía de Calidade da facultade de Ciencias (6ª edición) correspondente ao curso 2021-22, que foi aprobado pola Comisión de Calidade o 19/07/2022 e pola Xunta de Facultade o 7/10/2022.

Na citada Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno tamén se comentou o atrasado acumulado nos procesos dependentes da ACSUG.

Con respecto ao plan estratéxico do centro, a ACSUG aínda non puxo en disposición dos centros guías nin recomendacións para elaboralo. En maio celebrarase un Claustro onde se van a expoñer as liñas estratéxicas da USC, e a partir de aí, os centros poderán adaptalas para facer as súas liñas estratéxicas.

### 3.- Seguimento 2021-22: análise e aprobación dos informes de resultados das titulacións do centro e propostas para o plan de mellora.

En relación ao proceso de seguimento anual, as distintas comisións de títulos do centro, de acordo co proceso PC-05 Análise de Resultados e Mellora dos Programas do Manual de Procesos do Centro, analizaron os resultados obtidos, co obxecto de determinar se é preciso propoñer algunha acción de mellora, e elaboraron os correspondentes informes anuais de resultados. Estes informes, preséntanse para aprobación na Comisión de Calidade do Centro no marco do proceso PE-02 Revisión e Mellora, no que se realiza a análise global dos resultados do centro, do funcionamento do SGC e a través do que se elabora o plan de melloras incluído na memoria de calidade do centro.

A decana cedeu a palabra en primeiro lugar ao coordinador do **grao en Bioquímica**, o cal informou das cuestións máis relevantes sobre a información proporcionada pola Área de Calidade, analizada e recollida pola comisión do título no Informe Anual de Resultados.

Tras esta intervención, os asistentes acordan por asentimento aprobar o Informe Anual de Resultados do **grao en Bioquímica** para o curso 2021-22 que se acompaña como ANEXO 1 a este acta.

A continuación a decana cedeu a palabra á coordinadora do grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais a cal informou das cuestións máis relevantes sobre a información proporcionada pola Área de Calidade, analizada e recollida pola comisión do título **GEPQI** no Informe Anual de Resultados.

Deseguido os asistentes acordan por asentimento aprobar o Informe Anual de Resultados do **GEPQI** para o curso 2021-22 que se acompaña como ANEXO 2 a este acta.

A decana e o responsable de calidade do centro informaron a continuación das cuestións máis relevantes sobre a información proporcionada pola Área de Calidade, analizada e recollida pola comisión do título **GNHD** no Informe Anual de Resultados.

Finalmente, os asistentes acordan por asentimento aprobar o Informe Anual de Resultados do **GNHD** para o curso 2021-22 que se acompaña como ANEXO 3 a este acta.

A decana cedeu a palabra ao coordinador do título **MINSTA**, o cal informou das cuestións máis relevantes sobre a información proporcionada pola Área de Calidade, analizada e recollida pola comisión no Informe Anual de Resultados.

Deseguido os asistentes acordan por asentimento aprobar o Informe Anual de Resultados do **MINSTA** para o curso 2021-22 que se acompaña como ANEXO 4 a este acta.

A decana cedeu a palabra ao coordinador do título **MEPA**, o cal informou das cuestións máis relevantes sobre a información proporcionada pola Área de Calidade, analizada e recollida pola comisión do título **MEPA** no Informe Anual de Resultados.

Finalmente, os asistentes acordan por asentimento aprobar o Informe Anual de Resultados do **MEPA** para o curso 2021-22 que se acompaña como ANEXO 5 a este acta.

**4.- Rogos e preguntas**

Non habendo preguntas nin asuntos que tratar a decana da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A DECANA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

## Orde do Día

- 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior.
- 2.- Informes.
- 3.- Aprobación se procede do proxecto inicial de modificación da memoria de verificación do Grao en Bioquímica.
- 4.- Aprobación se procede do proxecto inicial de memoria de verificación do Máster en Biociencias Moleculares.
- 5.- Rogos e preguntas.

## Relación de Asistentes

- |                                  |                              |                                |
|----------------------------------|------------------------------|--------------------------------|
| • Barcia Vieitez Ramiro          | • Gay González Concepción    | • Martínez Ageitos José Manuel |
| • Blanco Méndez Jose             | • Herrero Latorre, Carlos    | • Pérez Fandiño, Marta         |
| • Casabiell Pintos Jesús Antonio | • Luzardo Álvarez Asteria M. | • Ramos Martínez Juan Ignacio  |
| • Esteban Galvis, Valeria F.     |                              |                                |

Ás 13:00 horas do día 13 de abril de 2023 reúnense no Salón de Graos do centro os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

A decana e presidenta da Comisión informa que desculpan asistencia Olga Díaz Rubio, María Ángeles Romero Rodríguez, José Carlos Quintas Fernández, María José Vázquez Vila e Eva Alonso López. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

### 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior

A decana informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 28/03/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes é aprobada por asentimento.

### 2.- Informes

A decana comenta que non se presenta ningún informe.

### 3.- Aprobación se procede do proxecto inicial de modificación da memoria de verificación do Grao en Bioquímica.

A decana informa que tendo en conta o indicado no Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanza universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade e o Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na USC, aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 28 de outubro de 2022; procedeuse á modificación da memoria do título.

As principais modificacións realizadas foron:

- I. Adscrición do Grao a un ámbito de coñecemento dos relacionados no anexo I do RD 822/2021 e tamén das materias de formación básica aos ámbitos de coñecemento que correspondan.

Segundo o artigo 8 do Regulamento, todos os títulos de grao deberán adscribirse, a través dunha declaración explícita na memoria de verificación, a un dos ámbitos de coñecemento recollidos no anexo I do Real Decreto 822/21, no lugar de facelo a ramas de coñecemento.

Analizando o citado anexo I no caso do GBQ o ámbito de coñecemento axeitado para o mesmo é o denominado “Bioquímica y biotecnología”.

Tendo en conta o artigo 22 do Regulamento, os plans de estudos de grao de 240 créditos terán un mínimo de 60 créditos de formación básica organizados en materias dun mínimo de 6 créditos e ofertados na primeira metade da titulación. Como mínimo a metade destes créditos estarán vinculados ao ámbito de coñecemento ao que se adscribe o título.

Co fin de adaptarse a este regulamento modificouse a consideración de 3 materias de formación básica (Microbioloxía, Química Analítica e Fisioloxía Animal I), que pasan a ser materias de carácter obrigatorio; e 3 materias obrigatorias (Bioquímica Estrutural, Bioquímica Metabólica e Química Orgánica I) pasan a ser materias de formación básica.

II. Modificación das mencións ao non cumprir o número mínimo de créditos, que agora se establece como mínimo no 20% da carga de créditos total do grao.

O artigo 20 do Regulamento establece que as mencións deben ter como mínimo o 20% da carga de créditos totais do grao, que no caso do GBQ ao constar de 240 créditos ECTS ascendería a 48 créditos ECTS.

Actualmente na memoria verificada do GBQ contémpanse 2 mencións: Mención en Bioquímica Agroalimentaria e Mención en Bioquímica Aplicada, que ofertan 42 créditos cada unha e para obter calquera destas mencións o estudantado deberá cursar 12 ECTS das materias optativas correspondentes a cada mención. Tamén poderá o estudantado completar o plan de estudos sen obter ningunha das mencións, cursando os créditos optativos de entre as materias ofertadas.

O que se propón na memoria modificada é eliminar as mencións existentes e que o alumnado curse os 12 créditos optativos necesarios para completar o plan de estudos de entre as materias ofertadas, sendo preciso racionalizar a oferta de optatividade, xa que o artigo 23 do Regulamento indica que os plans de estudos terán un máximo dun 15% de créditos optativos do total de créditos do título (en casos excepcionais xustificados poderá superarse ese límite) e que a oferta de créditos en materias optativas estará entre o dobre e o triplo dos créditos optativos que deba cursar o/a estudante, sempre que non se superen os 72 créditos.

Segundo isto, mantendo a distribución actual de créditos da memoria, pola cal é preciso cursar 12 créditos optativos, a oferta destes créditos podería estar entre 24 e 36. Na actualidade a oferta de optativas do grao ascende a 78 créditos (13 materias) polo que é preciso reducila polo menos en 42 créditos (7 materias).

As 7 materias eliminadas da oferta de optativas son: Bioquímica da actividade física e do avellentamento, Bioquímica dos alimentos, Interacción e recoñecemento en biomoléculas, Manexo básico de roedores e lagomorfos en experimentación, Microbioloxía industrial, Nutrición humana avanzada, e Toxicoloxía alimentaria.

III. Adaptación da memoria do grao ao modelo establecido no anexo II do RD 822/2021.

Tendo en conta o artigo 65 do citado Regulamento, ao precisar modificar as mencións, implica unha modificación substancial do título. Segundo a disposición transitoria quinta, apartado 2 do RD 822/2021 cando a universidade propón unha modificación substancial do título é preciso adaptar a memoria ao modelo establecido no anexo II do citado RD.

A presidenta comenta que ademais se actualizaron algúns cambios non substanciais realizados no título e que non figuraban na memoria, como a substitución da materia optativa de 6 ECTS Cribado Farmacolóxico Experimental pola materia Epidemioloxía e Saúde Pública tamén optativa e de 6 ECTS.

A decana sinala que se realizou unha reformulación do apartado de Resultados do Proceso de Formación e da Aprendizaxe; volvéronse a describir as actividades formativas e adaptáronse as metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación.

Finalmente actualizouse a información sobre o persoal docente e o cronograma de implantación do título; implantación que se fará nunha soa vez, mentres que a extinción do plan antigo realizarase curso a curso.

A continuación a presidenta comenta que non se realizaron cambios no marco temporal, nin de contidos nin de adscrición das materias; e que se seguen mantendo os requisitos xerais e específicos do título recolleitos nos artigos 4 e 5 do Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan os ensinos universitarios oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que se considera que a memoria modificada do grao segue tendo validez.

A continuación, a decana somete o proxecto inicial de modificación da memoria de verificación do Grao en Bioquímica a aprobación dos membros da Comisión de Calidade, resultando aprobada por asentimento.

A proposta definitiva da modificación da memoria do Grao en Bioquímica estará incorporada na correspondente acta da Xunta de Facultade.

#### **4.- Aprobación se procede do proxecto inicial de memoria de verificación do Máster en Biociencias Moleculares.**

A decana informa que dentro da convocatoria anual de novas propostas e modificacións de memorias de graos, mestrados e programas de doutoramento, atopámonos neste momento na etapa na que unha vez elaborado o proxecto inicial de memoria de verificación do máster en Biociencias Moleculares, débese enviar toda a documentación ao SXOPRA con data límite o 14 de abril (aínda que hai 3 días naturais, ata o día 17, para entregar outra documentación complementaria).

A partir dese día (17 de abril), ábrese un período de exposición da documentación a centros e departamentos. Nestes días tamén foi enviado este proxecto inicial de memoria a centros e departamentos para a solicitude dos compromisos de docencia.

A preparación deste proxecto inicial de memoria foi moi laborioso xa que o feito de que sexa intercentros e bicampus, engade complexidade a todo o proceso.

Con respecto ao proxecto inicial da memoria para esta nova titulación, hai que dicir que ten exactamente a mesma estrutura que as memorias de grao.

A decana inicia neste momento a descrición do proxecto de memoria, indicando que o obxectivo da comisión redactora foi sempre o mesmo, tendo en conta o programa de materias e de contidos, que teñen principalmente os estudantes dos graos en Bioquímica e en Biotecnoloxía, propoñer contidos que poderían ser complementarios á súa formación; pero tamén propoñer contidos que poderán ser de interese para os egresados de graos de ciencias ou de ciencias da saúde.

Tendo en conta estas premisas, expónse un máster de 90 ECTS, cunha distribución de 30 ECTS por semestre. Ademais propónse a realización obrigatoria de prácticas externas (12 ECTS) e un TFM cunha carga de 18 ECTS. Neste máster non se contemplan especialidades.

A distribución de créditos entre materias obrigatorias e materias optativas realizouse seguindo o regulamento da USC; de tal maneira que se propoñen 7 materias obrigatorias de 6 ECTS cada unha, o que suma 42 ECTS obrigatorios.

As materias propostas como **obrigatorias** serían as seguintes:

- Técnicas analíticas e moleculares avanzadas.
- Resistoma e xenómica da resistencia antimicrobiana. Terapias innovadoras alternativas.
- Fronteiras en inmunoloxía.
- Caracterización e estudos *in vitro* de compostos bioactivos.
- Deseño experimental e análise de datos.
- Técnicas de intelixencia artificial aplicadas ao ámbito biomolecular.
- Comportamento estratéxico nos mercados biotecnolóxicos.

Ofértanse ademais 8 materias optativas de 4,5 ECTS, das que o estudante terá que elixir 4, o que se correspondería con 18 ECTS en materias optativas.

As materias propostas como **optativas** serían as seguintes:

- Biomateriales: propiedades e aplicacións biomédicas e alimentarias.
- Interacción e recoñecemento de biomoléculas.
- Técnicas e métodos avanzados no estudo do sistema nervioso.
- Nanomateriales e metais en terapia e diagnóstico.
- Terapias moleculares, xénicas e celulares.
- Biotecnoloxía e sociedade.
- Fundamentos de bioloxía sintética.
- Biociencias moleculares e economía circular.

As fichas das materias propostas foron enviadas ás secretarías dos departamentos que se considera que poderían ter interese en participar na docencia do máster.

A continuación ábrese unha quenda de intervencións entre os asistentes á reunión.

Toma a palabra en primeiro lugar o profesor Carlos Herrero para sinalar unha serie de aspectos que segundo a súa opinión deberíanse ter en conta para mellorar a proposta de memoria presentada.

Carlos Herrero quiere agradecer antes de nada o traballo realizado pola Comisión Redactora do máster en Biociencias Moleculares; para pasar a detallar unha serie de aspectos sobre varias materias propostas:

- Nas materias “Deseño experimental e análise de datos” e “Técnicas de intelixencia artificial aplicadas ao ámbito biomolecular”, obsérvase unha superposición de contidos, e propón que se realice unha reunión dos profesores das áreas implicadas para coordinar ambas as materias e solucionar o problema.
- Na materia “Técnicas analíticas e moleculares avanzadas”, os contidos son moi diversos e dispares, e na súa opinión con 6 ECTS non hai tempo material para desenvolver todos.
- Nas materias ofertadas non hai contidos relacionados coa calidade e na súa opinión este aspecto debería contemplarse no programa de estudos do máster.

A decana responde o profesor Herrero comunicándolle que as súas achegas serán trasladadas á Comisión Redactora.

A continuación interveñen os profesores Ramos , Casabiell, Martínez e Blanco, para sinalar diferentes aspectos relacionados coa orixe das propostas, a necesidade dun maior número de reunións entre as áreas implicadas, os titulados que poderían estar interesados en realizar o máster, e a amplitude de contidos dalgunhas das materias propostas.

A decana responde que se pensou inicialmente nun máster dirixido aos graduados en Bioquímica, pero coa incorporación da facultade de Bioloxía á proposta, cambiouse o obxectivo, facendo que o máster (mantendo un certo grao de singularidade, evitando duplicidades con outros títulos existentes nas universidades galegas), sexa atractivo para un abanico máis amplo de titulados.

A continuación, a decana somete o proxecto inicial de memoria de verificación do Máster en Biociencias Moleculares a aprobación dos membros da Comisión de Calidade, resultando aprobada por asentimento.

A proposta definitiva do proxecto inicial de memoria de verificación do Máster en Biociencias Moleculares estará incorporada na correspondente acta da Xunta de Facultade.

## 5.- Rogos e preguntas

Non habendo preguntas nin asuntos que tratar a decana da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A DECANA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

## Orde do Día

- 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior.
- 2.- Informes.
- 3.- Aprobación se procede da modificación do Manual do Sistema de Garantía de Calidade do Centro.
- 4.- Aprobación se procede da modificación do manual de Procesos do Centro.
- 5.- Rogos e preguntas.

## Relación de Asistentes

- |                                  |                           |                               |
|----------------------------------|---------------------------|-------------------------------|
| • Barcia Vieitez Ramiro          | • Díaz Rubio Olga         | • Luzardo Álvarez Asteria M.  |
| • Blanco Méndez Jose             | • Gay González Concepción | • Ramos Martínez Juan Ignacio |
| • Casabiell Pintos Jesús Antonio | • Herrero Latorre, Carlos | • Vázquez Vázquez Manuel      |

Ás 9:30 horas do día 21 de abril de 2023 reúnense no Salón de Graos do centro os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

A decana e presidenta da Comisión informa que desculpan asistencia José Manuel Martínez Ageitos, Eugenio Fernández Carrasco, María Ángeles Romero Rodríguez, María José Vázquez Vila, Valeria Fernanda Esteban Galvis, Eva Alonso López, Marta Pérez Fandiño e Andrés Vilaboa Díaz. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

### 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior

A decana informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 13/04/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación.

O secretario da comisión indica que debe engadirse á acta a desculpa de asistencia da profesora María José Vázquez Vila.

Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

### 2.- Informes

A decana comenta que non se presenta ningún informe.

### 3.- Aprobación se procede da modificación do Manual do Sistema de Garantía de Calidade do Centro.

A decana informa que tendo en conta o Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na USC, aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 28 de outubro de 2022, e tamén a extinción do Máster en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental, procedeuse á modificación do Manual do Sistema de Garantía de Calidade do Centro.

As principais modificacións realizadas foron:

- No curso 2020-21 comezou a oferta académica do Programa de Grao aberto 5USC Enxeñarías, que no curso 2022-23 pasou a chamarse Grao aberto USC Enxeñarías.

- Como consecuencia da extinción do Máster en Prevención de Riscos Laborais e Saúde Medioambiental, elimínanse da comisión de calidade os representantes deste título.
- Nas 5 comisións de título inclúense 2 representantes de estudantes.

Tomando como referencia a política de calidade da USC (enmarcada dentro do despregamento do seu plan estratéxico) a Facultade elabora a súa política; de tal maneira que cando a USC varíe o plan estratéxico, adaptárase a política de calidade do centro.

A continuación, a decana somete a modificación do Manual do Sistema de Garantía de Calidade do Centro á aprobación dos membros da Comisión de Calidade, resultando aprobada por asentimento e que se acompaña como **Anexo 1** á presente acta.

#### **4.- Aprobación se procede da modificación do manual de Procesos do Centro.**

A presidenta cede a palabra ao responsable de calidade do centro que pasa a describir as modificacións realizadas no Manual de Procesos do Centro, que se centraron na actualización das referencias aos procesos institucionais e dos rexistros de evidencias.

Tras a exposición do responsable de calidade, a presidenta somete a aprobación a modificación do Manual de Procesos do Centro, que é aprobada por asentimento e que se acompaña como **Anexo 2** á presente acta.

#### **5.- Rogos e preguntas**

Non habendo preguntas nin asuntos que tratar a decana da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A DECANA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

## Orde do Día

- 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior.
- 2.- Informes.
- 3.- Aprobación se procede do Informe do Plan de Acción Titorial curso 2021-22 e do Plan de Acción Titorial curso 2022-23.
- 4.- Aprobación se procede do Informe do Plan de Captación curso 2021-22 e do Plan de Captación curso 2022-23.
- 5.- Informe de Incidencias da Facultade de Ciencias curso 2021-22.
- 6.- Aprobación se procede da Memoria de Calidade da Facultade de Ciencias do curso 2021-22.
- 7.- Rogos e preguntas.

## Relación de Asistentes

- |                                  |                                            |                                    |
|----------------------------------|--------------------------------------------|------------------------------------|
| • Alonso López Eva               | • Herrero Latorre, Carlos                  | • Rivera Gómez Jorge               |
| • Barcia Vieitez Ramiro          | • Luzardo Álvarez Asteria M <sup>a</sup> . | • Vázquez Vázquez Manuel           |
| • Casabiell Pintos Jesús Antonio | • Martínez Ageitos José Manuel             | • Vázquez Vila M <sup>a</sup> José |
| • Gay González Concepción        | • Ramos Martínez Juan Ignacio              |                                    |

Ás 12:00 horas do día 16 de maio de 2023 reúnen no Salón de Graos do centro os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

A presidenta indica que todos os membros asisten de forma presencial excepto, Eva Alonso López que solicitou a asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 14/04/2023, aproba a súa asistencia por estes medios. Informa que desculpan asistencia Marta Pérez Fandiño e Eugenio Fernández Carrasco e que José Blanco Méndez asiste en calidade de invitado. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

### 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior

A decana informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 21/04/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación.

Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

### 2.- Informes

A decana comenta que non se presenta ningún informe, pero lembra que ao longo do mes de xuño procederase ao proceso de renovación do certificado de implantación do SGC da Facultade.

### 3.- Aprobación se procede do Informe do Plan de Acción Titorial curso 2021-22 e do Plan de Acción Titorial curso 2022-23.

A presidenta sinala que o Informe do Plan de Acción Titorial realizouse en base aos informes anteriores, achegando as novidades do curso 2021-22.

As actividades dos alumnos titores son similares ás realizadas en anos anteriores, aínda que cabe sinalar que non se realizaron demasiadas actividades, que se observa pouca participación do alumnado e como consecuencia houbo un número reducido de alumnos titores, o que debe levar a realizar algún tipo de acción coa finalidade de fomentar a participación dos estudantes.

O Plan de Acción Titorial do curso 2022-23, tamén presenta un formato similar ao de cursos anteriores e do mesmo xeito que o que se indicou no Informe do Plan de Acción Titorial, débese tentar fomentar a participación dos estudantes en todas as actividades relacionadas co centro.

Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes, tanto o Informe do Plan de Acción Titorial do curso 2021-22 como o Plan de acción Titorial do curso 2022-23 son aprobados por asentimento e achegándose á acta como **Anexos 1 e 2** respectivamente.

#### **4.- Aprobación se procede do Informe do Plan de Captación curso 2021-22 e do Plan de Captación curso 2022-23.**

A presidenta informa que neste caso, a dinámica do Plan de Captación foi moi similar á de cursos anteriores. No Informe do Plan de Captación curso 2021-22, recóllense a celebración das Xornadas de Portas Abertas ou as charlas temáticas que imparten nos centros de ensino secundario profesores do centro.

Con respecto ao Plan de Captación do curso 2022-23, a decana sinala que tamén presenta un formato similar ao de cursos anteriores, e reflexiona sobre a forma de articular algunha medida que dea información sobre os resultados das diferentes actividades de captación realizadas desde o centro.

Tras estes comentarios da presidenta ábrese unha quenda de comentarios por parte dos membros da comisión acerca de diferentes experiencias no desenvolvemento das actividades que teñen por obxecto transmitir aos estudantes de educación secundaria información sobre os estudos que se imparten na Facultade e as sensacións que se tiveron. Tamén se comentou a posibilidade de poder organizar algunha actividade de divulgación realizada por investigadores de prestixio que puidese centrar a atención no campus de Lugo.

A presidenta somete a aprobación o Informe do Plan de Captación do curso 2021-22 e o Plan de Captación do curso 2022-23 quedando aprobados por asentimento e achegándose á acta como **Anexos 3 e 4** respectivamente.

#### **5. Informe de Incidencias da Facultade de Ciencias curso 2021-22.**

Os recursos que se reflicten neste apartado foron recibidos na Oficina de Análise de Reclamacións da USC (OAR). Trátase de recursos relacionados cos procesos de Xestión Académica, certificados, etc., que son os que serven de base á medición dos indicadores de calidade, e que resultan necesarios para o seguimento e renovación do sistema de Xestión de Calidade do que dispón a área académica da USC.

O número de reclamacións, recursos, queixas e suxestións presentados adoita ser pequeno e no curso 2021-22 foi, aínda máis baixo, 1 recurso desestimado e 2 reclamacións.

O Informe de Incidencias da Facultade de Ciencias curso 2021-22 achégase a acta como **Anexo 5**.

**6. Aprobación se procede da Memoria de Calidade da Facultade de Ciencias do curso 2021-22.**

A presidenta cede a palabra ao responsable de calidade do centro que pasa a describir as novidades reflectidas na memoria de calidade para cada unha das directrices contempladas.

Tras a exposición do responsable de calidade, a presidenta somete a aprobación a Memoria de Calidade da Facultade de Ciencias do curso 2021-22, que é aprobada por asentimento e que se achega a esta acta como **Anexo 6**.

**7.- Rogos e preguntas**

Non habendo preguntas nin asuntos que tratar a decana da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A DECANA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

## Orde do Día

- 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior.
- 2.- Informes.
- 3.- Alegacións presentadas ao proxecto inicial de modificación da memoria de verificación do Grao en Bioquímica e respostas da Comisión de Título.
- 4.- Aprobación se procede do proxecto definitivo de modificación da memoria de verificación do Grao en Bioquímica.
- 5.- Alegacións presentadas ao proxecto inicial de memoria de verificación do Máster en Biociencias Moleculares e respostas da Comisión de Redacción.
- 6.- Aprobación se procede do proxecto definitivo de memoria de verificación do Máster en Biociencias Moleculares.
- 7.- Rogos e preguntas.

## Relación de Asistentes

- |                                  |                                            |                                    |
|----------------------------------|--------------------------------------------|------------------------------------|
| • Barcia Vieitez Ramiro          | • Luzardo Álvarez Asteria M <sup>a</sup> . | • Vázquez Vázquez Manuel           |
| • Casabiell Pintos Jesús Antonio | • Martínez Ageitos José Manuel             | • Vázquez Vila M <sup>a</sup> José |
| • Díaz Rubio Olga                | • Ramos Martínez Juan Ignacio              |                                    |
| • Gay González Concepción        | • Romero Rodríguez M <sup>a</sup> Ángeles  |                                    |

Ás 11:30 horas do día 29 de maio de 2023 reúnense no Salón de Graos do centro os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

A presidenta informa que desculpan asistencia Eva Alonso López, Eugenio Fernández Carrasco, Carlos Herrero Latorre e Andrés Vilaboa Díaz. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

### 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior

A decana informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 16/05/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

### 2.- Informes

A decana comenta que non se presenta ningún informe.

### 3.- Alegacións presentadas ao proxecto inicial de modificación da memoria de verificación do Grao en Bioquímica e respostas da Comisión de Título.

A decana informa que tendo en conta o indicado no Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanza universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade e o Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na USC, aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 28 de outubro de 2022; procedeuse á modificación da memoria do título.

Segundo o calendario establecido na convocatoria anual pola Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, unificado coas outras dúas universidades de Galicia, tras unha fase de exposición pública a centros e departamentos das memorias dos títulos (entre o 17 de abril e o 2 de maio), recibíuse unha alegación do departamento de Matemática Aplicada.

No documento presentado por este departamento expónse que debido á experiencia acumulada no tempo no que leva impartindo a materia “Matemáticas”, considera como máis conveniente para organizar e impartir os contidos da materia, modificar a distribución das horas de clases expositivas e das clases interactivas de seminario da seguinte maneira:

-As horas de docencia expositiva pasarían de 33 a 36.

-As horas de docencia interactiva de seminario pasarían de 15 a 12.

A presidenta sinala que esta alegación, despois de ser comentada co profesorado encargado da docencia desta materia, valorouse e aceptouse na comisión do título do grao en Bioquímica, porque se considera que os motivos achegados son razoables para mellorar a docencia da materia.

Finalmente, os asistentes acordan por asentimento aprobar a resposta da Comisión do Título á alegación presentada ao proxecto inicial de modificación da memoria de verificación do Grao en Bioquímica, a cal deberá ser sometida á aprobación da Xunta de Centro na que se incorporará como anexo á acta.

#### **4.- Aprobación se procede do proxecto definitivo de modificación da memoria de verificación do Grao en Bioquímica.**

A decana indica que ao fin da alegación aceptada, incluírase na memoria do grao a modificación da distribución de horas de docencia expositiva e interactiva de seminario proposta polo departamento de Matemática Aplicada para a materia “Matemáticas”.

Tamén informa de que, segundo o indicado na convocatoria anual, será preciso emitir un informe razoado sobre a modificación da memoria do Grao por parte da Comisión de Calidade, ao que deu lectura.

Finalmente, os asistentes acordan por asentimento aprobar o proxecto definitivo de modificación da memoria de verificación do Grao en Bioquímica, o cal deberá ser sometido á aprobación da Xunta de Centro na que se incorporará como anexo á acta. Tamén acordan por asentimento aprobar o informe razoado da Comisión de Calidade sobre a modificación da memoria do Grao e que se acompaña como **Anexo 1** á presente acta.

#### **5. Alegacións presentadas ao proxecto inicial de memoria de verificación do Máster en Biociencias Moleculares e respostas da Comisión de Redacción.**

Unha vez finalizada a fase de exposición pública a centros e departamentos das memorias dos títulos (entre o 17 de abril e o 2 de maio), recibíronse 6 alegacións ao proxecto inicial da memoria de verificación do Máster en Biociencias Moleculares.

Á vista das alegacións presentadas, a Comisión Redactora do Máster en Biociencias Moleculares acordou as seguintes respostas:

- En relación á alegación presentada polos profesores Dona Sonia Valladares Rodríguez e D. Carlos Herrero Latorre sobre a superposición con contidos semellantes detectados entre as materias “Diseño Experimental y Análisis de Datos” e “Técnicas de Inteligencia Artificial Aplicadas al Ámbito Biomolecular”, obrigatorias de 6 créditos ECTS correspondentes ao 1º e 2º semestre respectivamente, unha vez analizadas as fichas das materias, efectivamente detectouse que se produce esta superposición, polo tanto, a Comisión de Redacción do Máster en Biociencias Moleculares acorda aceptar a alegación presentada e modificar os contidos na ficha da materia “Técnicas de Inteligencia Artificial Aplicadas al Ámbito Biomolecular” no proxecto de memoria do Máster en Biociencias Moleculares.

- Á vista das alegacións presentadas polo profesorado da Área de Estatística e Investigación Operativa do Campus de Lugo: María de las Nieves Muñoz Ferreiro, Antonio Sampayo Flores, José Manuel Colmenero Alvarez, Luis Alberto Ramil Novo e José María Alonso Mejjide, a Comisión Redactora do Máster en Biociencias Moleculares quixo facer as seguintes consideracións:

1. En relación á alegación sobre a inclusión da Área de Estatística e Investigación Operativa no cadro de profesorado asignado ao título e na materia “Diseño Experimental y Análisis de Datos” a Comisión, segundo o exposto, considera moi axeitado a inclusión desta Área.

2. En relación á alegación sobre a redistribución da docencia da materia entre as horas expositivas, interactivas de seminario e laboratorio/aula informática, e tendo en conta a aceptación previa deste cambio por parte da Área de Química Analítica, considerase oportuno este cambio.

3. En relación á alegación sobre o cambio de denominación da materia a “Diseño de Experimentos y Analisis Multivariante”, considérase que se axusta mellor tendo en conta os contidos da materia.

Polo tanto, e de acordo coas consideracións sinaladas anteriormente, a Comisión de Redacción do Máster en Biociencias Moleculares acorda aceptar as alegacións presentadas, incluíndo ao profesorado da Área de Estatística e Investigación Operativa entre o asignado ao título, concretamente na materia “Diseño de Experimentos y Analisis Multivariante”, da cal se acepta tamén a redistribución de horas docentes e o cambio de denominación.

- Á vista das alegacións presentadas polo profesorado da Área de Química Analítica con destino no Campus Terra: Julia Barciela García, Ana Mª Botana López, Sagrario García Martín, Carlos Herrero Latorre, Rosa Peña Crecente e Consuelo Pita Calvo, a Comisión Redactora do Máster en Biociencias Moleculares quixo facer as seguintes consideracións:

1. En relación á alegación sobre a incorporación dunha nova materia obrigatoria de 6 créditos denominada “Gestión de la Calidad en el Laboratorio Bioquímico”, a Comisión tamén está de acordo da importancia destes contidos e da necesidade da súa incorporación ao Máster, aínda que, dado que unha parte do alumnado xa os pode ter cursados, deberá incorporarse como unha materia optativa de 4,5 créditos, coa distribución horaria que figura na ficha da memoria.

2. En relación á alegación na que se propón a modificación dos contidos da materia “Técnicas Analíticas e Moleculares Avanzadas”, unha vez analizados a Comisión

considera que a modificación dos contidos supón unha mellora na estrutura da materia.

Polo tanto, e de acordo coas consideracións sinaladas anteriormente, a Comisión de Redacción do Máster en Biociencias Moleculares acorda aceptar parcialmente as alegacións presentadas, incluíndo a nova materia proposta denominada “Gestión de la Calidad en el Laboratorio Bioquímico”, con 4,5 créditos e carácter optativo, e tamén, aceptar a modificación dos estrutura e contidos da materia “Técnicas Analíticas e Moleculares Avanzadas”.

- Á vista das alegacións presentadas polo profesorado da Área de Tecnoloxía dos Alimentos: Ángel Cobos García, M<sup>a</sup> Ángeles Romero Rodríguez, Olga Díaz Rubio e Manuel Vázquez Vázquez, a Comisión Redactora do Máster en Biociencias Moleculares quixo facer as seguintes consideracións:

En relación á alegación indicada sobre a consideración de que a carga docente da Área de Tecnoloxía dos Alimentos na materia “Biomateriales: Propiedades y Aplicaciones Biomédicas y Alimentarias” é excesiva (3 créditos de 4,5) a Comisión Redactora considera que á vista da ficha da materia a estimación das horas de docencia podería distribuírse ao 50% entre esta Área e a de Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica.

Polo tanto, e de acordo coas consideracións sinaladas anteriormente, a Comisión de Redacción do Máster en Biociencias Moleculares acorda aceptar a alegación presentada e modificar na materia “Biomateriales: Propiedades y Aplicaciones Biomédicas y Alimentarias” a distribución da asignación de créditos, que será do 50% para as áreas Tecnoloxía dos Alimentos e Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica.

- Á vista das alegacións presentadas polo Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular, a Comisión Redactora do Máster en Biociencias Moleculares quixo facer as seguintes consideracións:

1. En relación á alegación sobre o incremento do número de créditos asignados á materia “Técnicas Analíticas y Moleculares Avanzadas”, a Comisión valorou positivamente o interese amosado polo Departamento, polo que podería incrementarse ata o dobre do previsto.

2. En relación á solicitude de cambio de carácter de obrigatoria a optativa da materia “Resistoma y Genómica de la Resistencia Antimicrobiana”, a Comisión estimou que non procede este cambio, xa que consideran que os coñecementos recollidos na mesma, están de plena actualidade e, polo seu carácter fundamental, deben ser adquiridos por todo o alumnado. Non debemos esquecer que a Estratexia de Especialización Intelixente RIS3 Galicia, ten como unha das grandes metas contribuír a dar resposta aos grandes retos e necesidades da sociedade nos que a biotecnoloxía vencellada á saúde terá moita relevancia, ámbito no que esta materia encaixa perfectamente.

3. En relación á solicitude de inclusión dunha nova materia denominada “Introducción a la Investigación y a la Financiación y Ejecución de Proyectos”, non se considera oportuno incluíla na oferta docente porque gran parte dos seus contidos, en concreto o Bloque I, xa son contemplados por outra materia obrigatoria da memoria proposta. En canto aos contidos do Bloque II, a comisión redactora considéraos interesantes e contempla a posibilidade de ofertalos como un curso complementario ao máster.

4. En relación á solicitude de inclusión dunha nova materia denominada “Análisis de Parámetros Bioquímicos en Organismos Vivos”, aínda que a Comisión redactora agradece a suxestión, considera que os contidos, moi diversos, non teñen entidade suficiente para constituír unha materia.

Polo tanto, e de acordo coas consideracións sinaladas anteriormente, a Comisión de Redacción do Máster en Biociencias Moleculares acorda:

Aceptar a alegación sobre o incremento do número de créditos asignados á materia “Técnicas Analíticas y Moleculares Avanzadas”.

Non aceptar a solicitude de cambio de carácter de obrigatoria a optativa da materia “Resistoma y Genómica de la Resistencia Antimicrobiana”.

Non aceptar a solicitude de inclusión dunha nova materia denominada “Introducción a la Investigación y a la Financiación y Ejecución de Proyectos”.

Non aceptar a solicitude de inclusión dunha nova materia denominada “Análisis de Parámetros Bioquímicos en Organismos Vivos”.

• Á vista das alegacións presentadas polo Departamento de Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica, a Comisión Redactora do Máster en Biociencias Moleculares quixo facer as seguintes consideracións:

En relación á alegación na que se manifesta en contra do procedemento seguido por consideralo incorrecto, a Comisión Redactora seguiu o indicado na Convocatoria anual novas propostas e modificación de memorias de graos, mestrados universitarios e programas de doutoramento para implantación no curso 2024-2025, (Consello de Goberno do 20 de outubro de 2022).

Nesta mesma convocatoria, se estableceron distintos prazos ao longo de todo o procedemento para que toda a comunidade universitaria, incluídos os departamentos, se manifestaran en relación ao contido da memoria do título.

A solicitude de nova proposta do título de Máster, foi efectuada mediante correspondente declaración de intencións, presentada nos prazos correspondentes e aprobada polo Consello de Goberno da USC o 26 de xaneiro de 2023.

Polo tanto, e de acordo coas consideracións sinaladas anteriormente, a Comisión de Redacción do Máster en Biociencias Moleculares acorda que non compre aceptar á alegación presentada, xa que non é competencia da Comisión Redactora a elaboración e aprobación do procedemento a seguir.

Todas as respostas da comisión redactora ás alegacións presentadas ao proxecto inicial de memoria de verificación do Máster en Biociencias Moleculares son aceptadas por asentimento polos asistentes, as cales deberá ser sometidas á aprobación da Xunta de Centro na que se incorporarán como anexos á acta.

## **6. Aprobación se procede do proxecto definitivo de memoria de verificación do Máster en Biociencias Moleculares.**

A decana sinala que na memoria incluíronse todas as modificacións derivadas das respostas ás alegacións recibidas.

Tamén informa de que, segundo o indicado na convocatoria anual, será preciso emitir un informe razoado sobre a memoria do Máster por parte da Comisión de Calidade, ao que deu lectura.

Finalmente, os asistentes acordan por asentimento aprobar o proxecto definitivo de memoria de verificación do Máster en Biociencias Moleculares, o cal deberá ser sometido á aprobación da Xunta de Centro na que se incorporará como anexo á acta. Tamén acordan por asentimento aprobar o informe razoado da Comisión de Calidade sobre a memoria do Máster e que se acompaña como **Anexo 2** á presente acta.

### 7.- Rogos e preguntas

Non habendo preguntas nin asuntos que tratar a decana da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A DECANA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

## Orde do Día

- 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior.
- 2.- Informes.
- 3.- Aprobación se procede do proxecto definitivo de modificación da memoria de verificación do Grao en Bioquímica unha vez recibido o informe previo de envío a verificación da SXU.
- 4.- Aprobación da memoria xustificativa e económica da modificación do Grao en Bioquímica.
- 5.- Rogos e preguntas.

## Relación de Asistentes

- |                                  |                                            |                                    |
|----------------------------------|--------------------------------------------|------------------------------------|
| • Barcia Vieitez Ramiro          | • Gay González Concepción                  | • Vázquez Vázquez Manuel           |
| • Casabiell Pintos Jesús Antonio | • Luzardo Álvarez Asteria M <sup>a</sup> . | • Vázquez Vila M <sup>a</sup> José |
| • Esteban Galvis, Valeria F.     | • Romero Rodríguez M <sup>a</sup> Ángeles  |                                    |

Ás 11:30 horas do día 11 de outubro de 2023 reúnen no Salón de Graos do centro os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados, e que Enrique Manuel Cabaleiro Lago, vicedecano da facultade, asiste en calidade de invitado.

A presidenta informa que desculpan asistencia Eva Alonso López, Olga Díaz Rubio, Eugenio Fernández Carrasco, Carlos Herrero Latorre, José Manuel Martínez Ageitos, Marta Pérez Fandiño, Juan Ignacio Ramos Martínez, Jorge Rivera Gómez e Andrés Vilaboa Díaz.

A continuación comeza cos puntos da orde do día.

### 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior

A decana informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 29/05/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación.

Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

### 2.- Informes

A decana comenta que non se presenta ningún informe.

### 3.- Aprobación se procede do proxecto definitivo de modificación da memoria de verificación do Grao en Bioquímica unha vez recibido o informe previo de envío a verificación da SXU.

A decana comeza a súa intervención lembrando que a Comisión Académica do Título, na súa reunión celebrada o 22 de novembro de 2022, a Comisión de Calidade do Centro, na súa reunión do 25 de novembro de 2022 e a Xunta de Facultade na súa reunión do 25 de novembro de 2022 acordaron propoñer a declaración de intencións co obxecto da modificación da memoria do Grao en Bioquímica para adaptala ao Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización dos ensinos oficiais e do procedemento de aseguramento da súa calidade e ao

Regulamento das titulacións oficiais de grao e máster universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na USC, aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 28 de outubro de 2022.

O Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela, na súa reunión do 26 de xaneiro de 2023, aprobou a viabilidade da modificación do Grao proposta desde a Facultade de Ciencias.

O 30 de xuño deste ano a Universidade de Santiago de Compostela solicitou o informe preceptivo de envío a verificación da modificación do Grao en Bioquímica á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

En resposta á citada solicitude, a Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia emitiu un Informe Favorable de envío a verificación da modificación do Grao en Bioquímica, para o curso 2024/2025, con carácter condicionado ao mantemento da mención de Bioquímica Agroalimentaria.

Tras esta resposta realizáronse varias reunións coa Vicerreitora de Titulacións e Internacionalización e á súa vez, a Vicerreitora reuniuse coa Secretaría Xeral de Universidades, quedando claro tras as citadas reunións, que non había outra posibilidade que manter a mención en Bioquímica Agroalimentaria.

Por este motivo tivéronse que realizar algúns axustes no plan de estudos. As principais modificacións realizadas son as seguintes:

Modificación das mencións existentes no Grao: Mención en Bioquímica Agroalimentaria e Mención en Bioquímica Aplicada, ao non cumprir co mínimo de créditos establecido no RD 822/2021 fixado no 20% da carga de créditos total do título, o que supón 48 créditos.

Dado o elevado número de créditos que implica cada unha das mencións, optouse por manter a Mención en Bioquímica Agroalimentaria, máis integrada nas liñas de especialización do Campus Terra, e eliminar a mención en Bioquímica Aplicada.

Para cumprir co requisito do mínimo de 48 créditos a cursar para a mención, reducíronse os créditos obrigatorios a cursar desde 150 a 126, trasladando 4 materias obrigatorias a optativas (Análise Xenómica e Bioinformática, Bioloxía Molecular das Plantas, Bioquímica Clínica e Nutrición), das cales se incorporaron á mención 2 delas (Bioloxía Molecular das Plantas e Nutrición); ao mesmo tempo incrementáronse os créditos optativos a cursar desde 12 a 36. Ademais, para completar os 48 créditos, incorporouse á mención o TFG que consta de 12 créditos e que será necesario que se realice en temáticas vinculadas á Mención.

Elimináronse 6 materias optativas (Bioquímica da Actividade Física e do Avellentamento, Manexo Básico de Roedores e Lagomorfos en Experimentación, Microbioloxía Industrial, Nutrición Humana Avanzada, Toxicoloxía Alimentaria e Interacción e Recoñecemento en Biomoléculas) das cales 3 corresponden á Mención en Bioquímica Agroalimentaria (Nutrición Humana Avanzada, Toxicoloxía Alimentaria e Microbioloxía Industrial). Incorporáronse 2 novas materias optativas (Enxeñaría de Biorreactores) co obxecto de reforzar a oferta da Mención.

Para levar a cabo todo este proceso foi necesario modificar o curso e semestre de impartición dalgunha das materias optativas ofertadas.

Ao mesmo tempo realizáronse outras modificacións na memoria relacionadas co cronograma de implantación, resultados do aprendizaxe, etc.

A decana comenta por último que o informe da Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia é absolutamente preceptivo para o Ministerio de Universidades e debe incluírse obrigatoriamente na aplicación do ministerio. Ademais, o Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica (SXOPRA) deu o visto e praxe ao proxecto definitivo de modificación da memoria de verificación do Grao en Bioquímica.

A continuación ábrese unha rolda de intervencións coa participación dos asistentes á reunión, na que se comentan diferentes aspectos sobre o proceso de modificación da memoria, que finalmente acordan por asentimento aprobar o proxecto definitivo de modificación da memoria de verificación do Grao en Bioquímica, o cal deberá ser sometido á aprobación da Xunta de Centro na que se incorporará como anexo á acta.

A decana explica que é necesario que a comisión de calidade do centro emita un informe no que se fagan constar as principais modificacións realizadas, que basicamente se poden resumir en:

1. Adscrición do Grao a un ámbito de coñecemento dos relacionados no anexo I do RD 822/2021 e tamén da formación básica aos ámbitos de coñecemento que correspondan.
2. Modificación das mencións existentes no Grao: Mención en Bioquímica Agroalimentaria e Mención en Bioquímica Aplicada, ao non cumprir co mínimo de créditos establecido no RD 822/2021 fixado no 20% da carga de créditos total do título, o que supón 48 créditos.
3. Adaptación da memoria do Grao ao modelo establecido no anexo II do RD 822/2021.

Finalmente os membros da comisión aproban por asentimento o informe razoado da Comisión de Calidade sobre a modificación da memoria do Grao e que se acompaña como **Anexo 1** á presente acta.

#### **4.- Aprobación da memoria xustificativa e económica da modificación do Grao en Bioquímica.**

Neste punto, a decana indica que se trata dun documento, que acompaña á modificación da memoria do título, xustificando a súa pertinencia e viabilidade económica.

A continuación, somete a Memoria Xustificativa e Económica da modificación do Grao en Bioquímica a aprobación dos membros da comisión, resultando aprobada por asentimento. a cal deberá ser sometida á aprobación da Xunta de Centro na que se incorporará como anexo á acta.

**5.- Rogos e preguntas**

A decana abre unha rolda de intervencións na que intervén en primeiro lugar María José Vázquez Vila solicitando unhas aclaracións sobre os cambios nas materias do grao en Bioquímica, tanto no número de optativas a cursar nos diferentes semestres como na posibilidade de obter ou non a Mención Agroalimentaria.

A decana responde comentando que as optativas se poderían empezar a cursar no 5º semestre do grao e que o alumnado tería as mesmas garantías para completar o grao tanto se elixe obter a Mención Agroalimentaria coma se decide non facelo.

En segundo lugar intervén M<sup>a</sup> Ángeles Romero Rodríguez comentando un aspecto relacionado coa redacción do informe aprobado pola comisión, en relación coas normas de igualdade de xénero.

Responde Concepción Gay González indicando que a redacción será corrixida.

Non habendo preguntas nin asuntos que tratar a decana da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A DECANA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

## Orde do Día

- 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior.
- 2.- Informes.
- 3.- Proposta de modificación da memoria do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais, convocatoria anual de tramitación de titulacións.
- 4.- Proposta de modificación da memoria do Grao en Nutrición Humana e Dietética, convocatoria anual de tramitación de titulacións.
- 5.- Proposta de modificación da memoria do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias, convocatoria anual de tramitación de titulacións.
- 6.- Información sobre a elaboración do Plan Estratéxico 2024-2026 da Facultade de Ciencias e nomeamento da Comisión Redactora.
- 7.- Revisión do estado das Accións de Mellora correspondentes ao Plan de Melloras do centro 2022-23.
- 8.- Rogos e preguntas.

## Relación de Asistentes

- |                                  |                                          |                                    |
|----------------------------------|------------------------------------------|------------------------------------|
| • Barcia Vieitez Ramiro          | • Herrero Latorre Carlos                 | • Vázquez Vázquez Manuel           |
| • Casabiell Pintos Jesús Antonio | • Luzardo Álvarez Asteria M <sup>a</sup> | • Vázquez Vila M <sup>a</sup> José |
| • Fernández Carrasco Eugenio     | • Martínez Ageitos José Manuel           |                                    |
| • Gay González Concepción        | • Pérez Fandiño Marta                    |                                    |

Ás 12:30 horas do día 22 de novembro de 2023 reúnen-se na aula N° 2 da 2ª planta do centro os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

A presidenta indica que todos os membros asisten de forma presencial excepto Marta Pérez Fandiño que solicitou asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 14/04/2023, aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén informa que desculpan asistencia Eva Alonso López, Olga Díaz Rubio, Valeria Fernanda Esteban Galvis, Juan Ignacio Ramos Martínez, M<sup>a</sup> Ángeles Romero Rodríguez e Andrés Vilaboa Díaz, e que Enrique Manuel Cabaleiro Lago, vicedecano da facultade, asiste en calidade de invitado.

A continuación comeza cos puntos da orde do día.

### 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior

A decana informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 11/10/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

### 2.- Informes

A decana comenta que non se presenta ningún informe.

### **3.- Proposta de modificación da memoria do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais, convocatoria anual de tramitación de titulacións.**

A decana comeza a súa intervención comentando que en días pasados tiveron lugar reunións das comisións de título dos graos de Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais (GEPQI) e de Nutrición Humana e Dietética (GNHD), así como da comisión académica do máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias (MINSTA), co obxecto principal de adaptalas ao Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización dos ensinos oficiais e do procedemento de aseguramento da súa calidade e ao Regulamento das titulacións oficiais de grao e máster universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na USC, aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 28 de outubro de 2022. Neste momento corresponde á comisión de calidade a análise e aprobación destas propostas de modificación e elaborar un informe razoado sobre as mesmas.

A decana sinala que segundo o indicado no Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade (disposición transitoria 5ª) e a planificación proposta pola Vicerreitoría de Titulacións, é preciso levar a cabo a adscrición do GEPQI a un ámbito de coñecemento e tamén dos créditos de formación básica dos cales polo menos a metade deberán estar vinculados ao mesmo ámbito de coñecemento ao que se inscribe o título.

Tamén indicou que tendo en conta o citado Real Decreto 822 e a guía da ACSUG, esta sería unha modificación non substancial do título.

Tendo en conta a convocatoria anual de tramitación de titulacións aprobada polo Consello de Goberno o pasado 11 de outubro, sería preciso presentar o Anexo V da citada convocatoria achegando a versión modificada do apartado correspondente da memoria, ademais do informe razoado da Comisión de Calidade do Centro e o acordo de Xunta de Facultade.

Na reunión da Comisión do Título de GEPQI celebrada o pasado 10 de novembro, tras a revisión da normativa e da planificación das ensinanzas da memoria vixente do título acordouse adscribir o Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais e a formación básica do mesmo ao ámbito de coñecemento denominado: “Ingeniería química, ingeniería de los materiales e ingeniería del medio natural”.

Con posterioridade, despois dunha reflexión máis profunda, parece que o ámbito de coñecemento no que se encadraría mellor o GEPQI é o denominado: “Ingeniería industrial, ingeniería mecánica, ingeniería automática, ingeniería de la organización industrial e ingeniería de la navegación”, polo que se propón a esta comisión o cambio no ámbito de coñecemento con respecto a proposta presentada pola Comisión do Título do GEPQI.

Intervén a continuación José Manuel Martínez Ageitos, coordinador de calidade e que ademais é membro da comisión do GEPQI, para explicar este cambio no ámbito de coñecemento proposto. Indica que á vista da memoria do título, xa desde a confección da memoria inicial, quedou patente que se diferencia amplamente do grao en Enxeñaría Química ofertado pola USC, o cal se fixo aínda máis evidente coa modificación posterior do GEPQI no 2017. É precisamente nesa diferenza na que se baseou tamén a proposta de solicitude de determinación de carácter singular do título,

presentada o curso pasado e que aínda se atopa sen resposta por parte da Xunta de Galicia. Tendo en conta todo isto, o ámbito de coñecemento máis axeitado e no que debería encadrarse esta titulación é o denominado “Ingeniería industrial, ingeniería mecánica, ingeniería automática, ingeniería de la organización industrial e ingeniería de la navegación”.

Os asistentes tendo en conta todas as consideracións anteriores **acordaron por unanimidade** adscribir o Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais e a formación básica do mesmo ao ámbito de coñecemento denominado: “Ingeniería industrial, ingeniería mecánica, ingeniería automática, ingeniería de la organización industrial e ingeniería de la navegación”. Acompáñase copia do Anexo V da convocatoria como **Anexo 1** á presente acta.

A continuación a decana deu lectura á proposta de informe razoado da Comisión sobre as modificacións propostas que é preciso acompañar á solicitude de modificación, o cal foi aprobado por asentimento e que se acompaña como **Anexo 2** á presente acta.

#### **4.- Proposta de modificación da memoria do Grao en Nutrición Humana e Dietética, convocatoria anual de tramitación de titulacións.**

Neste punto, a decana sinala que tendo en conta o indicado no Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade (disposición transitoria 5ª) e a planificación proposta pola Vicerreitoría de Titulacións, é preciso levar a cabo a adscripción do GNHD a un ámbito de coñecemento e tamén dos créditos de formación básica dos cales polo menos a metade deberán estar vinculados ao mesmo ámbito de coñecemento ao que se inscribe o título.

Adicionalmente tamén indicou que sería preciso substituír a materia optativa Química e Gastronomía que deixou de ofertarse o pasado curso 2021-22 por outra de interese para o alumnado. A materia proposta sería a denominada Ergoxenia co mesmo número de créditos e organización temporal dentro do plan de estudos. A continuación deu lectura á ficha da materia xunto co compromiso do departamento de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía para asumir a docencia.

Tamén indicou que tendo en conta o citado Real Decreto 822 e a guía da ACSUG, todas estas serían modificacións non substanciais do título.

Tendo en conta a convocatoria anual de tramitación de titulacións aprobada polo Consello de Goberno o pasado 11 de outubro, sería preciso presentar o Anexo V da citada convocatoria achegando a versión modificada dos apartados correspondentes da memoria, ademais do informe razoado da Comisión de Calidade do Centro e o acordo de Xunta de Facultade.

Na reunión da Comisión do Título de GNHD celebrada o pasado 10 de novembro, tras a revisión da normativa e da planificación das ensinanzas da memoria vixente do título acordouse levar a cabo as seguintes modificacións:

1. Adscribir o Grao en Nutrición Humana e Dietética ao ámbito de coñecemento denominado: “fisioterapia, podoloxía, nutrición e dietética, terapia ocupacional, óptica e optometría e logopedia”
2. Vincular os créditos de formación básica aos seguintes ámbitos de coñecemento:

- Bioquímica y biotecnología, inclúe a materia Bioquímica
- Física y astronomía, inclúe a materia Física para Ciencias da Vida
- Fisioterapia, podología, nutrición y dietética, terapia ocupacional, óptica y optometría y logopedia, inclúe as materias:
  - o Bioloxía Humana
  - o Anatomía e Histoloxía Humana
  - o Fisioloxía Humana I
  - o Fisioloxía Humana II
  - o Fundamentos Antropolóxicos da Alimentación
- Matemáticas e estatística, inclúe a materia Bioestadística
- Química, inclúe as materias:
  - o Química I
  - o Química II

3. Substituír a materia optativa Química e Gastronomía por outra nova proposta denominada Ergoxenia co mesmo número de créditos (3) e organización temporal dentro do plan de estudos.

Os asistentes tras a revisión da normativa e da planificación das ensinanzas da memoria vixente do título **acordaron por unanimidade** aprobar as modificacións propostas. Acompáñase copia do Anexo V da convocatoria como **Anexo 3** á presente acta e tamén a ficha da nova materia e compromiso do departamento como **Anexos 4 e 5**.

Neste punto intervéñen Marta Pérez Fandiño solicitando que a nova materia optativa poida ser impartida por un nutricionista titulado.

A decana respóndelle que a súa suxestión queda anotada e que xa tiveron conversas cos egresados acerca dos procedementos para a incorporación dos graduados á docencia na universidade.

A continuación a decana deu lectura á proposta de informe razoado da Comisión sobre as modificacións propostas que é preciso acompañar á solicitude de modificación, o cal foi aprobado por asentimento e que se acompaña como **Anexo 6** á presente acta.

#### **5.- Proposta de modificación da memoria do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias, convocatoria anual de tramitación de titulacións.**

A decana sinala que tendo en conta o indicado no Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade (disposición transitoria 5ª) e a planificación proposta pola Vicerreitoría de Titulacións, é preciso levar a cabo a adscrición do MINSTA a un ámbito de coñecemento. Tamén indicou que tendo en

conta o citado Real Decreto 822 e a guía da ACSUG, esta sería unha modificación non substancial do título.

Segundo a convocatoria anual de tramitación de titulacións aprobada polo Consello de Goberno o pasado 11 de outubro, sería preciso presentar o Anexo V da citada convocatoria achegando a versión modificada do apartado correspondente da memoria, ademais do informe razoado da Comisión de Calidade do Centro e o acordo de Xunta de Facultade.

Na reunión da Comisión do Título celebrada o pasado 13 de novembro, tras a revisión da normativa e da planificación das ensinanzas da memoria vixente do título acordouse adscribir o Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias ao ámbito de coñecemento denominado: “Ciencias agrarias y tecnología de los alimentos”.

Os asistentes a reunión, tras a revisión da normativa e da planificación das ensinanzas da memoria vixente do título acordaron por unanimidade aprobar a modificación proposta. Acompáñase copia do Anexo V da convocatoria como **Anexo 7** á presente acta.

A continuación a decana deu lectura á proposta de informe razoado da Comisión sobre as modificacións propostas que é preciso acompañar á solicitude de modificación, o cal foi aprobado por asentimento e que se acompaña como **Anexo 8** á presente acta.

#### **6.- Información sobre a elaboración do Plan Estratéxico 2024-2026 da Facultade de Ciencias e nomeamento da Comisión Redactora.**

A decana informa que aínda hai pendente unha reunión coa Vicerreitora de Titulacións e Internacionalización para tratar o Plan Estratéxico, pero dadas as conclusións adiantadas pola comisión avaliadora da implantación do SGC, nesta reunión da comisión de calidade debería crearse unha comisión de traballo que elaborase un plan estratéxico bianual (2024-26), tomando como referencia as liñas estratéxicas sinaladas na Programación Plurianual da USC (2023-2026).

A decana propón como membros para a comisión de traballo a Ramiro Barcia Vieitez, Enrique Manuel Cabaleiro Lago, Concepción Gay González, Aida Jover Ramos, Asteria M<sup>a</sup> Luzardo Álvarez e José Manuel Martínez Ageitos.

Esta proposta para a comisión de traballo é aprobada por asentimento.

A continuación José Manuel Martínez Ageitos pregunta sobre o informe da comisión avaliadora.

A decana indica que aínda non se recibiu informe, pero prevese que vai ser necesario elaborar un plan estratéxico, independentemente de que nese momento se dispoña ou non dun Plan Estratéxico institucional.

#### **7.- Revisión do estado das Accións de Mellora correspondentes ao Plan de Melloras do centro 2022-23.**

A presidenta cede a palabra ao responsable de calidade do centro que pasa a describir o estado das Accións de Mellora correspondentes ao Plan de Melloras do centro para o curso 2022-23.

**AMF2223-1** Incrementar o número de prazas ofertadas do MINSTA a 22 / Modificación da oferta do MINSTA proponendo á universidade incrementala ata 22 prazas.

Estado: Executada

No anexo IV da convocatoria de matrícula da USC para o curso 2023-24 figura que o número de prazas ofertadas para o MINSTA é 22.

**AMF2223-2** Instalación de novas infraestruturas, así como da adquisición de material e equipamento como consecuencia da súa ampliación, renovación ou substitución.

Estado: Executada

Neste ano como nos anteriores procedeuse á adquisición de material e equipamento para prácticas e tamén se está completando a renovación e a adecuación de infraestruturas e de espazos.

**AMF2223-3** Deseño dunha nova titulación de máster universitario que complemente a formación dos graduados en Bioquímica.

Estado: Executada

A Secretaría Xeral de Universidades emite o día 11 de setembro deste ano 2023 o Informe Favorable de envío a verificación do Máster Universitario en Biociencias Moleculares para o curso 2024/2025.

**AMF2223-4** Modificación do Plan de estudos do Grao en Bioquímica.

Estado: Executada

A Secretaría Xeral de Universidades emite o día 1 de setembro deste ano 2023 o Informe Favorable de envío a verificación da modificación do Grao en Bioquímica, para o curso 2024/2025, con carácter condicionado ao mantemento da mención de Bioquímica Agroalimentaria, para o que deberá facer os axustes oportunos que permitan o cumprimento do RD822/2021 e o Regulamento interno da USC.

### **8.- Rogos e preguntas**

Non habendo preguntas nin asuntos que tratar a decana da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A DECANA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

## Orde do Día

- 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior.
- 2.- Informes.
- 3.- Aprobación, se procede, da proposta de Plan Estratéxico e Plan de Mellora Anual 2024-2026.
- 4.- Rogos e preguntas.

## Relación de Asistentes

- |                                  |                                          |                                           |
|----------------------------------|------------------------------------------|-------------------------------------------|
| • Alonso López Eva               | • Herrero Latorre Carlos                 | • Romero Rodríguez M <sup>a</sup> Ángeles |
| • Barcia Vieitez Ramiro          | • Luzardo Álvarez Asteria M <sup>a</sup> | • Vázquez Vázquez Manuel                  |
| • Casabiell Pintos Jesús Antonio | • Martínez Ageitos José Manuel           | • Vázquez Vila M <sup>a</sup> José        |
| • Díaz Rubio Olga                | • Pérez Fandiño Marta                    | • Villanueva Sánchez-Montaña Armando      |
| • Fernández Carrasco Eugenio     | • Presa Morales Daniel                   |                                           |
| • Fernández Corrales Lucía       | • Ramos Martínez Juan Ignacio            |                                           |
| • Gay González Concepción        | • Roade Pérez Paula                      |                                           |

Ás 13:00 horas do día 1 de abril de 2024 reúnense na aula N<sup>o</sup> 2 da 2<sup>a</sup> planta do centro os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

A presidenta indica que todos os membros asisten de forma presencial excepto Eva Alonso López e Marta Pérez Fandiño que solicitaron asistencia por medios electrónicos e, segundo o acordo de Xunta de Facultade de 14/04/2023, aproba a súa asistencia por estes medios. Tamén informa que desculpa asistencia Andrés Vilaboa Díaz e que Enrique Manuel Cabaleiro Lago, vicedecano da facultade, asiste en calidade de invitado.

A continuación comeza cos puntos da orde do día.

### 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior

A decana informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 22/11/2023, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación.

Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

### 2.- Informes

A decana quere sinalar en primeiro lugar que de momento non se dispón de ningún dos informes que deberían ser remitidos desde a ACSUG: nin o informe correspondente da ACSUG sobre a renovación da certificación da implantación do SGC, nin tampouco información sobre as modificacións substanciais, non substanciais nin de novos títulos solicitados pola USC segundo a normativa vixente.

O problema é que os prazos seguen avanzando e o procedemento debe finalizarse para a posterior acreditación da facultade.

### **3.- Aprobación, se procede, da proposta de Plan Estratéxico e Plan de Mellora Anual 2024-2026.**

Como xa se comentou na anterior reunión da comisión de calidade, desde o Vicerreitorado de Titulacións e Internacionalización, indicouse a necesidade de elaborar un Plan Estratéxico do Centro, bianual 2024-26; que debería ser elaborado en base ao Plan Estratéxico da USC o cal aínda está pendente de elaboración neste momento.

Como é necesario ter o Plan Estratéxico para a cada vez máis próxima acreditación do centro, na citada comisión de calidade nomeouse unha comisión redactora para a súa elaboración, tomando como referencia a Programación Plurianual da USC 2023-2026 ao non atoparse elaborado o Plan Estratéxico da USC.

Débese lembrar que este Plan Estratéxico formou parte dunha serie de recomendacións que achegou o comité avaliador na visita realizada o 2 de outubro do ano 2023 para a renovación da certificación do Sistema de Garantía de Calidade, e que será necesario, como xa se indicou, para a acreditación do centro que se deberá renovar neste mesmo ano.

Finalmente, este Plan Estratéxico bianual foi elaborado por esta comisión redactora, á que debemos estar moi agradecidos polo seu labor.

Este Plan Estratéxico someteuse a exposición pública, ao dispor do PDI, PAS e alumnado, para a súa consulta ata o 27 de marzo, para que os grupos de interese puidesen facer chegar as suxestións que considerasen oportunas.

Unha vez concluído este prazo, no que non se recibiu ningunha solicitude de modificación, débese someter á aprobación da Comisión de Calidade do Centro, e posteriormente remitirase á Área de Calidade da USC para a emisión dun informe técnico, co obxecto de ser aprobado pola Xunta de Facultade e por parte da Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno.

Este Plan fíxose conforme á Guía para a elaboración do Plan Estratéxico deseñada pola área de Calidade da USC.

A continuación a decana cede a palabra ao coordinador de calidade, xa que se fixo cargo da maior parte do traballo para a elaboración do Plan Estratéxico.

José Manuel Martínez Ageitos sinalou que o traballo realizouse condicionado pola información facilitada no informe oral da comisión avaliadora externa para a renovación do certificado de implantación do Sistema de Garantía de Calidade e tamén polo Plan Estratéxico da USC aínda sen actualizar. Por este motivo, aproveitouse parte da información xa recollida para a elaboración do anterior Plan Estratéxico do centro e incorporouse información nova seguindo a Guía para a elaboración da USC e tamén se tivo en conta a Programación Plurianual.

En canto ao Plan de Mellora Anual, as accións de mellora distribuíronse en dous cursos: 2024-25 e 2025-26, incluíndose nelas metas cuantificables na súa maior medida.

A continuación intervéñ Marta Pérez Fandiño para sinalar que non hai profesorado graduado en Nutrición Humana e Dietética e que isto lle parece unha debilidade que debería incluírse no Plan Estratéxico.

A esta cuestión responde a decana indicando que a esa debilidade se podería acompañar unha acción de mellora, pero que é algo que non depende da facultade, senón da vontade dos propios egresados, que se poderían incorporar como docentes seguindo a normativa en vigor.

A decana dá a continuación a palabra a Carlos Herrero Latorre, que tras agradecer e encomiar o resultado do traballo realizado pola comisión redactora quixo facer constar dúas cuestións.

En primeiro lugar comenta que na súa opinión no futuro vai haber problemas para o financiamento da docencia práctica e que debería cambiarse o sistema para o seu financiamento.

En segundo lugar, o profesor Herrero indica que bota de menos no Plan Estratéxico unhas ideas sobre o papel do centro no Campus Terra, e que deberían incluírse para resaltar a importancia da facultade no Campus Terra e na USC.

A esta segunda cuestión responde o coordinador de calidade sinalando que o Plan Estratéxico realizouse tomando como modelo o da USC e que no apartado “Misión, Visión e Valores da Facultade de Ciencias” xa se reflicte.

Non habendo máis preguntas nin comentarios, a decana somete o Plan Estratéxico e Plan de Mellora Anual 2024-2026 a aprobación dos membros da Comisión, resultando aprobado por asentimento. Acompáñanse copia do Plan Estratéxico e Plan de Mellora Anual 2024-2026 como **Anexo 1**.

#### **4.- Rogos e preguntas**

Non habendo preguntas nin asuntos que tratar a decana da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A DECANA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

### Orde do Día

- 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior.
- 2.- Informes.
- 3.- Seguimento 2022-23: análise e aprobación dos informes de resultados das titulacións do centro e propostas para o plan de mellora.
- 4.- Aprobación se procede das alegacións ao informe provisional de renovación da certificación de implantación do Sistema de Garantía de Calidade.
- 5.- Rogos e preguntas.

### Relación de Asistentes

|                                |                                                                                                                   |   |
|--------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---|
| Asteria María Luzardo Álvarez  | Decana                                                                                                            | P |
| Ramiro Barcia Vieitez          | Responsable de Calidade do Centro (RCC), Coordinador do Grao en Bioquímica e Secretario                           | P |
| José Manuel Martínez Ageitos   | Coordinador de Calidade do Centro                                                                                 | P |
| Concepción Gay González        | Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos                                                       | P |
| Jesús Antonio Casabiell Pintos | Coordinador do Grao en Nutrición Humana e Dietética                                                               | P |
| Mª José Vázquez Vila           | Coordinadora do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais                                                | P |
| Manuel Vázquez Vázquez         | Coordinador do Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias              | P |
| Carlos Herrero Latorre         | Coordinador do Máster de Enxeñaría de Procesado de Alimentos                                                      | P |
| Juan Ignacio Ramos Martínez    | Profesor do Grao en Bioquímica                                                                                    | P |
| Eugenio Fernández Carrasco     | Profesor do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais e do Máster de Enxeñaría de Procesado de Alimentos | P |
| Lucía Fernández Corrales       | Representante do alumnado do Grao en Bioquímica                                                                   | P |
| Daniel Presa Morales           | Representante do alumnado do Grao en Nutrición Humana e Dietética                                                 | P |
| Jorge Rivera Gómez             | Representante Externo/a do Ámbito Profesional/Empresarial (COETIL)                                                | P |

P – presencial

VC-videoconferencia Microsoft Teams

Ás 13:00 horas do día 3 de maio de 2024 reúnense na aula N° 2 da 2ª planta do centro os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

A presidenta informa que desculpan asistencia Olga Díaz Rubio, Mª Ángeles Romero Rodríguez, Andrés Vilaboa Díaz e Armando Villanueva Sánchez-Montaña, e que Enrique Manuel Cabaleiro Lago, vicedecano da facultade, asiste en calidade de invitado. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

#### 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior

A decana informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 01/04/2024, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

## 2.- Informes

A decana informa que se recibiu a comunicación que se estaba esperando sobre o proceso de modificación non substancial das titulacións adscritas á facultade de Ciencias (Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais (GEPQI), Grao en Nutrición Humana e Dietética (GNHD) e Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias (MINSTA)), así como os informes provisionais de avaliación da solicitude de verificación de título oficial do Grao en Bioquímica e do Máster Universitario en Biociencias Moleculares.

Unha vez incorporadas as modificacións non substanciais dos tres títulos na sede electrónica do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades; está a traballarse neste momento tanto nos aspectos que se solicita que sexan modificados necesariamente, así como nas recomendacións que figuran no informe provisional de avaliación da solicitude de verificación de título oficial do grao en Bioquímica.

## 3.- Seguimento 2022-23: análise e aprobación dos informes de resultados das titulacións do centro e propostas para o plan de mellora.

En relación ao proceso de seguimento anual, as distintas comisións de títulos do centro, de acordo co proceso PC-05 Análise de Resultados e Mellora dos Programas do Manual de Procesos do Centro, analizaron os resultados obtidos, co obxecto de determinar se é preciso propoñer algunha acción de mellora, e elaboraron os correspondentes informes anuais de resultados. Estes informes, preséntanse para aprobación na Comisión de Calidade do Centro no marco do proceso PE-02 Revisión e Mellora, no que se realiza a análise global dos resultados do centro, do funcionamento do SGC e a través do que se elabora o plan de melloras incluído na memoria de calidade do centro.

A decana cedeu neste momento a palabra aos coordinadores dos títulos para que comentasen os aspectos que considerasen máis relevantes dos informes anuais de resultados, e tras unhas aclaracións con respecto ás evidencias mostradas nos indicadores, **os asistentes acordan por asentimento aprobar os Informes Anuais de Resultados para o curso 2022-23 do grao en Bioquímica** que se acompaña como **ANEXO 1** a este acta, do **GEPQI** que se acompaña como **ANEXO 2** a este acta, do **GNHD** que se acompaña como **ANEXO 3** a este acta, do **MINSTA** que se acompaña como **ANEXO 4** a este acta, e do **MEPA** que se acompaña como **ANEXO 5** a este acta.

## 4.- Aprobación se procede das alegacións ao informe provisional de renovación da certificación de implantación do Sistema de Garantía de Calidade.

A decana informa que o pasado día 19 de abril recibíuse o Informe Provisional de Renovación da Certificación de Implantación do Sistema de Garantía de Calidade.

A valoración da Comisión de Avaliación de ACSUG, unha vez examinado o Sistema de Garantía de Calidade (SGC) do centro é **favorable**.

Con todo, a Comisión de Avaliación de ACSUG identificou diferentes aspectos do SGC da facultade sobre os que resulta recomendable que o centro siga traballando para sistematizar de maneira estruturada a mellora continua, evidenciando os catro elementos do ciclo de mellora (PDCA): planificar, desenvolver, analizar e actuar para a mellora, dando madurez ao Sistema.

A decana indica que algunhas das accións de mellora expostas pola Comisión de Avaliación, son accións de mellora que están directamente relacionadas coa Sección

de Calidade (antes chamada Área de Calidade e de Mellora dos Procedementos) da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización.

Por este motivo, solicitouse unha reunión ao adxunto para calidade. A solicitude foi atendida e realizouse a reunión de forma presencial entre o adxunto para calidade, o responsable de calidade do centro e a decana.

Nesta reunión achegáronse unha serie de aclaracións e indicacións sobre eses aspectos que incumben, case exclusivamente, á área de calidade da USC pero non aos centros. É por isto polo que no texto das alegacións ao informe provisional de renovación da certificación da implantación do sistema de garantía de calidade e plan de accións de mellora, inclúense expresións como "baixo a supervisión da Sección de Calidade do Vicerreitorado de Titulacións e Internacionalización".

En canto ás recomendacións da Comisión de Avaliación de ACSUG, onde se recomenda definir o próximo Plan Estratéxico aliñado co da USC, a decana sinala que, de momento, o Plan Estratéxico da USC non foi aprobado; e o adxunto de calidade indicou, na reunión antes citada, que non se vai a aprobar ningún Plan Estratéxico de ningún centro mentres non se aprobe o da USC.

Nese momento, os centros que enviasen o Plan Estratéxico á Sección de Calidade, deben revisalo e contrastalo co da USC, para acometer as modificacións necesarias e aliñalo co da USC.

A Comisión Redactora do Plan Estratéxico e Plan de Mellora Anual do centro, tivo en conta as liñas da Programación Plurianual, polo que non se pensa que haxa que realizar moitas modificacións.

Finalmente, a decana quere agradecer a gran implicación do responsable e do coordinador de calidade do centro, así como da xestora da facultade na elaboración do documento das alegacións ao informe provisional de renovación da certificación da implantación do sistema de garantía de calidade e plan de accións de mellora.

A continuación a decana cede a palabra ao coordinador de calidade do centro para que comente os aspectos que considere máis relevantes das alegacións ao informe provisional de renovación da certificación de implantación do sistema de garantía de calidade e plan de accións de mellora.

O coordinador de calidade indica que a comisión debe estar contenta co resultado favorable do proceso de avaliación, e tras unha explicación detallada das alegacións ao informe provisional, sinala que algunhas accións de mellora expostas xa están contempladas na Memoria de Calidade que se está preparando neste momento.

A continuación, a decana somete a aprobación dos membros da Comisión o documento coas **alegacións ao Informe Provisional de Renovación da Certificación de Implantación do Sistema de Garantía de Calidade**, resultando **aprobado por asentimento**, o cal se incorpora como **ANEXO 6** á presente acta.

## 5.- Rogos e preguntas

A decana cede a palabra ao profesor Carlos Herrero, que quere felicitar expresamente ás persoas implicadas directamente no proceso de elaboración das alegacións.

Non habendo preguntas nin asuntos que tratar a decana da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A DECANA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

### Orde do Día

- 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior.
- 2.- Informes.
- 3.- Aprobación se procede das alegacións ao Informe Provisional de Avaliación da Solicitud de Verificación da ACSUG e da modificación da Memoria de Verificación da nova edición do Grao en Bioquímica.
- 4.- Aprobación se procede das alegacións ao Informe Provisional de Avaliación da Solicitud de Verificación da ACSUG e da modificación da Memoria de Verificación do Máster Universitario en Biociencias Moleculares.
- 5.- Rogos e preguntas.

### Relación de Asistentes

|                                    |                                                                                                                   |   |
|------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---|
| Asteria María Luzardo Álvarez      | Decana                                                                                                            | P |
| Ramiro Barcia Vieitez              | Responsable de Calidade do Centro (RCC), Coordinador do Grao en Bioquímica e Secretario                           | P |
| Concepción Gay González            | Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos                                                       | P |
| Jesús Antonio Casabiell Pintos     | Coordinador do Grao en Nutrición Humana e Dietética                                                               | P |
| Mª José Vázquez Vila               | Coordinadora do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais                                                | P |
| Carlos Herrero Latorre             | Coordinador do Máster de Enxeñaría de Procesado de Alimentos                                                      | P |
| Juan Ignacio Ramos Martínez        | Profesor do Grao en Bioquímica                                                                                    | P |
| Olga Díaz Rubio                    | Profesora do Grao en Nutrición Humana e Dietética                                                                 | P |
| Eugenio Fernández Carrasco         | Profesor do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais e do Máster de Enxeñaría de Procesado de Alimentos | P |
| Mª Ángeles Romero Rodríguez        | Profesora do Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias                | P |
| Daniel Presa Morales               | Representante do alumnado do Grao en Nutrición Humana e Dietética                                                 | P |
| Armando Villanueva Sánchez-Montaña | Representante do alumnado do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais                                   | P |

P – presencial

VC-videoconferencia Microsoft Teams

Ás 13:00 horas do día 22 de maio de 2024 reúnense na aula N° 2 da 2ª planta do centro os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

A presidenta informa que desculpan asistencia Lucía Fernández Corrales, José Manuel Martínez Ageitos, Marta Pérez Fandiño, Jorge Rivera Gómez, Manuel Vázquez Vázquez e Andrés Vilaboa Díaz, e que Enrique Manuel Cabaleiro Lago, vicedecano da facultade, asiste en calidade de invitado. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

#### 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior

A decana informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 03/05/2024, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

## 2.- Informes

A decana informa que non se presenta ningún informe.

### 3.- Aprobación se procede das alegacións ao Informe Provisional de Avaliación da Solicitud de Verificación da ACSUG e da modificación da Memoria de Verificación da nova edición do Grao en Bioquímica.

A decana informa que o pasado día 29 de abril recibíuse o Informe Provisional de Avaliación da Solicitud de Verificación de Título Oficial emitido pola ACSUG no proceso de reverificación do Grao en Bioquímica (**ANEXO 1**).

Nese informe provisional sinalábanse aspectos que necesariamente deben ser modificados na memoria do título e tamén unha serie de recomendacións. Seguindo as indicacións do SXOPRA, elaborouse un documento de alegacións no que se deu resposta a cada un dos apartados relacionados no informe provisional indicando as correccións, ou de ser o caso, as alegacións e xustificacións oportunas. Adicionalmente a isto, foise modificando a memoria de verificación nos apartados correspondentes.

A continuación a decana pasa a explicar de xeito detallado tanto o documento de alegacións ao informe provisional como tamén os cambios realizados na memoria para incorporar as modificacións suxeridas polo citado informe provisional.

Finalmente, a decana somete á aprobación dos asistentes as **Alegacións ao Informe Provisional de Avaliación da solicitude de Verificación da ACSUG e a modificación da Memoria de Verificación da nova edición do Grao en Bioquímica, sendo aprobados por asentimento e os cales se acompañan como ANEXOS 2 e 3 á presente acta.**

A decana informa que o documento de alegacións ao Informe Provisional de Avaliación da Solicitud de Verificación da ACSUG se enviarán ao SXOPRA e, a Memoria de Verificación modificada da nova edición do Grao se introducirá na Sede do Ministerio dentro do prazo correspondente.

### 4.- Aprobación se procede das alegacións ao Informe Provisional de Avaliación da Solicitud de Verificación da ACSUG e da modificación da Memoria de Verificación do Máster Universitario en Biociencias Moleculares.

A decana informa que o pasado día 3 de maio recibíuse o Informe Provisional de Avaliación da Solicitud de Verificación de Título Oficial emitido pola ACSUG no proceso de verificación do Máster en Biociencias Moleculares (**ANEXO 4**).

Nese informe provisional sinalábase tamén a necesidade de realizar algunhas modificacións na memoria do máster. Do mesmo xeito que no punto anterior, seguindo as recomendacións do SXOPRA, elaborouse un documento de alegacións no que se deu resposta a cada un dos apartados relacionados no informe provisional indicando as correccións, ou de ser o caso, as alegacións e xustificacións oportunas. Adicionalmente a isto, foise modificando a memoria de verificación nos apartados correspondentes.

A continuación a decana pasa a explicar detalladamente tanto o documento de alegacións ao informe provisional como tamén os cambios realizados na memoria para incorporar as modificacións suxeridas polo citado informe provisional.

Finalmente, a decana somete á aprobación dos asistentes as **Alegacións ao Informe Provisional de Avaliación da solicitude de Verificación da ACSUG e a modificación da Memoria de Verificación do Máster Universitario en Biociencias Moleculares, sendo aprobados por asentimento e os cales se acompañan como ANEXOS 5 e 6 á presente acta.**

A decana informa que o documento de alegacións ao Informe Provisional de Avaliación da Solicitude de Verificación da ACSUG se enviarán ao SXOPRA e, a Memoria de Verificación modificada do Máster se introducirá na Sede do Ministerio dentro do prazo correspondente.

### 5.- Rogos e preguntas

A decana cede a palabra ao profesor Carlos Herrero, que comenta que pola experiencia que se ten no centro co caso do MEPA, sería recomendable pedir ao órgano pertinente da USC que poña canto antes o Máster en Biociencias Moleculares na oferta de títulos.

A decana responde que neste momento xa se está poñendo na web da USC información sobre o Máster.

Non habendo preguntas nin asuntos que tratar a decana da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A DECANA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

## Orde do Día

- 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior.
- 2.- Informes.
- 3.- Aprobación se procede do Informe do Plan de Acción Titorial curso 2022-23 e do Plan de Acción Titorial curso 2023-24.
- 4.- Aprobación se procede do Informe do Plan de Captación curso 2022-23 e do Plan de Captación curso 2023-24.
- 5.- Informe de Incidencias da Facultade de Ciencias curso 2022-23.
- 6.- Aprobación se procede da Memoria de Calidade da Facultade de Ciencias do curso 2022-23.
- 7.- Rogos e preguntas.

## Relación de Asistentes

|                                |                                                                                                                   |   |
|--------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---|
| Asteria María Luzardo Álvarez  | Decana                                                                                                            | P |
| Ramiro Barcia Vieitez          | Responsable de Calidade do Centro (RCC), Coordinador do Grao en Bioquímica e Secretario                           | P |
| José Manuel Martínez Ageitos   | Coordinador de Calidade do Centro                                                                                 | P |
| Jesús Antonio Casabiell Pintos | Coordinador do Grao en Nutrición Humana e Dietética                                                               | P |
| Mª José Vázquez Vila           | Coordinadora do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais                                                | P |
| Carlos Herrero Latorre         | Coordinador do Máster de Enxeñaría de Procesado de Alimentos                                                      | P |
| Eugenio Fernández Carrasco     | Profesor do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais e do Máster de Enxeñaría de Procesado de Alimentos | P |
| Daniel Presa Morales           | Representante do alumnado do Grao en Nutrición Humana e Dietética                                                 | P |

P – presencial

VC-videoconferencia Microsoft Teams

Ás 12:00 horas do día 30 de maio de 2024 reúnense na aula N° 2 da 2ª planta do centro os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

A presidenta informa que desculpan asistencia Eva Alonso López, Olga Díaz Rubio, Concepción Gay González, Juan Ignacio Ramos Martínez, Jorge Rivera Gómez, Mª Ángeles Romero Rodríguez, Manuel Vázquez Vázquez e Andrés Vilaboa Díaz, e que Enrique Manuel Cabaleiro Lago, vicedecano da facultade, asiste en calidade de invitado. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

### 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior

A decana informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 22/05/2024, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

### 2.- Informes

A decana informa que no último Claustro presentouse o borrador do Plan Estratéxico da Universidade para o período 2024-2026. Dada a importancia do devandito Plan para o conxunto da Universidade, abriuse un período de información pública con

carácter previo á súa aprobación polo Consello de Goberno e a data límite para remitir as suxestións que se consideren oportunas é o venres 7 de xuño ás 12 horas.

Por este motivo, unha vez aprobado de xeito definitivo o Plan Estratéxico da USC, será preciso volver a revisar o Plan Estratéxico do centro por si houbera que facer algunha modificación co obxecto de que se atope aliñado co mesmo e, nese caso, sometelo de novo a aprobación para remitilo novamente á Sección de Calidade da USC para a emisión do correspondente informe técnico.

### **3.- Aprobación se procede do Informe do Plan de Acción Tutorial curso 2022-23 e do Plan de Acción Tutorial curso 2023-24.**

A decana sinala que o Informe do Plan de Acción Tutorial realizouse en base aos informes anteriores, achegando as novidades do curso 2022-23.

As actividades dos alumnos titores son similares ás realizadas en anos anteriores, aínda que cabe sinalar que neste curso se contou cun número maior de alumnos titores que en anos anteriores, o que supón sen dúbida unha melloría, pero non se debe abandonar a idea de realizar algún tipo de acción coa finalidade de fomentar a participación dos estudantes.

O Plan de Acción Tutorial do curso 2023-24, tamén presenta un formato similar ao de cursos anteriores e do mesmo xeito que o que se indicou no Informe do Plan de Acción Tutorial, non se debe esquecer seguir fomentando a participación dos estudantes en todas as actividades relacionadas co centro.

Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes, tanto o Informe do Plan de Acción Tutorial do curso 2022-23 como o Plan de acción Tutorial do curso 2023-24 son aprobados por asentimento e achegándose á acta como **Anexos 1 e 2** respectivamente.

### **4.- Aprobación se procede do Informe do Plan de Captación curso 2022-23 e do Plan de Captación curso 2023-24.**

A decana informa que neste caso, a dinámica do Plan de Captación foi moi similar á de cursos anteriores. No Informe do Plan de Captación curso 2022-23, recóllense a celebración das Xornadas de Portas Abertas ou as charlas temáticas que imparten nos centros de ensino secundario profesores do centro.

Con respecto ao Plan de Captación do curso 2023-24, a decana sinala que tamén presenta un formato similar ao de cursos anteriores, e reflexiona sobre a forma de articular algunha medida que dea información sobre os resultados das diferentes actividades de captación realizadas desde o centro.

Tras estes comentarios da presidenta ábrese unha quenda de comentarios por parte dos membros da comisión acerca de diferentes experiencias no desenvolvemento das actividades que teñen por obxecto transmitir aos estudantes de educación secundaria información sobre os estudos que se imparten na Facultade e as sensacións que se tiveron.

A decana somete a aprobación o Informe do Plan de Captación do curso 2022-23 e o Plan de Captación do curso 2023-24 quedando aprobados por asentimento e achegándose á acta como **Anexos 3 e 4** respectivamente.

**5.- Informe de Incidencias da Facultade de Ciencias curso 2022-23.**

Os recursos que se reflicten neste apartado foron recibidos na Oficina de Análise de Reclamacións da USC (OAR). Trátase de recursos relacionados cos procesos de Xestión Académica, certificados, etc., que son os que serven de base á medición dos indicadores de calidade, e que resultan necesarios para o seguimento e renovación do sistema de Xestión de Calidade do que dispón a área académica da USC.

O número de reclamacións, recursos, queixas e suxestións presentados adoita ser pequeno e no curso 2022-23 foi de 2 recursos e 3 reclamacións.

Ademais das recollidas pola Oficina de Análise e Reclamacións da USC que se acaban de sinalar, no curso 2022-23 recibíronse tamén dúas suxestións e reclamacións dirixidas á Facultade de Ciencias; unha ao Servizo de Xestión Académica e dúas ao Valedor da Comunidade Universitaria.

O Informe de Incidencias da Facultade de Ciencias curso 2022-23 achégase a acta como **Anexo 5**.

**6.- Aprobación se procede da Memoria de Calidade da Facultade de Ciencias do curso 2022-23.**

A decana cede a palabra ao responsable de calidade do centro que pasa a describir as novidades reflectidas na memoria de calidade para cada unha das directrices contempladas.

Tras a exposición do responsable de calidade, a presidenta somete a aprobación a Memoria de Calidade da Facultade de Ciencias do curso 2022-23, que é aprobada por asentimento e que se achega a esta acta como **Anexo 6**.

Finalmente tanto a decana como o profesor Carlos Herrero agradecen e felicitan ao Responsable de Calidade, ao Coordinador de Calidade e á Responsable da Unidade de Xestión do Centro polo traballo realizado.

**7.- Rogos e preguntas.**

Non habendo preguntas nin asuntos que tratar a decana da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A DECANA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

## Orde do Día

- 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior.
- 2.- Informes.
- 3.- Aprobación, se procede, das alegacións ao segundo Informe Provisional de Avaliación da Solicitud de Verificación da ACSUG e da modificación da Memoria de Verificación da nova edición do Grao en Bioquímica.
- 4.- Aprobación se procede das alegacións ao segundo Informe Provisional de Avaliación da Solicitud de Verificación da ACSUG e da modificación da Memoria de Verificación do Máster Universitario en Biociencias Moleculares.
- 5.- Rogos e preguntas.

## Relación de Asistentes

|                                |                                                                                         |   |
|--------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------|---|
| Asteria María Luzardo Álvarez  | Decana                                                                                  | P |
| Ramiro Barcia Vieitez          | Responsable de Calidade do Centro (RCC), Coordinador do Grao en Bioquímica e Secretario | P |
| José Manuel Martínez Ageitos   | Coordinador de Calidade do Centro                                                       | P |
| Concepción Gay González        | Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos                             | P |
| Jesús Antonio Casabiell Pintos | Coordinador do Grao en Nutrición Humana e Dietética                                     | P |
| Mª José Vázquez Vila           | Coordinadora do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais                      | P |
| Carlos Herrero Latorre         | Coordinador do Máster de Enxeñaría de Procesado de Alimentos                            | P |
| Olga Díaz Rubio                | Profesora do Grao en Nutrición Humana e Dietética                                       | P |

P – presencial

VC-videoconferencia Microsoft Teams

Ás 13:30 horas do día 7 de xuño de 2024 reúnense na aula N° 2 da 2ª planta do centro os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

A presidenta informa que desculpan asistencia Eugenio Fernández Carrasco, Lucía Fernández Corrales, Daniel Presa Morales, Juan Ignacio Ramos Martínez, Jorge Rivera Gómez, Mª Ángeles Romero Rodríguez, Manuel Vázquez Vázquez e Andrés Vilaboa Díaz, e que Enrique Manuel Cabaleiro Lago, vicedecano da facultade, asiste en calidade de invitado. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

### 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior

A decana informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 30/05/2024, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

### 2.- Informes

A decana informa que no día de onte a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos remitiu o Informe Final de Renovación da Certificación de Implantación do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Ciencias coa valoración de favorable e tamén o

correspondente certificado que o acredita, remitido pola ACSUG con validez ata xuño de 2029.

A decana quixo agradecer e felicitar polo seu traballo e polo éxito alcanzado a todos os implicados neste proceso.

**3.- Aprobación, se procede, das alegacións ao segundo Informe Provisional de Avaliación da Solicitud de Verificación da ACSUG e da modificación da Memoria de Verificación da nova edición do Grao en Bioquímica..**

A decana informa que o pasado mércores, día 5 de xuño, recibíuse un segundo Informe Provisional de Avaliación da Solicitud de Verificación de Título Oficial emitido pola ACSUG no proceso de reverificación do Grao en Bioquímica (**ANEXO 1**).

Nese informe provisional sinálase un único aspecto que debe ser necesariamente modificado na memoria do título e que ten relación cos sistemas de avaliación; en concreto o segundo informe provisional indica: *“Se deben especificar los sistemas de evaluación a utilizar en cada materia para una correcta valoración de la propuesta. Hay que tener en cuenta que la asignación de todos los sistemas de evaluación a todas las materias no permite valorar la adecuación de estos a las diferentes asignaturas. En el caso de los sistemas de evaluación se debe, además, concretar la ponderación que se asignará a cada sistema, no resultando válido un mínimo de 0 y un máximo de 75%”*.

A continuación a decana pasa a explicar de xeito detallado tanto o documento de alegacións ao informe provisional como tamén os cambios realizados na memoria para incorporar as modificacións suxeridas polo citado informe provisional.

Despois dun intercambio de opinións entre os membros da comisión, a decana somete á aprobación dos asistentes as **Alegacións ao segundo Informe Provisional de Avaliación da solicitud de Verificación da ACSUG e a modificación da Memoria de Verificación da nova edición do Grao en Bioquímica, sendo aprobados por asentimento e os cales se acompañan como ANEXOS 2 e 3 á presente acta.**

A decana informa que o documento de alegacións ao segundo Informe Provisional de Avaliación da Solicitud de Verificación da ACSUG se enviará ao SXOPRA e, a Memoria de Verificación modificada da nova edición do Grao se introducirá na Sede do Ministerio dentro do prazo correspondente.

**4.- Aprobación se procede das alegacións ao segundo Informe Provisional de Avaliación da Solicitud de Verificación da ACSUG e da modificación da Memoria de Verificación do Máster Universitario en Biociencias Moleculares.**

A decana informa que o pasado mércores, día 5 de xuño, recibíuse tamén un segundo Informe Provisional de Avaliación da Solicitud de Verificación de Título Oficial emitido pola ACSUG no proceso de verificación do Máster en Biociencias Moleculares (**ANEXO 4**).

Nese informe provisional sinálase tamén un único aspecto que debe ser necesariamente modificado na memoria do título e que ten relación cos sistemas de avaliación; en concreto o segundo informe provisional indica: *“Se deben especificar los sistemas de evaluación a utilizar en cada materia para una correcta valoración de la propuesta. En todas las asignaturas, salvo Prácticas Externas y TFM, se listan todas las pruebas de evaluación (10) con un rango de 0 75%. Hay que tener en cuenta que la*

*asignación de todos los sistemas de evaluación a todas las materias no permite valorar la adecuación de estos a las diferentes asignaturas. En el caso de los sistemas de evaluación se debe, además, concretar la ponderación que se asignará a cada sistema, no resultando válido un mínimo de 0 y un máximo de 75%".*

A continuación a decana pasa a explicar detalladamente tanto o documento de alegacións ao informe provisional como tamén os cambios realizados na memoria para incorporar as modificacións suxeridas polo citado informe provisional.

Finalmente, a decana somete á aprobación dos asistentes as **Alegacións ao segundo Informe Provisional de Avaliación da solicitude de Verificación da ACSUG e a modificación da Memoria de Verificación do Máster Universitario en Biociencias Moleculares, sendo aprobados por asentimento e os cales se acompañan como ANEXOS 5 e 6 á presente acta.**

A decana informa que o documento de alegacións ao segundo Informe Provisional de Avaliación da Solicitude de Verificación da ACSUG se enviará ao SXOPRA e, a Memoria de Verificación modificada do Máster se introducirá na Sede do Ministerio dentro do prazo correspondente.

#### **5.- Rogos e preguntas.**

Non habendo preguntas nin asuntos que tratar a decana da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A DECANA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

### Orde do Día

- 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior.
- 2.- Informes.
- 3.- Aprobación, se procede, da proposta de Plan Estratéxico e Plan de Mellora Anual 2024-2026.
- 4.- Aprobación se procede da modificación do Manual do Sistema de Garantía de Calidade do Centro.
- 5.- Aprobación se procede da modificación do Manual de Procesos do Centro.
- 6.- Revisión do estado das Accións de Mellora correspondentes ao Plan de Melloras do centro 2023-24.
- 7.- Rogos e preguntas.

### Relación de Asistentes

|                                |                                                                                                      |   |
|--------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------|---|
| Asteria María Luzardo Álvarez  | Decana                                                                                               | P |
| Ramiro Barcia Vieitez          | Responsable de Calidade do Centro (RCC), Coordinador do Grao en Bioquímica e Secretario              | P |
| José Manuel Martínez Ageitos   | Coordinador de Calidade do Centro                                                                    | P |
| Concepción Gay González        | Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos                                          | P |
| Jesús Antonio Casabiell Pintos | Coordinador do Grao en Nutrición Humana e Dietética                                                  | P |
| Mª José Vázquez Vila           | Coordinadora do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais                                   | P |
| Manuel Vázquez Vázquez         | Coordinador do Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias | P |
| Carlos Herrero Latorre         | Coordinador do Máster Universitario en Enxeñaría de Procesado de Alimentos                           | P |

P – presencial

VC-videoconferencia Microsoft Teams

Ás 13:00 horas do día 23 de xullo de 2024 reúnense na aula N° 2 da 2ª planta do centro os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

A presidenta informa que desculpan asistencia Eva Alonso López, Olga Díaz Rubio, Eugenio Fernández Carrasco, Lucía Fernández Corrales, Mª Ángeles Romero Rodríguez e Andrés Vilaboa Díaz, e que Enrique Manuel Cabaleiro Lago, vicedecano da facultade, asiste en calidade de invitado. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

#### 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior

A decana informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 07/06/2024, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

#### 2.- Informes

A decana informa que tras o envío á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos da Memoria de Calidade da Facultade de Ciencias do curso 2022-23 e do Plan de Melloras

do Centro, que inclúe as accións de mellora derivadas da revisión e seguimento do SGC e tamén as do proceso de Renovación da Certificación da Implantación do SGC propostas para o curso 2023-24, recibimos contestación desde esta Área indicando que debido á falta de persoal a súa revisión e emisión do correspondente informe técnico vai demorar un pouco máis do desexado; este é o motivo polo que non se poden presentar á Xunta de Centro os citados documentos para a súa aprobación.

A decana quere lembrar que o día 6 de xuño, a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos remitiu o Informe Final de Renovación da Certificación de Implantación do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Ciencias coa valoración de favorable e tamén o correspondente certificado que o acredita, emitido pola ACSUG con validez ata xuño de 2029.

A decana quixo agradecer e felicitar unha vez máis polo seu traballo e polo éxito alcanzado a todos os implicados neste proceso e indica que neste momento non parece haber ningún apoio externo e non se debe esquecer que está pendente aínda a acreditación institucional, e para conseguila necesítase que os documentos en proceso de revisión se reciban e aproben sen demora.

### **3.- Aprobación, se procede, da proposta de Plan Estratéxico e Plan de Mellora Anual 2024-2026.**

A decana lembra que o pasado día 1 de abril aprobouse na reunión da Comisión de Calidade unha proposta de Plan Estratéxico que foi remitido á Área de Calidade, pero desde o Vicerreitorado de Titulacións e Internacionalización, indicouse a necesidade de elaborar un Plan Estratéxico do Centro, bianual 2024-26, que debería ser realizado en base ao Plan Estratéxico da USC, que aínda non estaba elaborado nese momento. Por este motivo, foi preciso facer unha revisión do Plan Estratéxico aprobado para introducir algunhas modificacións en liña co Plan Estratéxico da USC.

Débese lembrar que este Plan Estratéxico formou parte dunha serie de recomendacións que achegou o comité avaliador na visita realizada o 2 de outubro do ano 2023 para a renovación da certificación do Sistema de Garantía de Calidade, e que será necesario, como xa se indicou, para a acreditación institucional do centro que se deberá renovar neste mesmo ano.

Este novo Plan Estratéxico débese someter á aprobación da Comisión de Calidade do Centro, e posteriormente remitirase á Área de Calidade da USC para a emisión dun informe técnico, co obxecto de ser aprobado pola Xunta de Facultade e por parte da Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno.

As principais modificacións realizadas neste Plan foron:

- Incluir nas páxinas 3 e 10 unha alusión ao Plan Estratéxico da USC.
- Incluir no punto denominado "Valores" do apartado Misión, Visión e Valores, a seguinte consideración: Compromiso coa transferencia de coñecemento á sociedade como contribución ao desenvolvemento social, económico e cultural de Galicia.

Non habendo preguntas nin comentarios, a decana somete o Plan Estratéxico e Plan de Mellora Anual 2024-2026 a aprobación dos membros da Comisión, resultando aprobado por asentimento. Acompáñanse copia do Plan Estratéxico e Plan de Mellora Anual 2024-2026 como **Anexo 1**.

#### 4.- Aprobación se procede da modificación do Manual do Sistema de Garantía de Calidade do Centro.

A decana informa que tendo en conta o Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na USC, aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 28 de outubro de 2022, procedeuse á modificación do Manual do Sistema de Garantía de Calidade do Centro.

As principais modificacións realizadas foron:

- Na páxina inicial actualizouse o N° da edición, poñendo 8ª edición.
- Na páxina 2 cambiouse a dirección de correo electrónico.
- Nos puntos 1.2 Organigrama e 1.3 Órganos de goberno. Comisións. Departamentos implicados na docencia, incluíronse os vicedecanos.
- No Anexo I. Política de calidade fíxose unha pequena actualización na liña do recollido no Plan Estratéxico do Centro.

A continuación, a decana somete a modificación do Manual do Sistema de Garantía de Calidade do Centro á aprobación dos membros da Comisión de Calidade, resultando aprobada por asentimento e que se acompaña como **Anexo 2** á presente acta.

#### 5.- Aprobación se procede da modificación do Manual de Procesos do Centro.

A decana pasa a describir as modificacións realizadas no Manual de Procesos do Centro.

- Centráronse na modificación do Historial de Revisións e no punto 5 "Información Complementaria" apartado 2 "Rexistro/Evidencias" para o proceso estratéxico **PE-01** Planificación estratéxica; os procesos clave **PC-01** Análise do perfil de ingreso e captación, **PC-03** Apoio a estudantes, **PC-04** Desenvolvemento das ensinanzas, e **PC-05** Análise de resultados e mellora dos programas; e o proceso de soporte **PS-01** Xestión dos recursos humanos.
- No **PE-01** Planificación estratéxica, modificouse tamén o diagrama de fluxo do proceso.
- No **PC-01** Análise do perfil de ingreso e captación, modificáronse a ficha e o diagrama de fluxo do proceso.
- No **PS-01** Xestión dos recursos humanos, modificáronse o punto 2 Desenvolvemento: persoal docente, a ficha e o diagrama de fluxo do proceso.

Tras a exposición a decana somete a aprobación a modificación do Manual de Procesos do Centro, que é aprobada por asentimento e que se acompaña como **Anexo 3** á presente acta.

**6.- Revisión do estado das Accións de Mellora correspondentes ao Plan de Melloras do centro 2023-24.**

A decana cede a palabra ao responsable de calidade do centro que pasa a describir o estado das Accións de Mellora correspondentes ao Plan de Melloras do centro para o curso 2023-24.

**AMF2324-1** Elaboración do Plan Estratéxico da Facultade de Ciencias.

Estado: Executada

Na reunión da Comisión de Calidade celebrada o 1 de abril aprobouse unha proposta de Plan Estratéxico e un Plan de Mellora Anual, que se modificou na presente reunión para adaptala ao Plan Estratéxico da USC.

**AMF2324-2** Contemplan como accións estratéxicas, con continuidade no tempo, a planificación e realización de actividades que fomenten a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida.

Estado: Executada

No desenvolvemento do plan estratéxico para o bienio 2024-26 contéplase unha acción de mellora na que se inclúe esta cuestión.

**AMF2324-3** Modificación do fluxograma do proceso PE-01 Planificación estratéxica, de acordo coa ficha do proceso.

Estado: Executada

Xa realizada por figurar no informe Provisional de Renovación da Certificación de Implantación do Sistema de Garantía de Calidade.

**AMF2324-4** Solicitar á Sección de Calidade da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización da USC que leve a cabo na Facultade de Ciencias a realización dunha auditoria de calidade, co propósito de avaliar o cumprimento dos procesos do Sistema de Garantía de Calidade implantado no centro.

Estado: Executada

Enviouse a solicitude á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos do Vicerreitorado de Titulacións e Internacionalización o día 10 de xullo.

**AMF2324-5** Solicitar á Sección de Calidade da USC unha modificación da codificación das accións de mellora para identificalas inequivocamente durante todo o seu ciclo de vida.

Estado: Executada

Enviouse a solicitude á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos do Vicerreitorado de Titulacións e Internacionalización o día 10 de xullo.

**AMF2324-6** Instalación de novas infraestruturas, así como da adquisición de material e equipamento como consecuencia da súa ampliación, renovación ou substitución.

Estado: Executada

Neste ano como nos anteriores procedeuse á adquisición de material e equipamento para prácticas e tamén se está completando a renovación e a adecuación de infraestruturas e de espazos.

**AMF2324-7** Publicar os Procesos Institucionais na Web do centro mediante un enlace co sitio Web de la USC.

Estado: Executada

Xa realizada por figurar no informe Provisional de Renovación da Certificación de Implantación do Sistema de Garantía de Calidade.

#### **7.- Rogos e preguntas.**

Non habendo preguntas nin asuntos que tratar a decana da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A DECANA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

## Orde do Día

- 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior.
- 2.- Informes.
- 3.- Aprobación, se procede, da actualización da Política de Calidade do Centro.
- 4.- Aprobación, se procede, da proposta de Plan Estratéxico da Facultade de Ciencias 2024-2026.
- 5.- Rogos e preguntas.

## Relación de Asistentes

|                                |                                                                                                      |   |
|--------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------|---|
| Asteria María Luzardo Álvarez  | Decana                                                                                               | P |
| Ramiro Barcia Vieitez          | Responsable de Calidade do Centro (RCC), Coordinador do Grao en Bioquímica e Secretario              | P |
| José Manuel Martínez Ageitos   | Coordinador de Calidade do Centro                                                                    | P |
| Concepción Gay González        | Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos                                          | P |
| Jesús Antonio Casabiell Pintos | Coordinador do Grao en Nutrición Humana e Dietética                                                  | P |
| Mª José Vázquez Vila           | Coordinadora do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais                                   | P |
| Manuel Vázquez Vázquez         | Coordinador do Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias | P |
| Jorge Rivera Gómez             | Representante COETIL                                                                                 | P |

P – presencial

VC-videoconferencia Microsoft Teams

Ás 13:00 horas do día 17 de decembro de 2024 reúnense na aula Nº 2 da planta baixa do centro os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

A presidenta informa que desculpan asistencia Olga Díaz Rubio, Eugenio Fernández Carrasco, Carlos Herrero Latorre, Mª Ángeles Romero Rodríguez e Andrés Vilaboa Díaz, e que Enrique Manuel Cabaleiro Lago, vicedecano da facultade, asiste en calidade de invitado. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

### 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior

A decana informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 23/07/2024, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación. Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

### 2.- Informes

A decana informa que desde a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos indicase que para a renovación da Acreditación Institucional, coa solicitude, que ten como límite o 28 de xaneiro, débese entregar un autoinforme e unha listaxe de evidencias.

Segundo o Adxunto para Calidade, poderíase presentar unha versión simplificada do autoinforme cun par de parágrafos por criterio cunha valoración xeral e unha versión inicial da listaxe de evidencias.

As versións finais que serán as que avalíe a comisión de avaliación, tanto do autoinforme como da listaxe de evidencias, presentaranse o 15 de maio de 2025.

### **3.- Aprobación, se procede, da actualización da Política de Calidade do Centro.**

A decana indica que tal e como se recolle no proceso *PE-02 Revisión e mellora* e como consecuencia da elaboración do Plan Estratéxico do Centro 2024-2026 se procedeu á revisión e actualización da Política de Calidade do Centro.

A continuación a decana cede a palabra ao responsable de Calidade e ao coordinador de Calidade para que comenten os cambios realizados no apartado anteriormente citado.

O responsable de Calidade indica que os centros acreditados institucionalmente deben contar cunha Política de Calidade aliñada co Plan Estratéxico e os Obxectivos Estratéxicos da Universidade, tendo en conta os diferentes grupos de interese.

Os principios nos que se basea o compromiso da facultade co mantemento da calidade, reflectidos na súa Política de Calidade, son: responsabilidade, integración, participación e igualdade, orientación ao estudantado, excelencia e transparencia.

O coordinador de calidade sinala que todos estes principios están recollidos no apartado “Misión, Visión e Valores” do Plan Estratéxico.

Non habendo preguntas nin comentarios, a decana somete a actualización da Política de Calidade do Centro á aprobación dos membros da Comisión, resultando aprobada por asentimento e que se acompaña como **Anexo 1** á presente acta.

### **4.- Aprobación, se procede, da proposta de Plan Estratéxico da Facultade de Ciencias 2024-2026.**

A decana lembra que o pasado día 23 de xullo aprobouse na reunión da Comisión de Calidade unha proposta de Plan Estratéxico que foi remitido á Área de Calidade para que, de acordo co procedemento *PE-01 Planificación Estratéxica*, emita o correspondente informe técnico para posteriormente sometelo á aprobación da Xunta de Centro e poder continuar coa súa tramitación. O 27 de setembro de 2024, a Sección de Calidade da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización emitiu o seu informe técnico no que recolleu a necesidade de realizar unha serie de modificacións no Plan Estratéxico.

Este novo Plan Estratéxico débese someter á aprobación da Comisión de Calidade do Centro, e posteriormente remitirase á Sección de Calidade da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización da USC para a emisión dun novo informe técnico, co obxecto de ser aprobado pola Xunta de Facultade e logo por parte da Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno.

A decana, despois de agradecer o traballo realizado polo responsable de Calidade, o coordinador de Calidade e a responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos cede a palabra ao responsable de Calidade para que comente as principais modificacións realizadas neste Plan.

O responsable de Calidade indica que se realizaron as modificacións propostas no citado Informe Técnico, aínda que se tratan de cambios máis formais que de fondo. En resumo, os principais cambios realizados foron:

- Incluir unha referencia en todas as páxinas ao título do documento utilizando como referencia “Plan Estratéxico da facultade de Ciencias 2024-2026”.
- Incluir ao comezo unha táboa de control do proceso de elaboración e aprobación do documento.
- Incluir un Cadro de Mando.
- Actualizar a Misión, Visión e Valores.
- Incluir unha táboa e unha explicación da correlación entre as Liñas Estratéxicas do Centro e as do PE da USC.
- Facer unha análise DAFO e unha análise CAME para cada Liña Estratéxica.
- Crear un apartado “7. Desenvolvemento da elaboración do Plan Estratéxico de Centro (PEC)” onde se inclúe a comisión ou grupo de traballo responsable da elaboración do PEC e descríbese a participación dos grupos de interese.

A continuación intervéñen o coordinador de Calidade do centro para sinalar que os cambios realizados non tiveron outro significado que o de adaptar o Plan Estratéxico da Facultade de Ciencias 2024-2026 ao modelo escollido pola Sección de Calidade, pero non se modificou o fondo da proposta inicial do centro, que en realidade é o que ten unha análise estratéxica máis lóxica.

Non habendo preguntas nin comentarios, a decana somete o Plan Estratéxico da Facultade de Ciencias 2024-2026 a aprobación dos membros da Comisión, resultando aprobado por asentimento. Acompáñase como **Anexo 2** a este acta o informe da Sección de Calidade da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización e como **Anexo 3** o Plan Estratéxico da Facultade de Ciencias 2024-2026.

### 5.- Rogos e preguntas.

A decana abre unha rolda de intervencións na que interveñen os asistentes á reunión para expresar o malestar xerado pola xestión realizada desde a área de Calidade e Mellora dos Procedementos para a renovación da Acreditación Institucional, tanto pola falta de información como pola tardanza en iniciar o proceso, que pode repercutir de forma negativa na calidade do traballo.

Non habendo preguntas nin asuntos que tratar a decana da por rematada a reunión.

Vº e Prace

A DECANA

O SECRETARIO

Asdo.: Asteria María Luzardo Álvarez

Asdo.: Ramiro Barcia Vieitez

### Orde do Día

- 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior.
- 2.- Informes.
- 3.- Aprobación, se procede, do Autoinforme de renovación da Acreditación Institucional.
- 4.- Rogos e preguntas.

### Relación de Asistentes

|                               |                                                                                         |   |
|-------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------|---|
| Enrique Manuel Cabaleiro Lago | Presidente e Coordinador do Máster en Biociencias Moleculares                           | P |
| Ramiro Barcia Vieitez         | Responsable de Calidade do Centro (RCC), Coordinador do Grao en Bioquímica e Secretario | P |
| José Manuel Martínez Ageitos  | Coordinador de Calidade do Centro                                                       | P |
| Concepción Gay González       | Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos                             | P |
| Mª José Vázquez Vila          | Coordinadora do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais                      | P |
| Manuel Vázquez Vázquez        | Coordinador do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias  | P |
| Carlos Herrero Latorre        | Profesor do Grao en Bioquímica e do Máster en Biociencias Moleculares                   | P |
| Olga Díaz Rubio               | Profesora do Grao en Nutrición Humana e Dietética                                       | P |
| Juan Malde González           | Estudante do Grao en Bioquímica                                                         | P |
| Victoria Fernández Menéndez   | Estudante do Grao en Nutrición Humana e Dietética                                       | P |
| Noa Filgueira Piñeiro         | Estudante do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais                         | P |

P – presencial

VC-videoconferencia Microsoft Teams

Ás 12:00 horas do día 23 de xaneiro de 2025 reúnense na Sala de Reunións do centro os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

Enrique Manuel Cabaleiro Lago, vicedecano da Facultade, informa aos asistentes que tendo en conta o indicado no artigo 31 do Regulamento de Réxime Interno do Centro, substitúe á decana como presidenta desta Comisión, debido á súa ausencia accidental.

O presidente informa que desculpan asistencia Jesús Antonio Casabiell Pintos, Eugenio Fernández Carrasco, María Rodríguez Padrón, Mª Ángeles Romero Rodríguez e Andrés Vilaboa Díaz. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

#### 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior

O presidente informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 17/12/2024, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación.

Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

## 2.- Informes

O presidente indica que a decana non lle comunicou que houbese algún asunto sobre o que informar e cede a palabra ao responsable de calidade do centro.

Ramiro Barcia indica que hai unhas horas recibíuse unha comunicación da Sección de Calidade da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización comunicando que ata o 13-14 de febreiro ou 20-21 de febreiro non se vai a celebrar unha reunión da Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno.

A esta Comisión levaranse, entre outros asuntos da orde do día, a aprobación de informes, memorias de calidade, plans estratéxicos de centro e documentos que forman parte dos sistemas de garantía de calidade de cada centro.

A esta mensaxe respondéuselle indicándoselle que están pendentes de aprobación pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno os seguintes documentos da Facultade de Ciencias:

Manual do SGC, Manual de Procesos e Plan Estratéxico de Centro (PEC) do período 2024-2026 remitidos o pasado 20 de decembro.

E que a memoria de calidade 2022-23 xa foi aprobada o pasado 29/11/2024.

## 3.- Aprobación, se procede, do Autoinforme de renovación da Acreditación Institucional.

A continuación o presidente, despois de explicar brevemente o funcionamento da Comisión de Calidade e a importancia do proceso de Acreditación Institucional para o desenvolvemento da actividade docente na facultade aos novos membros incorporados, cede a palabra ao responsable de Calidade para que informe sobre a elaboración do autoinforme.

O responsable de Calidade comeza a súa intervención lembrando que na reunión da Comisión de Calidade celebrada o 17 de decembro, a decana informou que desde a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos se indicaba que para a renovación da Acreditación Institucional, coa solicitude, que ten como límite o 28 de xaneiro, débese entregar un autoinforme e unha listaxe de evidencias.

Segundo o Adxunto para Calidade, poderíase presentar unha versión simplificada do autoinforme cun par de parágrafos por criterio cunha valoración xeral e unha versión inicial da listaxe de evidencias.

As versións finais que serán as que avalíe a comisión de avaliación, tanto do autoinforme como da listaxe de evidencias, presentaranse o 15 de maio de 2025.

Dito isto, Ramiro Barcia explicou con brevidade as características da estrutura e contido do autoinforme, facendo referencia ás 5 Dimensións abordadas, cos seus respectivos Criterios e estes coas súas Directrices.

Tras esta intervención, o Coordinador de Calidade explicou con claridade cales son os obxectivos da Comisión de Calidade e as bases para o seu funcionamento.

Por último, o presidente somete o Autoinforme de renovación da Acreditación Institucional á aprobación dos membros da Comisión, resultando aprobado por asentimento e que se acompaña como **Anexo 1** á presente acta.

## 4.- Rogos e preguntas.

O Presidente abre unha rolda de intervencións na que intervéñ M<sup>a</sup> José Vázquez para sinalar que en referencia á aplicación do artigo 10 da Normativa de Avaliación do

Rendemento Académico dos Estudantes e de Revisión de Cualificacións, modificada no pleno ordinario do Consello de Goberno do 5 de abril de 2017 e publicada no Diario Oficial de Galicia do 8 de maio de 2017, que recolle unha “actuación de oficio da Comisión de Oferta Docente e Innovación Educativa delegada do Consello de Goberno” en relación co “rendemento académico de estudantes por centro e por materias”. Nese artigo indícase que “no caso de que o informe (de resultados académicos) reflicta a porcentaxe de estudantes que superen unha disciplina que se desvía de xeito pronunciado por exceso ou por defecto da media establecida para cada titulación, a Comisión de Oferta Docente e Innovación Educativa solicitará inescusablemente aos profesores responsables da materia un escrito sobre os motivos do resultado académico, e porao en coñecemento do decanato ou a dirección do centro.

A profesora Vázquez quere insistir no feito de que se solicite inescusablemente o escrito aos profesores responsables.

Doutra banda, M<sup>a</sup> José Vázquez quere lembrar que no Plan de Mellora anual do centro hai unha Acción de Mellora, a AMF2425-3. Incrementar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida, con la meta: Incrementar nun 20% a taxa resposta por parte do alumnado en cada titulación. E que no primeiro cuatrimestre non se levou a cabo ningunha actividade en relación con esta acción de mellora, polo que é importante que no 2º cuatrimestre non volva ocorrer o mesmo.

Non habendo preguntas nin asuntos que tratar a decana da por rematada a reunión.

Vº e praxe

O presidente

Enrique Manuel Cabaleiro Lago

O secretario

Ramiro Barcia Vieitez

|                                                                                                                                                                                |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015). |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

### Orde do Día

- 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior.
- 2.- Informes.
- 3.- Seguimento 2023-24: análise e aprobación dos informes de resultados das titulacións do centro e propostas para o plan de mellora.
- 4.- Aprobación, se procede, do Autoinforme de renovación da Acreditación Institucional.
- 5.- Rogos e preguntas.

### Relación de Asistentes

|                                |                                                                                         |   |
|--------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------|---|
| Asteria María Luzardo Álvarez  | Decana                                                                                  | P |
| Ramiro Barcia Vieitez          | Responsable de Calidade do Centro (RCC), Coordinador do Grao en Bioquímica e Secretario | P |
| José Manuel Martínez Ageitos   | Coordinador de Calidade do Centro                                                       | P |
| Concepción Gay González        | Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos                             | P |
| Jesús Antonio Casabiell Pintos | Coordinador do Grao en Nutrición Humana e Dietética                                     | P |
| Mª José Vázquez Vila           | Coordinadora do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais                      | P |
| Enrique Manuel Cabaleiro Lago  | Coordinador do Máster en Biociencias Moleculares                                        | P |
| Manuel Vázquez Vázquez         | Coordinador do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias  | P |
| Carlos Herrero Latorre         | Profesor do Grao en Bioquímica e do Máster en Biociencias Moleculares                   | P |
| Olga Díaz Rubio                | Profesora do Grao en Nutrición Humana e Dietética                                       | P |
| Juan Malde González            | Estudante do Grao en Bioquímica                                                         | P |
| Victoria Fernández Menéndez    | Estudante do Grao en Nutrición Humana e Dietética                                       | P |
| Noa Filgueira Piñeiro          | Estudante do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais                         | P |
| Jorge Rivera Gómez             | Representante Externo/a do Ámbito Profesional/Empresarial (COETIL)                      | P |

P – presencial

VC-videoconferencia Microsoft Teams

Ás 13:00 horas do día 23 de abril de 2025 reúnense na Aula 2 da segunda planta do centro os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

A decana informa que desculpan asistencia Eva Alonso López, Eugenio Fernández Carrasco, María Rodríguez Padrón, Mª Ángeles Romero Rodríguez e Andrés Vilaboa Díaz. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

#### 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior

A decana informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 23/01/2025, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación.

Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

## 2.- Informes

A decana indica que non hai ningún asunto sobre o que informar.

## 3.- Seguimento 2023-24: análise e aprobación dos informes de resultados das titulacións do centro e propostas para o plan de mellora.

En relación ao proceso de seguimento anual, as distintas comisións de títulos do centro, de acordo co proceso PC-05 Análise de Resultados e Mellora dos Programas do Manual de Procesos do Centro, analizaron os resultados obtidos, co obxecto de determinar se é preciso propoñer algunha acción de mellora, e elaboraron os correspondentes informes anuais de resultados. Estes informes, preséntanse para aprobación na Comisión de Calidade do Centro no marco do proceso PE-02 Revisión e Mellora, no que se realiza a análise global dos resultados do centro, do funcionamento do SGC e a través do que se elabora o plan de melloras incluído na memoria de calidade do centro.

A decana agradeceu o traballo dos coordinadores dos graos e dos másteres e cedeu neste momento a palabra aos coordinadores dos títulos para que comentasen os aspectos que considerasen máis relevantes dos informes anuais de resultados, e tras unha serie de comentarios realizados polos membros da reunión, en referencia sobre todo á revogación do MEPA e a precipitada e inxusta eliminación da oferta académica, **os asistentes acordan por asentimento aprobar os Informes Anuais de Resultados para o curso 2023-24 do grao en Bioquímica** que se acompaña como **ANEXO 1** a este acta, do **GEPQI** que se acompaña como **ANEXO 2** a este acta, do **GNHD** que se acompaña como **ANEXO 3** a este acta, do **MEPA** que se acompaña como **ANEXO 4** a este acta, e do **MINSTA** que se acompaña como **ANEXO 5** a este acta.

## 4.- Aprobación, se procede, do Autoinforme de renovación da Acreditación Institucional.

A continuación a decana, despois de agradecer o traballo realizado polo responsable de Calidade do Centro, polo coordinador de Calidade do centro e pola responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centro e Departamentos da Facultade de Ciencias, cede a palabra ao responsable de Calidade para que informe sobre a elaboración do autoinforme.

O responsable de Calidade explicou con brevidade as características da estrutura e contido do autoinforme, facendo referencia ás 5 Dimensións abordadas, cos seus respectivos Criterios e estes coas súas Directrices.

A continuación, informa de que o Autoinforme, unha vez aprobado pola Comisión de Calidade, será remitido á Sección de Calidade da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización para a súa revisión, polo que solicita á Comisión a delegación no responsable de Calidade, no coordinador de Calidade, na responsable da Unidade de apoio á Xestión e na decana, para realización no mesmo dos cambios que sexan solicitados por esta Sección, o cal é aprobado polos asistentes por asentimento.

Adicionalmente a decana comenta que a versión final do Autoinforme, que será a que avalíe a comisión de avaliación externa, deberá presentarse antes do 15 de maio de 2025.

Por último, a decana somete o Autoinforme de Renovación da Acreditación Institucional á aprobación dos membros da Comisión, resultando aprobado por asentimento e que se acompaña como **Anexo 6** á presente acta.

### 5.- Rogos e preguntas.

A decana comenta que no Plan Estratéxico 2024-26, para o curso 2024-25 está recollida unha Acción de Mellora (AMF2425-3: Incrementar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida) co obxectivo de potenciar a implicación dos grupos de interese nos procedementos de xestión da calidade, e abre un debate para coñecer cales son as opinións dos membros da comisión sobre as accións para realizar para conseguir incrementar a participación do estudantado.

Na rolda de intervencións, na cal houbo unha ampla participación dos estudantes, coméntase que nalgún dos graos a asistencia a clase neste momento é moi baixa e iso complica a participación nas enquisas xa que é máis difícil a interacción cos estudantes e hai un maior temor a que o anonimato das enquisas non sexa real.

Por outra banda, propónse que os coordinadores vaian ao principio das clases expositivas e/ou interactivas a informar os estudantes da importancia que ten a información recollida nas enquisas para o seguimento e a mellora das titulacións do centro. Mesmo se propón que tras o primeiro mes do curso académico se faga unha sesión informativa para dar a coñecer a todo o estudantado a importancia das enquisas de satisfacción no desenvolvemento das titulacións e tamén o contido dos informes de resultados e as análises realizadas.

Non habendo preguntas nin asuntos que tratar a decana da por rematada a reunión.

Vº e prace

A decana

Asteria María Luzardo Álvarez

O secretario

Ramiro Barcia Vieitez

|                                                                                                                                                                                |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015). |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

## Orde do Día

- 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior.
- 2.- Informes.
- 3.- Aprobación se procede do Informe do Plan de Acción Titorial curso 2023-24 e do Plan de Acción Titorial curso 2024-25.
- 4.- Aprobación se procede do Informe do Plan de Captación curso 2023-24 e do Plan de Captación curso 2024-25.
- 5.- Informe de Incidencias da Facultade de Ciencias curso 2023-24.
- 6.- Rogos e preguntas.

## Relación de Asistentes

|                                         |                                                                                         |   |
|-----------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------|---|
| Asteria María Luzardo Álvarez           | Decana                                                                                  | P |
| Ramiro Barcia Vieitez                   | Responsable de Calidade do Centro (RCC), Coordinador do Grao en Bioquímica e Secretario | P |
| José Manuel Martínez Ageitos            | Coordinador de Calidade do Centro                                                       | P |
| Concepción Gay González                 | Responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamentos                             | P |
| Manuel Vázquez Vázquez                  | Coordinador do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias  | P |
| Carlos Herrero Latorre                  | Profesor do Grao en Bioquímica e do Máster en Biociencias Moleculares                   | P |
| Olga Díaz Rubio                         | Profesora do Grao en Nutrición Humana e Dietética                                       | P |
| Eugenio Fernández Carrasco              | Profesor do Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais                          | P |
| M <sup>a</sup> Ángeles Romero Rodríguez | Profesora do Máster en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias    | P |

P – presencial

VC-videoconferencia Microsoft Teams

Ás 13:00 horas do día 21 de xullo de 2025 reúnense na Aula 2 da segunda planta do centro os membros da Comisión de Calidade arriba relacionados co fin de tratar os asuntos da orde do día antes indicados.

A decana informa que desculpan asistencia Jesús Antonio Casabiell Pintos, Valeria Fernanda Esteban Galvis, Victoria Fernández Menéndez, M<sup>a</sup> José Vázquez Vila e Andrés Vilaboa Díaz. A continuación comeza cos puntos da orde do día.

### 1.- Aprobación se procede da acta da sesión anterior

A decana informa de que xunto coa convocatoria desta Comisión se remitiu a acta da sesión anterior de data 23/04/2025, co obxecto de que os membros tiveran a oportunidade de revisala detidamente antes de proceder a súa aprobación.

Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes a acta é aprobada por asentimento.

### 2.- Informes

A decana indica que polo momento aínda non se dispón da data exacta da visita da comisión externa para a renovación da acreditación institucional que será despois do verán.

### **3.- Aprobación se procede do Informe do Plan de Acción Titorial curso 2023-24 e do Plan de Acción Titorial curso 2024-25.**

A decana sinala que o Informe do Plan de Acción Titorial realizouse en base aos informes anteriores, achegando as novidades do curso 2023-24.

As actividades dos estudantes titores son similares ás realizadas en anos anteriores, aínda que cabe sinalar que neste curso tiveronse moitas dificultades para que os estudantes se apuntaran como estudantes titores, polo que non se debe abandonar a idea de realizar algún tipo de acción coa finalidade de fomentar a participación dos estudantes.

O Plan de Acción Titorial do curso 2024-25, tamén presenta un formato similar ao de cursos anteriores e do mesmo xeito que o que se indicou no Informe do Plan de Acción Titorial, non se debe esquecer seguir fomentando a participación dos estudantes en todas as actividades relacionadas co centro.

Non habendo ningún reparo por parte dos asistentes, tanto o Informe do Plan de Acción Titorial do curso 2023-24 como o Plan de acción Titorial do curso 2024-25 son aprobados por asentimento e achegándose á acta como **Anexos 1 e 2** respectivamente.

### **4.- Aprobación se procede do Informe do Plan de Captación curso 2023-24 e do Plan de Captación curso 2024-25.**

A decana informa que neste caso, a dinámica do Plan de Captación foi moi similar á de cursos anteriores. No Informe do Plan de Captación curso 2023-24, recóllense a celebración das Xornadas de Portas Abertas ou as charlas temáticas que imparten nos centros de ensino secundario profesores do centro.

Con respecto ao Plan de Captación do curso 2024-25, a decana sinala que tamén presenta un formato similar ao de cursos anteriores, e reflexiona sobre a forma de articular algunha medida que dea información sobre os resultados das diferentes actividades de captación realizadas desde o centro.

A decana somete a aprobación o Informe do Plan de Captación do curso 2023-24 e o Plan de Captación do curso 2024-25 quedando aprobados por asentimento e achegándose á acta como **Anexos 3 e 4** respectivamente.

### **5.- Informe de Incidencias da Facultade de Ciencias curso 2023-24.**

Os recursos que se reflicten no primeiro apartado foron recibidos na Oficina de Análise de Reclamacións da USC (OAR). Trátase de recursos relacionados cos procesos de Xestión Académica, certificados, etc., que son os que serven de base á medición dos indicadores de calidade, e que resultan necesarios para o seguimento e renovación do sistema de Xestión de Calidade do que dispón a área académica da USC.

O número de reclamacións, recursos, queixas e suxestións presentados adoita ser pequeno e no curso 2023-24 foi de 2 recursos e 1 reclamación.

Ademais das recollidas pola Oficina de Análise e Reclamacións da USC que se acaban de sinalar, no curso 2023-24 recibíuse tamén unha reclamación ao Valedor da Comunidade Universitaria, relacionada coa calidade da docencia no grao en Nutrición Humana e Dietética.

O Informe de Incidencias da Facultade de Ciencias curso 2023-24 achégase a acta como **Anexo 5**.

**6.- Rogos e preguntas.**

Neste punto non houbo intervencións.

Sen máis temas que tratar a presidenta da por rematada a reunión.

Vº e praxe

A decana

Asteria María Luzardo Álvarez

O secretario

Ramiro Barcia Vieitez

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).